



SESION ORDINARIA DE 29 DE DECEMBRO DE 2020

(Acta número 13)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e nove de decembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Imos dar comezo á última sesión ordinaria do ano 2020, e pedimos tamén que sexa un adiós a un ano que creo que non recordaremos moi ben.

Dito isto, ven vostedes que teñen uns novos sistemas telemáticos, e dicirllles que polo tanto as votacións non se farán a man alzada senón que xa teñen aí uns dispositivos de “si”, “non” ou “abstención”, en función do que queira cada deputado ou deputada e, aínda que estas cousas hai que ir perfilandoas, nun tempo prudencial de dez segundos temos que ter votado todos para recontar a votación; así que con pulsar cadaún o botón do que desexe votar en cada momento xa estaría.

Dicirllles tamén, para que cada voceiro que vaia intervir se organice para falar, que na primeira intervención de seis minutos, que se poderá ver nas pantallas, cando chegue a dous cambiará a ambar, e cando chegue a un porase en vermello. En canto ó tempo do segundo turno, porase en ambar cando falte un minuto e en vermello cando falten trinta segundos. E os turnos de peche, como é só un minuto, cambiará a ambar cando queden trinta segundos e a vermello cando queden dez; de xeito que cada intervinente poda organizar o seu tempo e dicir aquilo que considere máis relevante en cada intervención.

Neste momento estanme dicindo que o Sr. Alcalde do Vicedo, e Deputado Provincial, tivo un accidente cando se dirixía a este Pleno, e que polo tanto non está aquí presente debido a iso, espero e desexo que non teña maior problema, e un saúdo de todo corazón para o Alcalde do Vicedo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO, E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de novembro e á acta da sesión



extraordinaria celebrada o día trinta de novembro de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Vista o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“1.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 36 (parágrafo 1º) establece que:

“1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:

a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.

b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.””

E no parágrafo segundo, concreta:

“2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a e b do número anterior, a Deputación:

a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente,

as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...”

II.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

III.- O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

IV.- Tendo en conta devandita normativa, malia que outro ano mais non se recibiu nesta Deputación comunicación de axuda ningunha, nin do Estado nin da Comunidade Autónoma, referente ao Plan Provincial para 2021, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, que seguindo as liñas marcadas desde o 2017, vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.

A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

V.- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilizando o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a



planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

V.- O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 supón unha consolidación da profunda reformulación iniciada no exercicio 2017, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan Provincial Único que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

VI.- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan único potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son vinte e un millóns e medio de euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.

Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases do Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2021 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

2º.- Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Provincial de cooperación cos Concellos 2021 no BOP e participalo a todos os Concellos.

3º.- Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.

4º.- Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Como vostedes ben saben a aprobación do Plan Único, neste caso as bases do Plan Único para o ano 2021 sen dúbida é unha boa nova para os 67 concellos desta provincia, e por elo tamén é unha boa nova para os veciños e veciñas da provincia de Lugo.

Dentro do noso compromiso, deste goberno provincial, de máxima cooperación cos concellos, cada ano tratamos de incorporar melloras ó Plan Único melloras pensadas para facilitarles ós concellos a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas. Esta máxima de cooperación cos concellos combínase coa obriga de mellorar na xestión dos fondos públicos da Deputación de Lugo, realizando cada ano unha xestión máis eficiente.

Neste ano 2020 abriamos unha nova liña para que os concellos puideran promover medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da covid-19, e nesta ocasión volvemos incorporar melloras no Plan Único de cara a un ano no que os concellos necesitan maior colaboración para combater a crise provocada pola pandemia e favorecer a recuperación social e económica.



En concreto quero destacar únicamente catro novidades que introducimos no Plan Único para o ano 2021. A primeira delas é que aumentamos a dotación económica do Plan Único ata acadar os 21 millóns e medio, 200.000 euros máis ca na anualidade anterior, unha cantidade que sumada á do 2020 supón xa medio millón de euros máis en dous anos.

Con esta decisión de incrementar o Plan Único seguimos reforzando o principal instrumento de cooperación cos concellos co que conta a Deputación, e isto é especialmente importante nun ano no que os concellos teñen máis necesidades polos efectos da crise sanitaria, sobre todo aqueles máis pequenos nos que boa parte da actividade depende dos recursos económicos que aporta a Deputación; nun ano no que ademáis as particularidades de cada concello poden ser claramente diferentes das do concello do lado. Con esta decisión tamén cumprimos co recollido no pacto de goberno de incrementar progresivamente o orzamento do Plan Único na medida das posibilidades.

A segunda novidade que lles quero comentar é que o Plan Único da Deputación de Lugo non se aprobou nunca antes con tanta antelación; por primeira vez dende que existe este plan aprobaremos as bases no ano anterior ó seu período de vixencia, cremos que isto é moi importante para os concellos porque lles vai permitir traballar con moita maior previsión, poderán empezar antes as obras, nos meses de primavera ou de verán, a época máis axeitada para facelo, poderán ter esas obras en marcha, e tamén terán máis tempo para executar as actuacións que financian con cargo ó Plan Único, de feito prevemos abrir xa a principios do mes de xaneiro o prazo para que poidan presentar os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, cando nos últimos anos o prazo víñase abrindo na primavera.

A terceira cuestión é outra decisión que vai axudar ós concellos a aproveitar mellor o Plan Único, e é que poderán imputar con cargo a estes fondos os gastos de contratación de persoal dende principios de ano. Isto vai favorecer a creación de postos de traballo, e facelo dende primeiros de ano é unha medida que terá un carácter permanente no tempo, pero que o vindeiro ano será especialmente importante para contribuir á recuperación do mercado laboral.

E por último, e en cuarto lugar, outra das grandes novidades do Plan Único 2021 e que, dentro da liña Covid, abrimos unha nova vía para que os concellos poidan ofrecer apoio ó sector servizos, á hostalería, ó turismo e ó comercio, actividades que resultaron dos máis gravemente afectados polo impacto da pandemia, e que son o músculo da actividade económica da provincia.

Con esta nova medida volvemos demostrar que as políticas da Deputación de Lugo están pegadas á realidade da provincia e que axudan a recuperar os sectores produtivos dentro das competencias que ten esta Institución e cos recursos dos que dispón.

Estas son as principais novidades do Plan Único 2021, que polo demais mantén a esencia como é a distribución dos fondos en función de criterios públicos obxectivos como son a poboación, a superficie, a dispersión territorial, ou a taxa de envellecemento. E como en anos anteriores fíxase un máximo de 500.000 euros para os Concellos que teñen máis habitantes, e de 200.000 euros para os Concellos que teñen menos; é dicir, reparto de fondos públicos con criterios obxectivos, práctica sen dúbida desexable para poñer en marcha dende calquera administración e que se bota en falta nalgunhas, e que redundaría, ó igual que pasa co Plan Único, na cohesión social e no equilibrio territorial, que tanto demandamos e creo que todos estamos convencidos de que necesitamos nesta provincia”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Comunicarlles ás señoras e señores Deputados que me acaba de achegar a señora Secretaria un informe que contén dúas correccións de erros que son os seguintes:

En primeiro lugar, na base 11 relativa aos aforros, no apartado de Programa de Investimentos, pax. 17, indicase por erro, “...executaranse antes do 30 de setembro de 2022 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2022..”; debendo indicarse: “... executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022..”

E en segundo lugar, na base 18, relativa á xustificación, no apartado 18.3 de Programa de Fomento de emprego, pax. 24, indícase “...(agás os pagamentos correspondentes ao mes de setembro)”; debendo oíndicarse: “...(agás os pagamentos correspondentes ao mes de outubro...)”.



Estes son os dous erros que se detectaron e que se corríxen”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Non sería xusto iniciar este debate do Plan Único sen felicítalo antes, e felicitámolo con toda sinceridade porque efectivamente o que di a voceira do Grupo Socialista que é importante que isto se aprobe antes do remate do exercicio e de que comece o seguinte, algo que lle pedíramos no anterior pleno de aprobación do Plan Único porque viñera moi tarde e iso traía moitas complicacións, e isto axudará bastante a xestionalo e sobre todo os trámites de prazos e de seguridade xurídica.

Pero igual que felicitamos ó equipo de goberno polo prazo, tamén é verdade que lle dicimos que non poden estar satisfeitos; poderían estar satisfeitos se viñeran aquí cun Plan Único consensuado con tódolos Grupos, pero especialmente tamén co Grupo maioritario desta Corporación, que é o Partido Popular; o Partido Popular entérase de que se van aprobar as bases unha vez máis pola prensa, moi similar ós orzamentos.

Polo tanto esa é unha cousa que ten pendente vostede, señor Presidente, o consenso e tratar de buscar acordos co Partido maioritario, que somos o 48% desta Cámara; igual que fixo o seu antecesor, o señor Campos, que no seu día, a iniciativa do Partido Popular, precisamente naceu o Plan Único, por un acordo entre o Partido Socialista e o Partido Popular. Digo isto porque é o que votamos en falta de vostede. Nos orzamentos afastounos desta posibilidade, e faino tamén agora no Plan Único.

Tampouco pode estar satisfeito porque incumpre a súa promesa de subir o 25% o Plan Único, conxélao, sobe practicamente o 1% que son eses 200.000 euros; e qué mellor momento para subir o Plan Único que o ano 2021 precisamente para facelo porque é un ano especial, pero vostede segue na súa continuidade, e entendemos que iso é malo para a provincia de Lugo. Podía aprender da Xunta de Galicia que sobe un 15% os seus orzamentos; ou o ten tamén moi fácil, dos seus compañeiros da Coruña que soben nun 37% este ano o Plan Único, pasando de 47 a 64 millóns.

Na Coruña o Plan Único significa un 35% con respecto ós orzamentos da Deputación; en Lugo o Plan Único significa un 23%, mire vostede onde está a diferenza. E non se compare xa tampouco con Pontevedra que ten un 25%.

Vostede non quere subir o Plan Único e nós entendemos que é por unha razón clarísima, porque lle gusta moito máis dar eses convenios á carta, eses convenios a dedo, nos que gratifica ós seus concellos e penaliza, ou lle aplica a carta de racionamento ós concellos do Partido Popular. No seu día neste ano nós solicitamos para o anterior Plan 700.000 euros de suba, e nos dicían que non podía ser porque non se cumpría a estabilidade, despois iso non foi certo porque se aprobaron a posteriori uns convenios por 3,5 millóns de euros a cargo dos remanentes. Nós o que propoñemos é precisamente que eses 3,5 millóns de euros que vostede usa para eses convenios extraordinarios que os meta no Plan Único, sobre todo nun momento extraordinario.

Repito, a vostede gústalle máis o reparto discrecional que o reparto obxectivo que fai o Plan Único, e a proba é que deses case cinco millóns de euros que gastou en convenios discrecionais o 50% foron para o PSOE, o 15% para o BNG, cando gobernan en catro concellos, e o 3% para o Partido Popular. Ese é o reparto que lle gusta ó Presidente e ó equipo de goberno.

Tamén é ben certo que non nos gusta que eliminen as prórrogas, cando se fixo o Plan Único había pactadas dúas prórrogas con Elena Candia, o ano pasado suprimiuse xa unha, e este ano suspende a capacidade dos concellos para pedir prórroga. Sabe cantos concellos pediron prórroga o ano pasado?, 32 concellos, que este ano non poderán facelo, e aí cremos que vai haber problemas.

En resumo, o Partido Popular vai absterse no caso de que non se lle teña en conta esa emenda de subir o Plan Único ata os 25 millóns de euros, porque se pode, xa que efectivamente vostede vai ter remanente e vai ter incluso fondos europeos este ano, e non gaste ese diñeiro en fondos discrecionais que entendemos que a día de hoxe xa están pasados. Se se acepta esa emenda de subir ata os 25 millóns de euros, o Partido Popular votará a favor, a pesares de que non se contou para nada co Grupo Provincial do Partido Popular, o Partido maioritario, senón en todo caso o Partido Popular vaise abster porque si que entendemos que é un Plan importante, e por suposto



cremos na autonomía dos concellos, e os concellos con este diñeiro van poder facer unha serie de inversións que lles veñen moi ben; tamén é ben certo que entendemos que podía ser moito maior”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu quero empezar dicindo que hoxe é un bo día para a provincia, un bo día para os concellos da provincia de Lugo porque, como falaba anteriormente a compañeira Pilar Porto, é a vez que máis pronto se trae a aprobación o Plan Único, e iso supuxo un esforzo do equipo de goberno e dos técnicos desta Casa, aos que hai que felicitar porque, como ben se dicía, era unha demanda dos concellos, e aqueles que xestionan saben que vai facilitar moito poder gastar en tempo e forma ese diñeiro; un avance para os concellos que é para o que estamos aquí. Polo tanto esa primeira lectura, hoxe é un bo día para tódolos concellos e para esta Deputación.

Eu quedei un pouco sorprendido coa intervención do voceiro do Grupo do Partido Popular, o señor Castiñeira, porque veu presumindo dunha paternidade dun Plan Único, que xa lle dixen moitas veces que é curiosísimo que haxa catro Deputacións, tres gobernadas polo BNG e PSOE onde hai Plan Único con diferentes nomes, e na que goberna o Partido Popular nada; de feito na súa propia explicación púxonos exemplos das Deputacións que gobernan os nosos compañeiros, retorcendo tamén os números porque non son de todo reais tal e como os di vostede; que significa iso?, que a marca de reparto con criterios obxectivos dos fondos públicos é dos gobernos do BNG e do PSOE, porque non foi capaz de citar un do Partido Popular, porque foi vostede quen falou dos gobernos dos nosos compañeiros. Polo tanto está claro como se reparten os fondos de forma obxectiva cando goberna cadaquen; vostede mesmo se delatou.

Despois fala tamén de negociar, o Partido Popular só pide negociar cando non goberna, porque se goberna non negocia con ninguén nada, e xa se viu cando gobernaron en Madrid, hoxe na Xunta de Galicia, non negocian nada; a democracia trátase de maiorías, e cando se negocia é para sumar maiorías, e se hai unha maioría para sacalo é igual de democrático, pero que a vosetdes só lles parece democrático se gobernan vostedes.

Fala tamén da posibilidade de subir o Plan Único; mire, se esta Deputación non tivera que asumir os custes das residencias de maiores desta provincia, polo abandono da Xunta de Galicia, que son sete millóns de euros, poderían ir gran parte deles ó Plan Único. Eu fágolle unha proposta, a Xunta de Galicia que se faga cargo das súas competencias e manteña as residencias de maiores e deixe de abandonar a un sector tan desprotexido desta provincia e tan maioritario, e nós subimos o Plan Único; pero o que non pode facer a Deputación é cubrir as eivas da Xunta de Galicia e subir o Plan Único. E iso só por falar desta, porque hai máis competencias da Xunta de Galicia que estamos a cubrir, como pode ser a rede museística ou moitos exemplos máis.

E vostede vén aquí predicando, pero onde están as propostas da Xunta de Galicia?, canto aporta a Xunta de Galicia ás residencias de maiores?, nada. E repito, fágolle a proposta, segundo vaia collendo as competencias que lle son propias, imos subindo o Plan Único; pero o que non pode facer a Deputación é todo o traballo.

Polo tanto volvo dicirlle, o Plan Único é marca dos gobernos do BNG e do PSOE, o reparto con criterios obxectivos dos fondos públicos é marca dos gobernos do BNG e PSOE, e a marca do Partido Popular é o reparto a dedo, tanto na Xunta de Galicia como na Deputación na que gobernan. Así que eu creo que debería revisar a súa intervención porque se pegou un tiro no pé ao ser capaz só de poñer exemplos de gobernos onde non está o Partido Popular; niso concordamos toda esta parte do hemiciclo con vostede; están moito mellor xestionadas as Deputacións de Pontevedra, A Coruña, e Lugo, ca de Ourense, e xa nolo di vostede. Polo tanto miren para nós e vexan que dende un lado se fan ben as cousas e dende outro o que fan é repartir os fondos públicos a dedo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Segundo o fio da intervención do compañeiro do BNG, que veña o Partido Popular dicir aquí que se sente pai do reparto de fondos con criterios obxectivos, a verdade señor Castiñeira é que teñen vostedes bastante valor, porque puxo aquí exemplos como lle acaba de dicir Efrén, de Deputacións gobernadas polo Partido Socialista e gobernadas polo Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego.



Podemos falar doutros exemplos, podemos falar da Deputación de Ourense, que sendo a única Deputación en Galicia que vostedes gobernan é a única que non ten Plan Único, e por certo tamén a que menos fondos pon a disposición dos concellos con criterios obxectivos, cincuenta mil euriños para cada concello é o que dispón a Deputación de Ourense, cun orzamento similar á de Lugo, con criterios obxectivos a disposición dos concellos.

Pero podemos poñer máis exemplos, podemos poñer o propio exemplo da Xunta de Galicia, que lles vai servir para máis dunha cousa, para o reparto con criterios obxectivos que dende logo non son ningún exemplo; e tamén nos serve para ese punto que di vostede tan importante de incrementar o Plan Único, porque se tomamos o modelo da Xunta de Galicia nin criterios obxectivos, nin conxelar, e moito menos incrementar como fixemos; eu recórdolle que a Xunta de Galicia o que fixo foi reducir as transferenzas a concellos nun 6,4% neste orzamento do que vostede presume que soben; 5,4 millóns de euros menos a disposición dos concellos por parte da Xunta de Galicia, igualiño cá Deputación de Lugo, señor Castiñeira.

E por outra banda, a mín tamén me gustaría dicirlle que neste ano tamén reduciron o PEIM nun 50%, esa é a política do Partido Popular, da que vostedes non poden presumir evidentemente, pero a nós non nos comparen tampouco porque o modelo non é o mesmo.

E eu doume conta, señor Castiñeira, de que vostede vive un tanto anclado no pasado, e eu dígolle que correr detrás do pasado e coma quen anda detrás do vento, non serve para moito. E ademáis tamén me dou conta doutra cousa, vostede escolleu ese pasado do seu Partido nesta Institución coma un repouso, para descansar como voceiro, e dende logo, na miña humilde opinión, non é o mellor camiño, porque eu creo que como vostede presume de ser o Grupo maioritario podería traballar moito máis e facer aportacións ó Plan Único, en lugar de sacar notas de prensa intentando desacreditar ó Presidente da Deputación, que dende logo non é o mellor camiño para a oposición; pero cadaún escolle como quere”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que teñen moi poucos argumentos, porque se dende esa bancada aproveitan os seis minutos para criticar á oposición á que non foron capaces de chamar, a verdade é que vostedes non deben estar moi contentos co Plan Único.

Vostede fala de que incrementa o Plan Único, non o incrementan, conxélano practicamente; subir menos do 1% non é incrementar o Plan Único.

E citaban o pacto de goberno, pois nese pacto de goberno falaban do 25%, e isto non o di o Partido Popular senón que o dicían vostedes mesmos, dicíao o Presidente.

Por outra banda, se vostedes queren apoiar ós autónomos, poñan fondos para apoiar ós autónomos, non lle quiten ós concellos do Plan Único para que se os concellos queren dos seus fondos podan subvencionar ós autónomos; iso está ben pero efectivamente vaise condicionar a que os concellos o podan facer ou non. Vostedes suplementen eses 3,5 millóns de euros que nós lles dicimos única e exclusivamente para os autónomos, e con elo resarciríanse de ter votado no seu día en contra do plan poscovid que propuxo o Partido Popular.

Señor Castro, fala vostede das residencias, hoxe casualmente viña na prensa un especial importante das residencias, a verdade é que son moitos especiais os que vostedes fan, supoño que están bastante contentos con esa xestión das residencias porque propaganda dende logo que a fan, creo que se lles quitan as residencias pouco terían que vender nestes últimos anos.

Fala da Xunta de Galicia, novamente volvemos á Xunta, pois a Xunta de Galicia este ano incrementa a inversión por lucense, chega a 4.750 euros por lucense, é a Administración que máis inviste en cada lucense, e non se compare; compárense co Goberno do Estado que os deixa sen estradas, que ningunea a esta Deputación e que non lles fai caso, pero coa Xunta de Galicia dende logo que non.

Nós cremos que agora é o momento ideal, o ano 2021 precisamente, para reforzar o Plan Único, vano poder facer porque van ter disposición dese remanente, o que pasa é que o queren usar despois para eses convenios *ad hoc* que fan vostedes, e que despois o Partido Popular queda cun 3%, ó BNG tendo catro concellos danlle 730.000 euros, e o PSOE colle a metade deses fondos; iso



era moito máis interesante no Plan Único, seríamos moito máis xustos, e aí terían o Partido Popular.

E claro que o Partido Popular solicitou no seu día que se fixera un Plan Único, e vostede estaba no pacto, señora García”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Castiñeira, vostede hoxe tiña un papel difícil no debate do Plan Único, e saíu perdendo, pegouse un tiro no pé na primeira intervención buscando exemplos de gobernos da mesma cor có desta Deputación; e agora falando dos repartos a dedo, a vostede que lle gusta tanto falar da lexislatura anterior, a señora Candia, á que vostede substitúe como voceira, creo que ten o record do mundo en reparto de fondos a dedo en tempo, nuns meses; porque vén vostede falando dunhas cousas que vostedes despois non aplican, porque cando gobernan vostedes fan todo o contrario do que está dicindo aquí.

E despois xa a desfachatez de que a Xunta abandoe ás persoas maiores desta provincia, e que a vostedes lles pareza mal que, tras ese abandono, a Deputación tome a decisión de buscarlles un sitio digno para pasar os seus últimos anos da vida, xa me parece que como non ten argumentos ten que atacar; que lle parece mal?, que esa xente teña unhas residencias onde estar?, expliquen que lles parece mal dese sistema. Porque a mín o que me parece mal é que sexa unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e que teñan que ser fondos da Deputación os que o fagan, pero como é o máis importante que temos decidimos investir eses fondos nesas persoas; e se a Xunta fixera as súas funcións habería máis diñeiro para outras cousas.

Fálanos de medidas para os autónomos, pois que as faga a Xunta tamén, porque máis aló de moita publicidade; fale vostede cos autónomos a ver canto diñeiro recibiron da Xunta; e está aquí dicindo que a Xunta inviste máis diñeiro por habitante na provincia de Lugo cá Deputación, e que senón malo, e que estamos falando de dúas Administracións e dous orzamentos completamente diferentes.

E o que lle dicía ó principio, vostede chegaba aquí cun papel moi difícil, porque evidentemente en público teñen que defender os plans únicos aínda que despois cando gobernen non o fagan, e ten que buscar exemplos fóra do Partido Popular.

Polo tanto, e como comezaba a miña intervención, hoxe é un bo día para os Concellos da provincia, avánzase no Plan Único tanto na suba deses 200.000 euros coma na aprobación anticipada do Plan Único, polo tanto os Concellos van poder dispoñer moito antes deses fondos e vai ser un bo ano para poder xestionar despois dunha crise tan difícil como foi a do Covid”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nós si que asistimos a un especial sobre a Xunta de Galicia pleno tras pleno, señor Castiñeira.

E voulle facer unha proposta, voulle dicir que, cando vostede teña ocasión de ver ó Presidente da Xunta de Galicia, lle diga que faga cos orzamentos da Xunta de Galicia un Plan único coma o da Deputación de Lugo, e que o conxela, válenos. E sabe canto supón un plan único da Xunta de Galicia de inversión para esta provincia?, dous mil cento cincuenta millóns de euros.

Iso é o que lle debería dicir vostede ó Presidente Feijóo, un plan único de 2150 millóns de euros en números redondos, para facer un plan único; e así poderíamos falar máis seriamente vostedes e os que estamos deste lado defendendo ese reparto de fondos para todos igual. Que por certo, nesta provincia, sumando o deste ano, xa supoñen noventa e cinco millóns de euros de inversión nos anos que leva de vida o Plan Único. Eu creo que esta é unha cifra para ter en conta, e que ademais este ano vai permitir que os Concellos xestionen máis rápido e mellor”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Hoxe, agás que don Javier, dentro desa amizade que nos une, me invite a participar, e como temos un pleno longo, procurarei non intervir moito.



Señor Castiñeira, vostede cando estaba escoitando agora á voceira do Grupo Socialista ría, e é normal que ría, porque vía que o que vostede está dicindo non se sostén. Mire, a inversión por habitante en Lugo, e non se poden facer trampas ó solitario, porque se dividimos o mesmo diñeiro, incluso menos, por menos habitantes dá máis, eu estou seguro de que vostede sabe facer esa división, dá mais con menos diñeiro incluso, así que non nos conte eses contos.

Logo vexo que, e hai medicinas para iso, ten vostede lagoas de memoria, porque curiosamente nomeou a tres Deputacións, Lugo, A Coruña, e Pontevedra, pero esqueceu Ourense, pois esas lagoas non son saudables politicamente.

E logo compara vostede orzamentos da Deputación de Lugo coa Deputación da Coruña ou da de Pontevedra, pero vostede non sabe que nos duplican amplamente no orzamento?, que teñen máis do dobre de orzamento cá Deputación de Lugo?.

E a Xunta di que sobe un 15% o presuposto este ano, pero de onde veñen eses fondos señor Castiñeira?, mil cen millóns máis do Estado, e endebedase para subir a débeda pública, que en Galicia está pola nube onde nunca estivo, en máis de setecentos millóns máis este ano. E se nós facemos o mesmo proporcionalmente tamén podíamos aumentar o presuposto, pero non podemos señor Castiñeira.

E eu xa non vou falar do que fixeron vostedes en catro meses, pero pódolle falar da Xunta onde queira, en relación co reparto discrecional se nos fixamos no PP nós somos uns aprendices, estamos aínda en primeiro de párvulos, comparado con vostedes estamos claramente aprendendo.

Así que don Javier vostede pode criticar o Plan Único pero dicir cousas que sexan verdade, porque inventar cousas que non son verdade con iso non van a nigras”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. José Luis Raposo Magdalena.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DO DESLINDE DO MONTE DE “TOR”.

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta en relación co asunto que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“Dende a Excma. Deputación Provincial de Lugo con data 15 de xullo do 2019, procédese ao inicio das actuacións necesarias para esclarecer a propiedade de titularidade provincial.

O deslinde do monte chamado “TOR”, situado na parroquia de San Xoán de Tor, terá por obxeto delimitar as leiras e declarar a posesión de feito sobre as mesmas, así como trasladar a correcta identificación, tanto descritiva como gráfica, á Xerencia da Dirección Xeral do Catastro.

O deslinde está contemplado no Código Civil e tanto a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (B.O.E. nº 280, 22 de novembro de 2003) como a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (D.O.G. nº 140, do 23 de xuño do 2012), regulan o procedemento do deslinde dos montes situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, terase en conta na execución deste expediente o recollido no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

As leiras as que afectará o deslinde están situadas na Parroquia de San Xoán de Tor, no Concello de Monforte de Lemos, coas seguintes Referencias Catastrais:

Parcela 27031A051000510000YD

Parcela 27031A051000540000YJ

Parcela 27031A051000600000YZ



Á vista de todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo que adopte o seguinte acordo:

Aprobación do inicio do expediente do Deslinde do monte denominado “TOR”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Traemos hoxe a pleno unha proposta para iniciar o expediente do deslinde do Monte de Tor. Como está reflectido no expediente, a Deputación de Lugo é titular de tres parcelas catastrais ubicadas no concello de Monforte de Lemos, na parroquia de San Xoan de Tor; a parcela 51, a 54 e a 60, todas elas do polígono 51.

O obxecto desta proposta é a delimitación das parcelas e a declaración da posesión de feito sobre as mesmas, para posteriormente trasladar a identificación, tanto descritiva coma gráfica, á Xerencia Territorial do Catastro.

Esta delimitación entendémola necesaria dada a falta de concordancia entre os titulares, neste caso a Deputación Provincial de Lugo e o Monte Comunal de Veciños de San Xoan de Tor, sobre a delimitación das mencionadas parcelas e as discrepancias entre a cartografía que delimita os montes veciñais en man común elaborada pola Xunta de Galicia, e a delimitación catastral entre Tor e Ferroedo.

É por tanto un procedemento necesario para clarificar as dimensións e os lindes das parcelas. E tódolos datos técnicos ós que me refiro están reflectidos na correspondente proposta que hoxe traemos para aprobar inicialmente, e que tódalas deputadas e deputados temos á nosa disposición”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Entendemos que é un documento técnico, pero como ben dixo o señor Deputado existen uns colidantes, esperemos que con ese documento se resolvan as cousas e se chegue a un acordo polas boas para que non se abra unha fricción con esta comunidade.

Polo resto, evidentemente se hai documentos técnicos e son favorables a esta aprobación, o Partido Popular vai votar a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Pouco máis que engadir, é unha proposta para iniciar un trámite, e corrixir os datos incorrectos que figuran nunha finca que está no patrimonio desta Institución, e calquera aportación ou aclaración poderase facer posteriormente no período de exposición pública”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que o señor Deputado D. José Luis Raposo Magdalena ausentouse da sesión, o que se considera para os efectos de votación coma unha abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 23 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 1 (correspondente ó señor Deputado D. José Luis Raposo Magdalena que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

4.- PROPOSTA PARA A HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN Ó PERSOAL SUBROGADO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.



Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

I.- PROPOSTA APROBADA NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Con data 15 de decembro de 2020 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación desta Entidade para tratar entre outros asuntos a “Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación”. Despois das reunións celebradas os días 15 e 16 deste mes, a proposta definitiva ten o seguinte contido:

“1.- ANTECEDENTES RESPECTO A INCORPORACION DO PERSOAL DA EXTIGUIDA FUNDACIÓN TIC Á DEPUTACIÓN COMO CONSECUENCIA A DA CONTINUACIÓN DA ACTIVIDADE DE AQUELA POLA DEPUTACION PROVINCIAL.

1.1 ACORDOS DA DEPUTACIÓN

- Acordo Plenario de 31 de xullo de 2018 polo que se aproba a proposta de extinción da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018 polo que se aproba a extinción da Fundación TIC, e a asunción das súas competencias, actividades e servizos por parte da Deputación. Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento.
- Proposta de calendario para a xestión da plena integración do persoal do servizo de audiovisuais provinte da Fundación TIC no convenio colectivo único do persoal laboral.

A proposta de calendario para a plena integración do persoal do Servizo de Audiovisuais sinalaba:

Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018, que sinala:

“Criterios para a integración do persoal laboral da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo .

A integración do persoal laboral da Fundación TIC rexerase polos seguintes criterios:

1.- A integración non extinguirá a relación laboral. A Deputación Provincial de Lugo quedará subrogada nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social da Fundación,

e, en xeral, cantas obrigas en materia de protección social complementaria houbera adquirido a Fundación TIC.

2.- Os traballadores da Fundación TIC que accederon a condición de empregados desta Fundación pública despois de superar o correspondente proceso selectivo, mediante convocatoria pública nos que se respectaron os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, formalizando o correspondente contrato laboral fixo, con posterioridade a este proceso, a súa integración na Deputación Provincial realízase como empregados públicos provinciais, na condición de persoal laboral fixo, materializándose na incorporación ao Cadro de persoal e Relación de postos de traballo, nas mesmas condicións retributivas que acrediten no momento da disolución da Fundación TIC, prevista para o 31 de decembro de 2018.

Os empregados da TIC que non acrediten esta condición incorporaranse na que corresponda conforme ao contrato laboral subscrito e vixente na data de integración.

3.- As relacións laborais dos traballadores integrados rexeranse polo disposto no Convenio Colectivo Único para persoal da Deputación Provincial de Lugo, salvo no disposto nos seguintes capítulos:

- Capítulo VII: Permanencia e asistencia no traballo.*
- Capítulo VIII: Condicións profesionais.*
- Capítulo IX: Sistema retributivo.*
- Capítulo X: Condicións económicas.*

Xustifícase esta exclusión transitoria nas peculiaridades e diversidade do réxime de prestación de servizos do colectivo de empregados que se integran, o que esixe un estudo e negociación que non é posible realizar no tempo que media ata a disolución da Fundación. No que afecta ós aspectos contidos nos apartados anteriores, seguirán rexéndose polo disposto nos convenios colectivos que regulan a actividade laboral deste colectivo tal como ven sendo actualmente.

4.- A Deputación Provincial de Lugo, comprométese a adoptar as medidas necesarias para a plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Entidade, así como para a plena equiparación de condicións na proporción que permita a masa salarial desta Entidade e a normativa que resulte de aplicación, antes do 31 de decembro de 2019”



1.2.- APLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO. PROPOSTA APROBADA NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE 19 DE DECEMBRO DE 2019 SOBRE A APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACION Ó PERSOAL DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

“CAPÍTULOS QUE XA SE ESTÁN APLICANDO:

Capítulos do I ao VI e do XI ao XIV, están sendo aplicados, coas modificacións que puideran ter en acordos posteriores.

Os Capítulos XI (Condicións Sociais) e XII (Fondo Social), esixen un ano de servizos.

2.2.- CALENDARIO DE APLICACIÓN DOS CAPÍTULOS VII, VIII, IX E X:

1º.- Aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020 a todo o persoal do Servizo, excepto aos docentes, que manteñen a súa situación actual mentres non se faga a valoración de postos.

CAPÍTULO VII.- Permanencia e asistencia ao traballo, no que están incluídos os seguintes artigos.

Art. 17 .- Calendario laboral.

Art. 18.- Xornada laboral.

Art. 19.- Vacacións anuais.

Art. 20.- Permisos.

Art. 21.- Outros Permisos.

Art. 22.- Licencias:

Art. 22.1.- Licenza por matrimonio.

Art. 22.2.- Licenza por xestación, parto e lactación.

Art. 22.3.- Licenza por estudos.

Art. 22.4.- Licenza por enfermidade.

Art. 22.5.- Licenza por actuación sindical.

Art. 22.6.- Licenza por exames.

Art. 22.7 a) Licenza por asuntos propios.

Art. 22.7 b) Licenza por garda legal.

Art. 23.- Situacións administrativas.

Art. 24.- Suspensión durante o Servizo Militar.

2º.- Estudio relativo á aplicación dos Capítulos VIII, IX e X: Iniciarase o estudo cara a presentar un primeiro informe en febreiro do 2020.

3º.- Dentro do estudo procederase á homoxeinización retributiva para a adecuación ó establecido no Capítulo IX “SISTEMA RETRIBUTIVO”. Os resultados desta homoxeinización:

- Poderán ser positivos ou negativos respecto ás percepcións actuais do persoal do Servizo de Audiovisuais.*
- Aprobaranse e aplicaranse dentro da dispoñibilidade orzamentaria e dos compromisos que se alcancen na Mesa Xeral de Negociación respecto a outras necesidades da organización en materia de Recursos Humanos.*
- A elaboración e aprobación realizarase durante o ano 2020 e poderá ter efectos económicos de 1 de xaneiro de 2020.*

Esta proposta foi aprobada na Mesa Xeral de Negociación de 19 de decembro de 2019, co seguinte resultado:

- UGT, vota a favor.
- CSI-F, vota a favor.
- CC.OO., Vota a favor e putualiza que a repercusión económica do que se acorde deberá integrarse e aprobarse no contexto doutras necesidades doutros colectivos da Entidade, tomando en consideración todo en conxunto.
- CIG, abstense.

Á vista de todo o sinalado, resta por aplicar ao persoal do Servizo de Audiovisuais (coa excepción do persoal docente, que tampouco se lles aplica o capítulo VII) os seguintes capítulos do Convenio Colectivo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo:

CAPÍTULO VIII.- Condicións profesionais, que inclúe os seguintes artigos:

Art. 25.- Principios xerais.

Art. 26.- Grupos de clasificación.

Art. 27.- Mobilidade.

Art. 28.- Estabilidade no emprego.

- Art. 29.- Incompatibilidades.
- Art. 30.- Modelo de contrato.
- Art. 31.- Acceso á plantilla laboral.
- Art. 32.- Promoción interna.
- Art. 33.- Provisión de postos de traballo.
- Art. 34.- Formación do persoal laboral provincial.

CAPÍTULO IX.- Sistema retributivo.

- Art. 35.- Sistema retributivo.
- Art. 36.- Retribucións básicas.
- Art. 37.- Complemento de destino.
- Art. 38.- Complemento específico.
- Art. 39.- Complemento de produtividade.
- Art. 40.- Gratificacións
- Art. 41.- Límites á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións.
- Art. 42.- Estrutura da nómina.

CAPÍTULO X.- Condicións económicas.

- Art. 43.- Retribucións.
- Art. 44.- Compensación por traballo nocturno e descansos.
- Art. 45.- Dietas.
- Art. 46.- Gratificacións por servizos especiais e extraordinarios.
- Art. 47.- Gratificacións por servizos especiais realizados fora do termo municipal .
- Art. 48.- Intereses por mora.
- Art. 49.- Xustificación de haberes.

1.3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO PERSOAL SUBROGADO

1ª Non se seleccionan coas mesmas esixencias que están determinadas para acceso de persoal laboral da Deputación. En concreto, as convocatorias esixen un menor número de temas, e non se establecen temas referidos a “parte común” ou se estableceron en moi inferior número ós que se esixen no acceso a condición de persoal laboral fixo da Deputación e incluso no acceso a condición de persoal laboral temporal.

2ª.- Non se cumpriron as mesmas esixencias de publicidade xa que as únicas publicacións realizáronse só no BOP. Non se publicaron no DOG nin no BOE.

3º Non se esixiron os mesmos requisitos de titulación nas convocatorias para o acceso, detectándose supostos nos que, para o mesmo emprego, en algunha convocatoria esixiuse a titulación que consideramos adecuada e noutras convocatorias esixiuse outros títulos de diferente nivel, incluso de nivel superior, certificados de profesionalidade e determinado tempo de experiencia, en algún caso, só experiencia.

Este é un dos aspectos de mais difícil encaixe á hora de homologar os postos da TIC (hoxe servizo de Audiovisuais) dado que a clasificación profesional que regula o CCU da Deputación ten como base o GRUPO que se vincula a UNHA TITULACIÓN OU VARIAS TITULACIÓNS EQUIVALENTES, sempre do mesmo nivel.

4º.- O réxime retributivo que se ven aplicando ó persoal da extinta Fundación TIC é o previsto nos respectivos Convenios Colectivos. Da análise das nóminas de cada empregado/a, conclúese:

- casos de retribucións superiores (Auxiliares Administrativos) ou inferiores (celadores, persoal de oficios...) a postos análogos na Deputación, e
- diferenzas retributivas entre postos do Servizo da Audiovisuais de denominación igual ou análoga.

5ª Dentro do colectivo de persoal subrogado poden distinguirse dous grupos moi diferenciados pola actividade laboral que realizan e polo réxime de prestación de servizos, particularmente no que fai referencia de permanencia e asistencia o traballo e en concreto no referido a xornada laboral e calendario laboral, que se regula no capítulo VII do Convenio Colectivo . Estes dous grupos son:

- Grupo de persoal da chamada “Produtora”
- Grupo de “ensinantes” que imparten dous módulos de Formación Profesional.

6º Concluindo podería resumirse sinalando que respecto con respecto ó persoal laboral da Deputación se constatan dúas diferenzas esenciais :

- a) Moita menor esixencia no cumprimento dos principios de publicidade mérito e capacidade, con notable incoherencia desta esixencia respecto a un mesmo posto.
- b) Notables diferenzas no réxime retributivo respecto o persoal homologo da Deputación, con retribucións inferiores en algúns casos e superiores en outros.



2.- CRITERIOS PARA A HOMOLOGACIÓN E PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.

2.1 APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL E DEMAIS ACORDOS QUE CON CARÁCTER XERAL AFECTAN Ó PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN

Ó persoal laboral da extinta fundación TIC, que se integrou na Deputación por subrogación, conforme o Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018 polo que se aproba a extinción da Fundación TIC, e a asunción das súas competencias, actividades e servizos por parte da Deputación, seralle de aplicación integramente o Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación provincial de Lugo (BOP de 30 de agosto de 1.990) coas modificacións que se teñan producido desde esa data, así como os Acordos aplicables, con carácter xeral, ó persoal laboral da Deputación, á partir da data de efectividade que se estableza neste Acordo, deixando de ter efectos desde esa data os Convenios Colectivos polos que se viña rexendo o mencionado persoal, así como calquera outra norma específica ou decisión singular que lle viñera sendo aplicada ata esa data.

2.2 INTEGRACIÓN NOS GRUPOS DE CLASIFICACION PREVISTOS NO CCU

2.2.1 CRITERIOS XERAIS

1º Os postos existentes no Servizo de Audiovisuais homológanse con referencia os postos existentes na Deputación seguindo os criterios establecidos na Relación de Postos de Traballo desta Entidade e no acordos que regulan o Sistema de Carreira Horizontal. Nese sentido, como criterio xeral pódese distinguir dous tipos de postos: postos singularizados e postos non singularizados.

a) Postos singularizados. Os postos singularizados homologaranse os análogos asistentes na Deputación conforme resulte da análise descrición e valoración dos mesmos, seguindo os criterios establecidos e aprobados na MXN de 1 de decembro de 2017 e ratificados por Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, polos que se aproba a vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación.

b) Postos non singularizados. Os postos non singularizados, homologaranse, tomando como base o grupo profesional de clasificación que lle corresponda, segundo o establecido no artigo 26 do CCU, e con base neste ó cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL, aprobado na MXN de 1 de decembro de 2017, ratificado definitivamente mediante Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, no nivel I (NI).

2º O criterio esencial de homologación e clasificación é O GRUPO DE CLASIFICACIÓN profesional regulado no artigo 26 do vixente CCU. A regulación contida neste artigo, é a establecida no artigo 25 da Lei 30/84, dado que o CCU homologa os requisitos de acceso do persoal laboral da Deputación ós esixido na normativa xeral reguladora da función pública para acceso as distintas prazas de persoal funcionario; nese sentido hai que entender que se aplica o artigo 26 coas modificacións de carácter xeral establecidas por distintas normas, sinaladamente no RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta clasificación por GRUPOS ten como base a esixencia de unha titulación (ou varias do mesmo nivel) para o acceso e inclusión no grupo ou subgrupo correspondente, sendo este o requisito imprescindible para a homologación e inclusión en cada grupo de titulación.

3º Grupo de clasificación e retribucións básicas. O grupo de clasificación profesional determinará as retribucións básicas, nos mesmos termos que se aplique ó resto do persoal laboral da Deputación vinculado ó CCU e conforme o que determinen as leis de Orzamentos Xerais do Estado e a normativa xeral que resulte de aplicación.

4º Determinación do Complemento de Destino e Complemento Específico. Compre distinguir entre:

- a) Postos singularizados. Previa análise descrición e valoración dos mesmos, os postos singularizados homologaranse a estrutura retributiva establecida na Relación de Postos de Traballo aprobada pola Mesa Xeral de Negociación de 1 de decembro de 2017 e ratificado por acordo plenario de 21 de maio de 2018.
- b) Postos non singularizados. Previo análise, descrición e valoración dos mesmos, os postos non singularizados homologaranse á estrutura retributiva establecida para o Sistema de Carreira Horizontal aprobado pola Mesa Xeral de Negociación de 1 de decembro de 2017 e ratificado por acordo plenario de 21 de maio de 2018

2.2.2 HOMOLOGACIÓN

1º Realizada a análise, descrición de cada posto de traballo, determínase a titulación necesaria e adecuada e demais requisitos para o seu desempeño, Esta titulación determina a inclusión nun grupo de titulación dos establecidos no artigo 26 do CCU. En consecuencia, o encadramento en cada un dos postos no grupo ou subgrupo de clasificación, realizarase con base na titulación



académica necesaria e adecuada, esixida nas bases da convocatoria e acreditada polo empregado nese procedemento.

2º O proceso de homologación respectará as retribucións consolidadas dos empregados que hoxe integran o Servizo de audiovisuais. Nese sentido, os postos que non poidan ser homologados, conforme ó sinalado no punto anterior, manteranse coas actuais retribucións como postos “a extinguir”.

3º Proceso de homologación ó grupo de titulación dos postos non singularizados.

a) Cando a titulación esixida no proceso selectivo sexa a adecuada ás características e funcións de cada posto de traballo e do grupo ou subgrupo de titulación esixido no artigo 26 do CCU e esta titulación fora acreditada polo empregado/a no correspondente proceso selectivo, homológase ó grupo que lle corresponda segundo o establecido no mencionado artigo 26 do CCU e con base neste ó cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL, aprobado na MXN de 1 de decembro de 2017, ratificado definitivamente mediante Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, no nivel NI. Os/as empregados/as que cumpran estes requisitos, integraranse no grupo ou subgrupo respectivo, que determinará a contía do soldo base e o valor dos trienios. O CD e CE será o establecido no cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL. Como regra xeral, e dado que a subrogación e integración do persoal da antiga Fundación TIC na Deputación realizouse con efectos de 1 de xaneiro de 2019, a homologación realizarase no NIVEL I, salvo que o/a empregado/a non acreditase 1 ano de servizos a Deputación integrándose, neste suposto, no NIVEL ENTRADA

b) Cando se esixira unha titulación superior á que corresponda como adecuada e necesaria para o desempeño do posto de traballo, e esta, fora acreditada polo empregado/a no proceso selectivo, homologarase integrándoo no grupo de titulación que corresponda coa titulación que lle fora esixida e acreditada, atribuíndolle, a maiores das funcións que viñera desenvolvendo, aquelas para as que lle faculta a titulación e que resulte necesarias e acordes coa prestación do servizo e melloren os resultados e a calidade do mesmo .

c) Cando no proceso selectivo se esixiran unha ou varias titulacións de distinto nivel e/ou requisitos de experiencia, a homologación total non poderá realizarse de inmediato. En consecuencia:

c1) Manterase o posto declarándose “a extinguir”, e homologándose parcialmente ó grupo de titulación correspondente ó título mínimo esixido na convocatoria ata a súa

regularización definitiva, mediante o correspondente proceso de promoción interna ó grupo de titulación inmediatamente superior, respectándose as retribucións consolidadas que viñera percibindo o titular do mesmo se son superiores na actualidade.

c2) Manterase o posto declarándose “a extinguir”, homologándose ó grupo de titulación correspondente ó título mínimo esixido na convocatoria ata a súa regularización definitiva, mediante o correspondente proceso de promoción interna ó grupo de titulación inmediatamente superior, cando as retribucións sexan inferiores ás correspondentes ó grupo de titulación ó que se homologa, percibindo esta nova retribución.

- d) Tamén se declararán “a extinguir”, os postos que sexan de contido idéntico a outros existentes na Deputación (Xefe de Servizo, Aux. Administrativo e Celador que, por ter, neste caso as funcións de Porteiro pasa a asignárselle esta denominación), xa sexa porque deban ser desempeñados en réxime funcionarial e/ou porque as súas retribucións sexan superiores.
- e) Modifícanse a denominación dos postos cuxas funcións se corresponden con outros da Deputación (Empregado Servizos Varios que pasa a denominarse Operario Servizos Múltiples) ou por considerar máis adecuada a nova denominación.

3.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

Como consecuencia da homologación e plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación en aplicación da normativa de función pública local, procede adecuar o Cadro de Persoal ás modificacións que se derivan da mencionada homologación, modificando o Cadro de persoal laboral no referente á denominación das prazas e a vinculación ó grupo de clasificación profesional. Así mesmo modifícase o Anexo de Persoal vinculando as prazas do Cadro de Persoal ós postos de traballo correspondentes.

4.- FUNCIONARIZACIÓN

A Deputación de Lugo, aprobou un plan de funcionarización de xeito que con carácter xeral, os postos de traballo desta Entidade sexan desempeñados por persoal en réxime funcionarial. Nese sentido:

- a) Crearanse os postos de traballo en réxime funcionarial cando correspondan cos existentes no Cadro de Persoal e RPT da Deputación
- b) Procederase ó estudo do resto dos postos de traballo existentes no Servizo de Audiovisuais co obxecto de proceder á funcionarización correspondente.



5.- PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DEMAIS NORMATIVA APLICABLE A ESTE TIPO DE PERSOAL

A adopción do presente Acordo supón a aplicación plena ao vixente Convenio Colectivo Único aprobado polo Pleno da Deputación de Lugo o 30 de xullo de 1990 e publicado no BOP de Lugo o 30 de agosto de 1990 coas modificacións que se teñen producido no mesmo tanto polos Acordos desta Entidade como os derivados da normativa xeral laboral ou de emprego público que resulte de aplicación. Tamén serán de aplicación os Acordos ou Pactos que regulan o persoal laboral da Entidade, salvo que a natureza do contido dos mesmos o impida. En consecuencia, quedan sen efecto os convenios, pactos ou acordos polos que se viñera rexendo a relación laboral deste persoal na Fundación TIC ou na Deputación de Lugo ata a entrada en vigor deste acordo.

6.- EFECTOS RETRIBUTIVOS

As modificacións retributivas que supoña este Acordo non poderán supoñer un incremento superior o 0,3% da masa salarial do correspondente ó ano 2020. En consecuencia os incrementos retributivos que puideran producirse con consecuencia da homologación, aplicaranse na porcentaxe que respecte a limitación sinalada, establecéndose esta sobre a contía do Complemento específico. Esta limitación eliminarase na medida que a dotación orzamentaria o permita.

7.- EFECTIVIDADE DO ACORDO

O presente Acordo farase efectivo unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Entidade coa efectividade que a normativa orzamentaria o permita”.

II.- APROBACIÓN NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Como xa se ten dito, esta proposta foi sometida á consideración da Mesa Xeral de Negociación en sesións celebradas os días 15 e 16 de decembro de 2020, e foi aprobada pola maioría da representación das organizacións sindicais presentes na mesma.

III.- PROPOSTA DE ACORDO

Á vista de canto antecede, propónse ó Pleno da Deputación Provincial, a aprobación da Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación e, en consecuencia:

1º.- Modifícase a vixente Relación de Postos de Traballo, homologándose ós postos de traballo do Servizo de Audiovisuais conforme se recolle no cadro adxunto, baixo o título: RELACIÓN DE

POSTOS DE TRABAJO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS RESULTANTE DA HOMOLOGACIÓN.

A aplicación das retribucións que se derivan da mencionada modificación da RPT, aplicaranse dentro do límite do 0,3 % da masa salarial do ano 2020. En consecuencia, baixo o criterio de que se respectaran e non se diminuíran as retribucións anuais brutas do persoal subrogado, os incrementos retributivos que se produzan en determinados postos como consecuencia do proceso de homologación, veranse reducidos na porcentaxe que corresponda para non superar o límite antes sinalado, aplicándose dita redución, na contía do complemento específico establecido no cadro de modificación da RPT que se acompaña. A concreción individualizada desa redución realizarase por resolución da Presidencia en execución do presente Acordo.

2º.- Así mesmo, desde a entrada en vigor deste Acordo, o persoal laboral do Servizo de Audiovisuais, quedará incluído no ámbito de aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Deputación, aprobado en sesión plenaria de 30 de xullo de 1990, coas modificacións posteriores derivadas de acordos desta Entidade e da aplicación da normativa xeral de réxime laboral ou da normativa de emprego público que resulte de aplicación. En consecuencia, desde a entrada en vigor deste Acordo, quedan sen efecto os convenios, pactos ou acordos polos que se viñera rexendo a relación laboral deste persoal coa Fundación TIC ou coa Deputación de Lugo. Tamén lles será de aplicación os acordos ou pactos aplicables ó persoal laboral da Deputación de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. José Luis Raposo Magdalena.

Intervén a señora Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Moi brevemente porque este é un asunto que xa vén dun tempo atrás, polo tanto todos somos coñecedores del, e os antecedentes que hai nesta Institución para precisamente a



homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e a plena aplicación ó persoal que se subroga á Institución provincial do convenio colectivo único para o persoal laboral desta Deputación.

Saben vostedes que houbo dous Plenos, no ano 2018, un en xullo e outro en setembro, nos que non houbo ningún voto en contra; o primeiro deles era para asumir as competencias, a actividade, o servizo e o persoal da TIC; e o segundo para a execución do acordo anterior. Unha vez que se celebraron eses dous Plenos elaborouse unha proposta de calendario para a xestión desta plena integración do persoal do servizo de audiovisuais, que viña da Fundación TIC, no convenio colectivo único de persoal laboral.

En mesa xeral de negociación, en decembro de 2019, aprobábase, dentro dese calendario, que o día 31 de decembro deste ano era a data límite para finalizar este proceso de homologación. A pesares das dificultades que ocasionou a Covid para este e outros moitos trámites, o certo é que chegamos en prazo, chegamos a tempo para que isto estea finalizado antes desa data.

E por darlle algunha indicación, aínda que teñen toda a documentación os deputados, dicirlles que se tratou de que esta homologación fose o máis respectuosa posible cos traballadores que se integraron dende a Fundación TIC, e tamén cos propios traballadores da Deputación; básicamente se realizou unha análise da descrición de cada posto de traballo, determinábase a titulación necesaria adecuada e demais requisitos para o seu desempeño, encadrábase en cadaún dos postos no grupo ou subgrupo de clasificación con base na titulación académica necesaria que era axeitada tamén, e ademáis fora esixida nas bases da convocatoria e acreditada ó mesmo tempo polo empregado naquel momento.

O proceso de homologación respectou as retribucións consolidadas dos empregados que hoxe integran o servizo de audiovisuais, e nese sentido os postos que non poden ser homologados conforme ó que lles acabo de dicir manteranse coas actuais retribucións como postos a extinguir. E ademáis tamén o proceso de homologación faise ó grupo de titulación dos postos non singularizados que na proposta veñen descritos cadaún dos postos.

Como consecuencia desta homologación a plena aplicación do convenio colectivo, procede adecuar tamén o cadro de persoal ás modificacións que se derivan desta homologación; e tamén se adecuará o plan de funcionarización desta Institución.

Chegando xa a estas datas nese calendario, como xa poden ver vostedes na proposta, isto foi sometido a consideración da mesa xeral de negociación en dúas sesións que se celebraron o quince e o dezaseis deste mes de decembro de 2020, e foi aprobada pola maioría das representacións das organizacións sindicais que estaban presentes na mesma.

E isto é canto teño que dicir sobre esta proposta que hoxe traemos a Pleno”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Grupo Popular vai absterse nesta proposta. É verdade que se regulariza unha situación duns traballadores, concretamente os traballadores da TIC, pero co pouco tempo que tivemos estes días para analizar esta situación, falamos con varios traballadores, e hai xente que está contenta e hai xente que non o está, vostede sábeo perfectamente, e dende logo nós respectamos a súa opinión.

Pero si que é verdade que botamos de menos que isto non se aplicara ós traballadores das zonas verdes de Suplusa, é unha mágoa, xa que se fai un agravio enorme porque os traballadores da Fundación TIC tiveron a mesma situación cós traballadores de Suplusa, o que pasa é que o destino é totalmente diferente; vostedes mandan subrogados ós traballadores de Suplusa, ós que estaban nos xardíns, a Tragsa, e neste caso a Fundación TIC, e tamén no seu día ó Inludes, creo que con bo criterio, os subrogan dentro do cadro de persoal da Deputación de Lugo, e agora vén esa homologación.

Por tanto, botamos en falta que haxa un rigor para todos igual, unha Institución deste tipo non pode facer unhas cousas cuns traballadores e outras con outros, e neste caso vaia por enriba o noso máximo respecto a todas aquelas persoas, traballadores de Suplusa, que tiveron que conformarse con ese ninguneo e esa subrogación a Tragsa.



Polo demáis, esperemos que en todo caso se vaia contentando á maior parte do persoal, se hai ese acordo coas entidades sindicais evidentemente tamén é un bo paso”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós imos votar a favor desta proposta. E só dicirlle ó señor Castiñeira que en situacións iguais tratarase igual a tódolos traballadores desta Casa, polo tanto por aí pode estar vostede tranquilo, sempre se fixo con informes técnicos e hai situacións que poden estar en estudo, pero en situacións iguais vanse tratar a todos igual.

En canto a este punto imos votar a favor porque é o fin dun proceso longo que vén xa doutras lexislaturas e, independentemente dalgún freco, porque non sempre todo vai a gusto de todos, é unha boa situación para os traballadores da TIC”.

A continuación intervén a señora Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A min gustaríame recordarlle ó señor Castiñeira que o Partido Popular manifestou sempre a vontade de colaborar con este proceso tan importante para eses traballadores, pero tamén tan importante para esta Casa ó integrar un servizo coma o de audiovisuais. Sempre manifestaron a intención de colaborar, ás veces con abstención e ás veces co voto a favor, no primeiro pleno abstivéronse e no segundo, que era para executar o acordo, foi por unanimidade, polo tanto vostedes votaron a favor.

E hoxe vén aquí cunha excusa de mal pagador, mesturando churras con merinas, facendo unha mestura entre os traballadores de zonas verdes cos traballadores que viñan da Fundación TIC cun proceso completamente avanzado e que hoxe queda pechado definitivamente. E digo que ven mesturando, e ademáis faino intencionadamente, porque vostede sabe igual ca min que a situación de partida non é a mesma, porque os traballadores de zonas verdes, ós que este goberno lles garantiu o posto de traballo exactamente nas mesmas condicións que tiñan, estaban traballando para Suplusa a través dunha encomenda de xestión que a Institución provincial lle tiña feita a esa

empresa, e os traballadores da Fundación TIC non estaban en ningunha encomenda de xestión, por tanto non ten nada que ver nese sentido, non é comparable; e o único que fixemos cos traballadores de zonas verdes foi garantirlles o seu posto de traballo exactamente nas mesmas condicións que o tiñan; e ós traballadores da Fundación TIC se lles integrou como se integrou no seu día ós traballadores que estaban no Inludes, ó igual que aconteceu agora mesmo con outros catro traballadores que quedaban en Suplusa e que non estaban vinculados a ningunha encomenda de xestión.

Por tanto as cousas son diferentes, e vostede vén aquí intentando confundir e intentando sementar dúbidas sobre se lle queremos máis a uns ou a outros, e nós o único que facemos é ser absolutamente respectuosos, e vou facer fincapé neste tema, cos que se incorporan pero tamén cos que xa están nesta Casa, absolutamente serios e rigorosos. Polo tanto, señor Castiñeira, nese sentido creo que errou na comparación, e vostede sábeo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señora García Porto, vostede sabe perfectamente que en Suplusa houbo dous casos; houbo un caso que eran os das zonas verdes, que pasaron a Tragsa e non se lles deu oportunidade; e outro caso que eran os das oficinas que si pasaron subrogados á Deputación de Lugo; porque si nas oficinas e porque non nas zonas verdes?; e non vale iso de que Suplusa non é exactamente igual có Inludes ou cá Fundación TIC, é unha cuestión de vontade, e se hai vontade esa xente lóxicamente pertencería á Deputación de Lugo porque fai única e exclusivamente traballos para a Deputación de Lugo; pero tamén é ben certo que iso está nos xulgados por parte dos traballadores que están defendendo os seus dereitos. E tamén é ben certo que nese caso non escoitan o que lle dixerón os sindicatos, porque si que lles pedían todos os sindicatos que os subrogaran, incluso o que é delegado, o irmán do Presidente.

É inxusto, pero nós cinguíndonos ó asunto alegrámonos de que as condicións laborais se vaian adaptando para todo este persoal, e esperemos, señor Castro, que parece ser coma se houbera un fio de posibilidades de que nalgún momento puidese habelo, pois eu diríalle que se o hai fágano antes de que resolvan os xulgados, porque creo que non sería lóxico facerlles pasar por ese trámite



ós traballadores das zonas verdes de Suplusa. Se vostede ten vontade de equiparar, xa non ós traballadores de Suplusa cos da TIC ou cos de Inludes, senón os de Suplusa cos propios de Suplusa, fágano canto antes e eviten que o teña que resolver outra instancia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Como lles dicía, creo que é un paso importante para todos estes traballadores da Fundación TIC, que veñen dun proceso moi longo que agora finaliza.

E, señor Castiñeira, o que eu lle dicía é que en situacións iguais serán tratados igual, iso é o que tratamos de facer neste goberno, é o que tratan de facer os informes técnicos, e iso é o que faremos. Polo tanto eu creo que iso ninguén o discutiu, no goberno defendemos esa postura, e é o que se está a facer.

É verdade que todo o que ten que ver co laboral son situacións complexas, diferentes, e que necesitan un proceso e informes técnicos complexos, e ás veces non teñen o resultado que a todos nos gustaría e que ós traballadores lles gusta; pero volvo dicirlle que o que vai facer este goberno é a situacións iguais tratar igual ós traballadores”.

Intervén a señora Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Eu lamento profundamente que o señor voceiro do Grupo do Partido Popular veña intentar sementar unha dose de escurantismo nun proceso que é absolutamente claro, transparente, e favorecedor para os empregados públicos desta Institución, vir falar de algo que non toca.

Pero só por aclararlle, porque eu creo que vostede escoita pero fai que non escoita, entón vouto repetir. Os traballadores de Suplusa de oficinas non estaban vinculados a unha encomenda de xestión, esa é a diferenza que hai cos de zonas verdes.

Dito isto, hoxe é un día importante para os traballadores que no seu día empezaron ese proceso de integración na Deputación, e que proviñan da Fundación TIC, con esta importante xestión, que ademáis representa a homologación dos postos de traballo de cadaún deles. É un día importante tamén para a Institución provincial porque se consolida ese proceso coa incorporación definitiva dun servizo importante, non só para esta Casa senón tamén para a provincia de Lugo, e eu creo que diso é do que viñamos falar”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

5.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA DESENVOLVEMENTO DAS EDICIÓNS DO CURSO ESPECÍFICO DE CARREIRA HORIZONTAL.

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio, e Turismo, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo implantou un sistema de carreira horizontal que permite que os empregados da Entidade teñan a oportunidade de progresar profesionalmente sen cambiar de posto, na liña do establecido no EBEP como dereito dos empregados públicos.

Este sistema de carreira horizontal contempla como elementos esenciais para este progreso profesional, en primeiro lugar, a experiencia adquirida no desempeño das funcións do posto, medido polos anos efectivos de desempeño destas; en segundo lugar, a formación continua específica relacionada coas funcións do posto que permita adquirir mellores destrezas teórico practicas para unha mellora continua da eficacia e eficiencia, coa esixencia dun número de horas de formación para o progreso no nivel de carreira; e, finalmente, a avaliación do desempeño e a obtención dunha avaliación positiva como mostra de que a participación nas actividades



programadas en cada servizo redundan na consecución dos obxectivos establecidos en cada exercicio para o cumprimento dos fins da Entidade na xestión dos servizos públicos encomendados. Dentro do apartado de formación continua que se require para progresar, dentro do plan de carreira, no mesmo posto, dende o Nivel I ata o Nivel II e dende o Nivel II ao Nivel de Experto, está establecido que se deba realizar polo persoal aspirante á promoción un curso específico dun mínimo de 30 horas de duración, necesario para consolidar a dita progresión.

Estando previsto que a organización, programación e execución destas actividades formativas se desenvolveran ao longo do ano 2020, a situación derivada da pandemia do COVID 19 dificultou en extremo a dita previsión e impediu que a dita previsión puidese realizar no prazo inicialmente previsto.

Seguindo instrucións da Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo e máis da Deputada Delegada da Área de Formación, Ensino e Economía do coñecemento iniciáronse as actuacións para deseñar das accións formativas programadas, realizándose varias reunións preparatorias nas que interviñeron o Gabinete de Formación e o Servizo de Recursos Humanos, nas que se puido constatar unha serie de dificultades, nomeadamente as seguintes:

a) En primeiro lugar, a heteroxeneidade dos colectivos de empregados provinciais destinatarios destas actuacións, sinaladamente pola circunstancia da súa pertenza a distintos grupos e subgrupos de clasificación e o número de efectivos desigual segundo este criterio de distribución.

b) En segundo lugar, as dificultades de desenvolver a formación presencial, que se entende como desexable e preferente como a modalidade de impartición, debido á necesidade obxectiva de, neste contexto de crise sanitaria, extremar as medidas de seguridade para evitar riscos innecesarios e indesexables, circunstancia que obriga a programar que as accións formativas teñan un menor número de participantes por edición.

c) En terceiro lugar polo gran número de destinatarios obxectivos desta programación que alcanzan un total de máis de 300 empregados, pertencentes á totalidade de grupos e subgrupos de clasificación (A1; A2; B; C1; C2 e AP); e a todos os niveis de carreira horizontal (Nivel de Entrada, Nivel I, Nivel II e Nivel de Experto), ao tratarse da posta en marcha inicial desta

actuación. xa que só os contidos previstos para este Curso Específico foron obxecto de impartición nun curso programado no ano 2016, no que apenas participaron un total de 25 empregados.

Nas reunións preparatorias estudáronse varias opcións de realización das accións formativas, atendendo a estas dificultades e formulouse a seguinte

PROPOSTA:

1.- CONTIDO DO CURSO

Módulo I: A provincia na organización territorial do Estado. A Deputación Provincial de Lugo. Conceptos esenciais de organización e funcionamento. Principais Áreas de actuación.

Módulo II.- A Administración Electrónica: Conceptos e habelencias esenciais respecto á administración electrónica. A seguridade na administración electrónica.

Módulo III.- O Procedemento Administrativo da Deputación de Lugo: Principios básicos, medios e avanzados do funcionamento. Procedementos máis usuais na Deputación Provincial de Lugo.

Módulo IV.- O persoal ao servizo da Deputación Provincial de Lugo. Aspectos esenciais do ingreso, carreira administrativa e promoción interna. A avaliación do desempeño. Sistema retributivo. Incompatibilidades. Os deberes dos empregados públicos. Código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

2.- FORMA E REALIZACIÓN TEMPORAL DAS ACCIÓNS FORMATIVAS. AVALIACIÓN.

Cada unha das accións formativas que se realicen poderán ser de forma on- line, presencial ou mixta, segundo se determine.

As accións presenciais ou mixtas (na parte presencial) deberanse organizar e executar seguindo os protocolos de seguridade, nomeadamente de distanciamento social, que obrigan a realizalas en locais con aforo que permita o cumprimento destas medidas, polo que os grupos de formación non deberán ser maiores de 50 participantes.

Os/as participantes das accións formativas recibirán un diploma certificado con aproveitamento.

Para a obtención de dito diploma, os formadores/as, por mor de seguir un criterio unificado, deberán cualificar os cursos seguindo unha mesma liña, a cal é a seguinte:



- Actividade obrigatoria: apto/non apto.
- Actividade voluntaria: cualificación con nota.
- Test final: apto/non apto.

3.- DURACIÓN DE CADA ACCIÓN FORMATIVA.

GRUPO A (subgrupos A1 e A2): 50 horas

Grupo C (subgrupos C1 e C2): 40 horas.

Grupo E e Agrupacións profesionais: 30 horas.

4.- EDICIÓNS DO CURSO A ORGANIZAR.

a organización e execución desta programación, atendendo ao número de persoal que debe realizar a dita acción formativa, fai necesario realizar as seguintes edicións:

GRUPO A (subgrupos A1 e A2): 2 grupos

Grupo C (subgrupos C1 e C2): 3 grupos.

Grupo E e Agrupacións profesionais: 2 grupos.

Á vista das dificultades de xestionar, neste ano 2020, a realización de todas estas actividades de formación, someteuse á Mesa Xeral de Negociación, na que interviñeron as organizacións sindicais con representación na Entidade provincial (UGT, CCOO, CSIF e CIG), unha proposta para solicitar que o Pleno da Corporación acordase prorrogar por nove meses o prazo aprobado por Acordo, de 5 de decembro do 2019; estendendo este prazo que remata o 31 de decembro do ano en curso ata o 30 de setembro do 2021.

A dita proposta de prórroga foi aprobada por unanimidade, na reunión da MXN celebrada o 11 de novembro do 2020.

Tendo en conta canto antecede, propono que a Presidencia someta á consideración do Pleno o devandito acordo, en materia de persoal, para que este, de estimalo oportuno, en uso das atribucións que lle confiren os artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 57.18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, o ratifique e acorde prorrogar o prazo para acreditar ter realizado o curso específico de 30 horas da carreira horizontal, a efectos de progresar de nivel de carreira horizontal”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Dicirlles, aínda que vostedes xa o saben, que a Deputación de Lugo implantou hai tempo un sistema de carreira horizontal que lle permite ós empregados desta Entidade ter a oportunidade de progresar profesionalmente sen cambiar de posto. Este sistema de carreira horizontal contempla varios elementos esenciais, como son a experiencia adquirida no desempeño das funcións do posto, a formación continua específica relacionada coas funcións do posto, e tamén a avaliación do desempeño.

Dentro do apartado da formación continua que se require para progresar, dentro do plan da carreira no mesmo posto, está establecido que se ten que realizar polo persoal aspirante un curso específico dun mínimo de trinta horas de duración que vai ser necesario para consolidar esa progresión.

Estaba previsto que se puidera programar e executar dende as actividades formativas ó longo do ano 2020, pero a situación a que a todos nos levou a pandemia do covid-19 dificultou en extremo esta previsión; polo cal debemos adaptarnos a un novo calendario, e este é o motivo polo que hoxe vén a pleno esta proposta para a ampliación do prazo para o desenvolvemento dese curso específico para a carreira horizontal, que é moi importante para un número considerable de traballadores desta Casa.

Simplemente dicirlles que á vista das dificultades para xestionar este curso no ano 2020, aprobouse por unanimidade na mesa xeral de negociación que se celebrou neste mes de decembro, e agora sometémolo a criterio do pleno”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Pouco que engadir neste punto, imos votar a favor. Xa o explicou técnicamente a señora Porto, polo tanto nada máis que engadir”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Grupo Provincial do Partido Popular votará a favor”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS.

Visto o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e vistos os informes do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18 e 22 de decembro de 2020, nos que literalmente se establece que:

“ASUNTO: Aprobación inicial da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro._O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º. Realizar a consulta previa en relación á modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

2º. Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas nalgún dos municipios da Provincia de Lugo, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º. Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

4º. Ordenar a súa publicación no portal Web da Deputación Provincial”.

Segundo: Segundo o informe do Servizo de Comunicación e TICS, o contido da consulta estivo exposto ao público dente o 30 de xullo de 2020 ata o 25 de agosto de 2020 (data na que se emitiu o devandito informe) dándose por finalizado o prazo de dita consulta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Nos artigo 49 e 56 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese que o réxime de aprobación e modificación das ordenanzas se axustará a o seguinte procedemento:

“a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo máximo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de non presentarse reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

CONCLUSIÓN,

Polo que informase favorablemente que polo Pleno da Corporación se adopten o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o texto da Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación.



Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 30 días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

Terceiro: Aprobar con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto: Publicar o acordo definitivo da aprobación da Ordenanza así como o texto íntegro da mesma tanto no Boletín Oficial da Provincia como na páxina Web da entidade *Polo que informase favorablemente a aprobación inicial da ordenanza de subvencións da Deputación de Lugo, coa indicación de que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno.*”

Polo anteriormente exposto, proponse que polo Pleno da corporación se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o texto da Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación.

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 30 días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

Terceiro: Aprobar con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto: Publicar o acordo definitivo da aprobación da Ordenanza así como o texto íntegro da mesma tanto no Boletín Oficial da Provincia como na páxina Web da entidade.

Esta proposta substitúe a calquera outra emitida con anterioridade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombardo, e D. José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral e das bases reguladoras das subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo, iso sen prexuízo de que ó amparo do artigo 17.2 da Lei 38/2003 do 12 de novembro, xeral de subvencións, podan aprobarse ordenanzas específicas que establezan as bases para modalidades concretas de subvencións. Nese caso a presente ordenanza terá carácter supletorio.

Trátase dunha ordenanza que se adapta á normativa vixente, tanto estatal como autonómica, en materia de subvencións, e que vén substituír a actual ordenanza do ano 2005 que foi modificada no 2006, e que polo tanto se aprobou con anterioridade á ordenanza xeral de subvencións da Comunidade Autónoma.

Queremos destacar que con esta ordenanza vai figurar a posibilidade de realizar unha conta simplificada, tanto para a solicitude como para a xustificación das subvencións, cuxo importe non superen os 15.000 euros, o que vai facilitar tamén precisamente o traballo administrativo de moitos colectivos e asociacións desta provincia coas que colabora a Deputación.

É meramente técnico, aquí o que imos facer é someter a aprobación inicial, expoñerase trinta días ó público, se non hai alegacións quedará aprobada definitivamente, e senón voltaremos traela ó pleno para estimar ou desestimar as alegacións que se presentaran”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Aínda amosando a nosa disposición a votar favorablemente esta ordenanza, queremos facer unhas pequenas observacións ó expediente que nos traen vostedes a pleno.

En primeiro lugar facer fincapé en que non consta no texto que nos traen a pleno disposición derogatoria na que se faga alusión á anulación da anterior ordenanza de subvencións desta Deputación que, como ben dixo a deputada que fixo a exposición de motivos, foi publicada no Boletín Oficial da Provincia no ano 2005, polo que entendemos que ante a ausencia dalgunha referencia sobre a derogación da actual ordenanza podería crearse certa confusión xurídica.



É certo que na disposición transitoria desta se regula o réxime transitorio dos procedementos, cando fan referencia a que ós procedementos que estiveran iniciados no momento da entrada en vigor da presente ordenanza lles sería de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio, pero non obstante entendemos que a citada disposición derogatoria debера quedar reflectida no texto que se aprobé definitivamente.

En segundo lugar vemos que tampouco figura disposición final na que se faga referencia á súa entrada en vigor cando se produza, que entendemos que deberá ter lugar seguindo o artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local, cando transcorran os quince días previstos neste artigo; polo que tamén solicitamos que no texto definitivo se inclúa. Todo isto sen ánimo de facer reclamacións ó texto que expoñan ó público.

En terceiro lugar non consta o informe do servizo de comunicación e TICs, aínda que se fai referencia a el no informe do servizo de contratación e fomento, cando se di: “segundo o informe do servizo de comunicación e TICs, o contido da consulta estivo exposto ó público”, pero non obstante entendemos que non estaba no expediente administrativo.

E en cuarto lugar si que queremos facer un pouco máis de fincapé nunha cuestión que é a concesión de subvencións directas de carácter excepcional, porque a ordenanza que propoñen ó Pleno para a súa aprobación en lugar de regular a concesión das mesmas como parecería lóxico dentro do propio texto normativo, deriva a súa concesión ás bases de execución do orzamento, e segundo establece o artigo 29 que di: “a concesión destas subvencións..”, é dicir as directas e excepcionais, “..realizárase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación, a proposta do servizo ou do centro xestor competente por razón da materia, previa fiscalización da intervención provincial”.

Se ben é certo que na modificación da ordenanza actual que se levou a cabo no ano 2006 xa se recollía con carácter facultativo esta posibilidade, porque había unha disposición adicional primeira que permitía que as bases de execución do orzamento poderían establecer criterios para a concesión directa de subvencións e xustificar a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia e publicidade, non é menos certo que no texto que nos propoñen xa efectivamente se

deriva ás bases de execución do propio orzamento de cada ano; parece que choca un pouco que esteamos aprobando un texto normativo que regula a concesión de subvencións, e que nese texto normativo se deixe a facultade de que as bases do orzamento de cada ano digan como se van conceder as subvencións directas, que é tanto como dicir que se deixa que cada ano se decida en función das bases de execución dos orzamentos.

E estas son as puntualizacións que queremos facer”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar agradecerlle ó Partido Popular tódalas apreciacións. En canto ás que son técnicas e administrativas entendo que se valorará se efectivamente corresponde incluír ou non estas disposicións que indicaba, tanto a disposición transitoria como a final.

E polo que respecta ó apartado cuarto da súa análise, indicar que obviamente unha ordenanza xeral de subvencións é ampla e ó mesmo tempo se aproba para que estea en vigor, como xa vimo coa anterior, durante moitos anos; e polo tanto é certo que en dez ou quince anos tamén pode variar moito a situación de goberno de calquera administración, e por iso se fai desa forma ampla, xa que logo as bases de execución se aproban anualmente co orzamento, e nelas se pode establecer a forma na que se van establecer os máximos para poder aprobar as concesións de determinadas subvencións, ben sexa polo que establecen as leis en canto á súa contía, ou polos acordos que poda haber nos presentes e futuros gobernos da Institución.

En todo caso o que queremos é un texto amplo, e que vai estar en vigor moitos anos, e sobre todo facilitarlles a súa tramitación para que podan ter axudas os colectivos desta provincia de forma máis áxil e máis rápida para eles, porque ás veces nin contan cos coñecementos suficientes como para poder facer a súa tramitación, ou se ven obrigados a gastar diñeiro para poder tramitalas”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:



“Sr. Balado, xa miraremos se efectivamente é necesario facer esas incorporacións. En todo caso recollemos o que vostede nos apunta para analízalo”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

-oo0oo--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEMANDA DA MELLORA E DO CORRECTO MANTEMENTO DAS ESTRADAS DO SUR DA PROVINCIA.

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno en demanda da mellora e do correcto mantemento das estradas do sur da provincia

Exposición de Motivos:

Todas e todos somos conscientes do desgraciado historial de mantemento e ausencia de melloras que teñen soportado as estradas do sur da provincia de Lugo, nomeadamente o corredor entre Lalín e Monforte de Lemos CG-2.1, principal vía de comunicación coa capital de Galicia, e a nacional N-540, única vía de comunicación a día de hoxe entre Lugo e Ourense en ausencia de Autovía.

Debemos ser conscientes do que significa para as nosas veciñas e veciños do sur da provincia de Lugo, nomeadamente das comarcas de Chantada e da Ulloa, ter que transitar na actualidade por estas vías deterioradas. Máis aló de que esta situación estee a desviar tránsitos polo corredor Sarria – Monforte e estea a dificultar a actividade económica da zona.

Fanse precisas intervencións urxentes no firme e na sinalización horizontal destas estradas que evite que se volva a repetir a situación de fai dous anos cando houbo tramos practicamente intransitables. Tendo en conta que xa estamos metidos no inverno e as inclemencias metereolóxicas van agravar a situación se non se actúa.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo do seguintes acordo:

1º.- Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que se prioriza o mantemento e adecuación da estrada CG-2.1 que vai entre Monforte de Lemos e Lalín evitando que continúo o seu deterioro.

2º.- Solicitar ao goberno do estado que se priorice o mantemento e mellora do firme da estrada N-540 que une Lugo con Ourense evitando que continúe o seu deterioro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Esta é unha proposta de goberno sinxela pero moi importante para o sur da provincia, traemos aquí dúas estradas que son o corredor entre Lalín e Monforte CG-2.1, e a N-540 que une Lugo con Ourense, que son dúas estradas de vital importancia para vertebrar todo o sur da provincia e que necesitan dun mantemento porque algúns tramos están nunha situación bastante mala para a súa circulación, a súa mellora non pode ser sinalizar e reducir a velocidade senón que necesitan renovar o firme. Polo tanto traemos a proposta de reclamarlle á Xunta de Galicia que faga o mantemento e a adecuación da CG-2.1, e ao Goberno do Estado da N-540.

É unha proposta ben sinxela pero ben importante para o sur da provincia.

Tamén quería agradecer ó Grupo Socialista que, máis alá de intereses partidarios, como o facemos dende o goberno, poñan primeiro os intereses dos cidadáns desta provincia e, aínda que están gobernando en Madrid, esa demanda ó Goberno estatal para mellorar esta Nacional que, como digo, é moi importante para todo o sur da provincia”.



A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Pouco máis que engadir, agás reiterar esa especial importancia que ten para tódolos concellos, e polo tanto para os veciños e veciñas do sur da provincia, que necesitamos a cotío comunicarnos ben coa capital da provincia, ou ben con Ourense, ou mesmo coa zona do Deza na provincia de Pontevedra. Simplemente reiterar que nos gustaría que o compromiso doutras Institucións fose semellante ó que ten esta Institución provincial coa mobilidade das persoas que habitamos no medio rural.

Nese sentido é no que nos gustaría que se aprobe esta iniciativa tanto para solicitar ó Goberno da Xunta de Galicia que priorize o mantemento e adecuación do corredor que discorre entre Monforte de Lemos e Lalín, como ó Goberno do Estado que priorice tamén o mantemento e mellora do firme da estrada N-540”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Lóxicamente nós non podemos facer máis que apoiar que se faga prioritaria a mellora das infraestruturas da nosa provincia, neste caso o corredor Monforte-Lalín, e a estrada nacional Lugo-Ourense.

O que pasa é que hai que matizar, porque non está exactamente igual o mantemento nesas dúas infraestruturas. Particularmente a estrada nacional entre Lugo e Ourense está nalgúns puntos da mesma absolutamente intransitable, mentres que a situación do corredor a Lalín non é exactamente o mesmo; de feito nesa mesma zona a Xunta de Galicia este ano acaba de facer inversións e segue apostando por esas infraestruturas no sur da provincia, en Monforte particularmente hai días se anunciaba e se facía a inversión de medio millón de euros nas conexión entre os corredores de Monforte a Chantada e de Monforte a Sarria, no CG-2.1. Ademáis temos que recordar tamén outra serie de infraestruturas polas que se está apostando fortemente, como o desdoblamento do corredor que une Sarria con Lugo.

En todo caso está ben que pidamos, pero imos ver o seu gran compromiso co rural e coa zona sur de Monforte na proposta que o Grupo Popular trae a este pleno; porque está moi ben dicirlle ó Estado que faga as súas estradas e que as manteña; está moi ben dicirlle á Xunta de Galicia que faga as súas estradas e as manteña; pero non se ve o mesmo compromiso por parte da Deputación Provincial, señora Porto; vostede estará moi contenta, non sei en que país ou en que provincia vive vostede, porque non é esa situación idílica da rede de estradas da provincia de Lugo, e senón só ten que ir por moitos concellos, incluídos próximos ó seu, e dende logo na zona sur, estradas absolutamente abandonadas desta provincia.

E despois, se queremos apostar polo rural, pola provincia, aparte de poñerlle deberes ós demais, deberemos dar exemplo, e os orzamentos do ano 2021 da Deputación Provincial non son un exemplo, nin en inversión en infraestruturas nin en mellora de mantemento de estradas provinciais.

Polo tanto benvidas sexan unhas reclamacións a outros, pero fagámola nós os primeiros para que alguén pense que esta Deputación serve para algo, non só para mandarlle recados a Feijóo, agardemos que sirvamos para algo, e ímolo comprobar ademáis nunha infraestrutura da que falaremos posteriormente que é moi importante para o sur desta provincia, que une a veciños, Alcaldes, Concellos, e unha opinión xeneralizada da inseguridade que ten; imos ver ese compromiso.

Polo tanto, pedirlle ós demais que melloren as infraestruturas desta provincia, de acordo; priorizar as infraestruturas na zona sur da provincia, de acordo; non só na zona sur, senón tamén na zona centro e na zona norte; pero facer nós o mesmo.

Nese sentido pouco máis que engadir, simplemente anunciar o noso voto a favor nesa liña que acabamos de comentar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:



“A bancada popular hoxe ten un pleno complexo, eu entendo, e polo tanto eu falaba do agradecemento ó Grupo Socialista de non facer partidismo barato, e poñer por diante defender ós veciños e veciñas desta provincia, e vostedes non son capaces; calquera proposta que se trae aquí teñen que levala á demagogia ou presumir de cousas tan ridículas como facer un minitramo de desdoblamento do corredor, que aínda falaba o outro día cun veciño de que o que non coñeza á Xunta de Galicia virá de Coruña por unha autovía, sae, colle uns metros de corredor, despois dous quilómetros outra vez de autovía, e despois volve sair; e esas son as obras das que vén vostede presumir.

Polo tanto sempre queren facer ese partidismo barato, demagogia do Partido Popular, e saelles mal, estan tendo un pleno de pegarse tiros nos pés. Esta era unha proposta ben sinxela que non tiñan que embarrala nin irse polos Cerros de Úbeda, e non son capaces.

E volvendo ó que ten que ver coa proposta, eu creo que son dúas vías que vertebran o sur da provincia; evidentemente di vostede que hai que investir en toda a provincia, pero a ninguén se nos escapa que se a provincia de Lugo está discriminada o sur da provincia quizá non é a zona máis beneficiada polos gobernos que pasaron pola historia.

Polo tanto creo que era unha oportunidade de deixar os oportunismos baratos, e defender ós cidadáns da provincia, e vostedes nin son capaces, teñen que ir sempre á demagogia, marca do Partido Popular, e arrimar a ascua en cousas tan ridículas como un minitramo de desdoblamento e unha moción que pide que non se arranxe unha estrada provincial, e eu non estiven aquí tódolos anos, pero seguramente que é a primeira vez que se pide algo así.

Repito, era unha proposta ben sinxela pero ben importante para o sur da provincia, e esperamos que tanto a Xunta de Galicia coma o Goberno do Estado fagan caso e melloren esas infraestruturas”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que o Partido Popular hoxe está tendo un pleno no que caen constantemente na defensa a ultranza única e exclusivamente da xestión do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Pero mire, señor García, vostedes venden a bombo e platíño esa autovía a que se refería o compañeiro Efrén, e mais alá de irse facer a foto ó corredor Nadela-Monforte, o que si lles quería dicir é que dunha vez lle digan a Feijóo que traia as máquinas e que se poña a traballar, xa desbrozaron, xa fixeron a foto, así que póñanse a traballar dunha vez, e non veñan vendernos o que non están facendo, porque dende logo se un vive na outra esquina de Galicia e non coñece en profundidade o que aquí acontece dá a sensación de que efectivamente temos unha autovía cando nin sequera existe.

E nós o único que pretendíamos era que vostedes se sumaran a unha iniciativa que cremos que non é complicada, é pedirlle a dúas administracións con competencias en dúas estradas importantes para o sur da provincia que as melloren na medida do posible. E ademáis queríamos tamén concienciar sobre a importancia que teñen as comunicación e a mobilidade para as persoas que vivimos no rural.

E eu voulle dicir que se a Xunta de Galicia, porque vostedes entran constantemente nese argumentario que lles mandan dende Santiago, incrementara nun 15%, como fixo esta Institución para o ano 2021 os fondos para estradas estaríamos falando dunha cantidade importantísima para a provincia de Lugo, dende logo seguro que tiñamos a autovía de Lugo a Monforte en moi pouco tempo se fixeran isto.

Dicirlles que cometen outro erro cando abundan na necesidade de retirar inversións adxudicadas na provincia de Lugo, pero isto toca máis adiante, agora vostedes empéñanse en falar en cada punto do que non toca, e nós imos agardar para cando toque falar desa retirada de inversións á que vostedes fan referencia”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Non deixa de ser curioso como plantexan vostedes o funcionamento desta Deputación. Parécelles que é demagogia falar de que a Deputación cumpre cos seus compromisos e coas súas infraestruturas. O señor Castro fala de demagogia e política barata; a política barata no Saviñao, a política barata en Paradela, por iso lles vai a vostedes tan ben neses concellos señor Castro, porque vostedes si que están na demagogia.

Parece ser que falar de como están as estradas desta Deputación é demagogia, e é embarrar; por certo que non sei porque cren que nos está resultando extremadamente complexo este pleno, porque non é a percepción que temos, terana vostedes; é máis, mire vostede o que lles dixemos!, mire vostede ata onde chega a demagogia que lles imos apoiar solicitar a outras administracións que cuiden as súas estradas nesta provincia, e que vostedes non son capaces de cuidar as súas, iso é demagogia?; para que serven vostedes señor Castro?; se falar aquí das competencias desta Deputación é embarrar, que estamos, nun salón?, nun salón no que falamos de Feijóo, a iso vimos?.

Por tanto non cremos que tiveramos feito ningunha demagogia, máis que que atendan á súa rede provincial de estradas porque en tódolos plenos veñen aquí queixas, a través deste Grupo, de concellos e de veciños desta provincia, e iso é embarrar?. Falar de Feijóo, que é do único do que falan vostedes, iso si, logo veñen os galegos e pásanlles o cepillo á súa demagogia. Iso é demagogia, e iso é política barata, pois non señor Castro, non estamos nin embarrando nin facendo demagogia, queremos que esta Deputación sirva para algo, porque para falar do señor Feijóo xa estará o Parlamento de Galicia, xa terán os seus representantes alí e logo xa os galegos deciden despois quen fai política barata e demagogia, porque o levan facendo dende hai ben anos.

Pero, con independencia de todo iso, non nos parece que embarremos nada. Nós apoiamos esta proposta que insta a outras administracións a atender ás estradas na provincia de Lugo; pero queremos, e imos seguir recordándollo tódolos plenos, que a nosa prioridade deben ser as propias da Deputación, e non falar de desgrazado historial de infraestruturas doutras administracións cando as da Deputación si que son un desgrazado historial nos últimos anos, e houbo que facer un préstamo extraordinario para poder atender mínimamente como estaba a rede provincial de estradas nesta Deputación, e foi un acordo de todos. Polo tanto fagan os seus deberes e despois pídánllo ós demais”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Como se saen tanto do tema vaime ser difícil nun minuto pechar esta intervención. Pero si dicírlles que a función desta Deputación e deste goberno é defender ós e ás lucenses, e defender as infraestruturas dependan do goberno que dependan.

Polo tanto esta proposta vai nese sentido; e eu dicíalle o de demagogia porque non faláron desta moción. Eu dicíalle que era un pleno difícil, e a mín gústanme moito os deportes, son deputado de deportes, e se isto fora un partido de fútbol vostedes irían perdendo 5-0, porque cada vez que falan pegáronse tiros nos pés.

Un pleno duro para vostedes, sentímolo moito, pero repito que aquí a función é defender ós veciños e veciñas desta provincia, e facémolo máis alá de quen dependan as infraestruturas, e tamén defendemos a melloras das infraestruturas dependentes desta Deputación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, SOBRE A INTENCIÓN DO CONCELLO DE BEGONTE DE PECHAR O CEIP DE BAAMONDE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre a intención do concello de Begonte de pechar o CEIP de Baamonde.

Hai poucos días coñeceuse a intención do Concello de Begonte de solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a unificación dos CEIP de Baamonde e Virxe do Corpiño nun



único centro. Esto suporía, na práctica, a desaparición do CEIP de Baamonde e o traslado dos seus alumnos ó centro de Virxe do Corpiño. Dende o Concello, esta decisión xustifícase polo desexo de utilizar o edificio de Baamonde como futura sé dun conservatorio profesional de música que daría servizo ós concellos de Begonte, Outeiro de Rei e Rábade.

Esta decisión ten motivado xa as protestas dos pais e alumnos do CEIP Baamonde de Begonte, que manifestaron nos medios de comunicación o seu descontento coa actitude do alcalde, D. José Ulla, pola súa falta de vontade de consenso e diálogo.

Resulta difícil comprender o interese do goberno local por pechar un centro que da servizo a unha trintena de alumnos e que conta cunha dispoñibilidade de espazo e unha ratio profesor alumno especialmente adecuado no actual contexto sociosanitario. A propia Consellería de Educación consultada polos país, xa manifestou que non estaba a estudar o peche da escola, que a iniciativa correspondía ó goberno local.

Por outra banda, tamén cumpre que o Concello explique dun xeito pomenorizado o proxecto de conservatorio que xustificaría esta decisión. A creación dun conservatorio profesional de música require múltiples xestións e procedementos previos. O Decreto 223/2010 de 30 de decembro que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da comunidade recolle no seu artigo 3º dúas modalidades de creación destes centros:

1. Os conservatorios de música e danza dependentes da consellería de Educación corresponde á Xunta de Galicia, mediante decreto.
2. As corporacións locais poden promover a creación de conservatorios de música ou de danza, centros que deberán ser autorizados pola consellería de Educación e acreditar as condicións recollidas no Real decreto 303/2010 de 15 de marzo que establece os requisitos mínimos dos centros de ensinanza artísticas.

No primeiro caso, a Consellería da Educación asumiría a creación do centro e a asunción dos gastos de funcionamento. No segundo caso, sería a administración local a que correría cos gastos, como sucede cos conservatorios profesionais de Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro.

Os e as socialistas imos defender sempre o ensino artístico e a mellora da oferta educativa no rural. Pero precisamente por iso rexeitamos unha actitude unilateral que fai depender a creación dun servizo do desmantelamento doutro.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia

- Que aclare se o Concello de Begonte ten solicitado formalmente a creación dun Conservatorio Profesional de Música, ben de titularidade municipal ou de titularidade autonómica.
- Se o extremo anterior é certo, que se presente un estudo técnico que garanta se o edificio do CEIP de Baamonde cumpre as condicións adecuadas para acoller o devandito conservatorio de música, de acordo co artigo 6 do Real Decreto 303/2010 de 15 de marzo.
- Que celebre no mes de xaneiro reunións cos pais e nais do alumnado dos dous CEIP do concello para avaliar as condicións en que quedaría escolarizado o alumnado en caso de proceder ó peche do centro de Baamonde. E consensuar cas familias as medidas necesarias para garantir a máxima calidade na prestación do servizo educativo, sen que se produza ningunha perda con respecto á situación actual.
- En caso de efectuarse cambios, presentación dun cronograma que contemple o desenvolvemento dos mesmo, facendo coincidir calquera modificación do mapa educativo actual co período de vacacións estivais; dando tempo ás familias a planificar os cambios precisos e garantindo a plena prestación de servizos educativos, de comedor ou transporte dende o primeiro día dun novo curso”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Antes de comezar a miña intervención quixera aproveitar para saudar ós veciños e veciñas de Baamonde, así como ós integrantes da ANPA que hoxe nos acompañan no Salón de Actos



porque, como vostedes saben, non poden estar presentes neste Salón de Plenos por unha cuestión de aforo.

Hai poucos días coñecemos a intención por parte do concello de Begonte de solicitar á Consellería de Cultura a unificación dos dous CEIP, o de Baamonde e o de Begonte. Isto supoñía na práctica a desaparición do CEIP de Baamonde e o traslado dos alumnos ó outro CEIP. Dende o concello xustificaban esta decisión polo desexo de utilizar o edificio de Baamonde como sede dun conservatorio profesional de música que daría servizo ós concellos de Begonte, Outeiro de Rei e Rábade.

Esta decisión a día de hoxe xa ten motivado as protestas dos pais e alumnos do CEIP de Baamonde, que manifestaron nos medios de comunicación o seu descontento coa actitude do Alcalde pola falla de vontade, de consenso e de diálogo.

Resulta bastante difícil entender o interese que pode ter un goberno local por pechar un centro que da servizo a arredor de trinta alumnos e que conta cunha dispoñibilidade de espazo e unha ratio de profesor/alumno especialmente axeitado no actual contexto sociosanitario, e que dende logo resulta a envexa doutros moitos centros educativos que non se atopan no medio rural e que non poden ter estas mesmas ratios.

Por outra parte hai que dicir tamén que o concello debería explicar dun xeito pormenorizado o proxecto do conservatorio que xustifica esta decisión, porque a creación dun conservatorio profesional de música require múltiples xestións e procedementos previos. A lexislación, para resumilo, para a creación dos conservatorios di que por unha parte poden ser conservatorios dependentes da Consellería de Educación, polo tanto corresponderíalle á Xunta de Galicia, mediante decreto, a apertura do centro, ou poden ser tamén as corporacións locais as que promovan a creación dos conservatorios de música. E isto como requisitos mínimos. De tódolos xeitos neste segundo caso, segundo acontece con outros conservatorios, lle correspondería asumir os gastos ó propio concello.

Dende logo nós, os socialistas e as socialistas, defendemos sempre o ensino artístico e a mellora da oferta educativa, máis se é no medio rural, ese rural que tanto presume defender o

Partido Popular; pero precisamente por ese motivo, porque defendemos por igual os dereitos das persoas que vivimos no medio rural, non queremos que dun xeito unilateral se faga depender a creación dun novo servizo do desmantelamento doutro, e máis cando estamos falando dun centro educativo, por múltiples cuestións.

Ante a confusión que se xerou polo criterio do Alcalde, e a clara oposición da ANPA e dos veciños, á clausura deste colexio de Baamonde, a Xunta tratou de ser clara pero ata o momento tampouco o conseguiu porque, ata onde podemos saber polo que vemos publicado nos medios de comunicación, e ademáis polo que nos trasladan os veciños e os pais e nais dos alumnos deste centro, a Xunta de Galicia onde dixo unha cousa agora di outra; primeiro non estaba entre as súas intencións o peche, logo dixo que iso era unha decisión do Alcalde e que se dirixiran a el para que lles dera as explicacións, cando isto non pode ser así, ningún Alcalde decide de xeito unilateral o peche dun colexio, isto sabémolo todos, polo tanto é un intento de manipulación nefasta por parte da Xunta de Galicia.

E en terceiro lugar si contesta, e o fai con bastante nitidez, ás preguntas que lle lanzaron dende a veciñanza de Baamonde, e así claramente á pregunta: “Ten a Consellería previsto facer algunha unificación ou eliminación dalgún colexio a nivel provincial ou autonómico?”, di que no ámbito provincial, que é o que lles compete, non está previsto facer unificación e eliminación de centros; no ámbito autonómico evidentemente dende a Xunta en Lugo non se pronuncian.

No caso que nos ocupa, que é este do colexio de Baamonde, á pregunta de se ten a Consellería algunha notificación ou proposta por parte do concello de Begonte, aclaran que non hai comunicación nin proposta ningunha remitida a esa Xefatura Territorial. E ante a pregunta de se está de acordo a Consellería con promover unha iniciativa do concello de Begonte, plantexada de xeito unilateral, que elimine un colexio histórico que ademáis de atender ós pequenos da propia parroquia atende a nenos que proveñen de parroquias doutros concellos, claramente di a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Lugo que non ten intención ningunha de promover unha iniciativa no concello de Begonte.

Pero como antes dixo practicamente o contrario, os veciños e os pais e nais se ven na obriga de dirixirse á Consellería, e nese sentido é no que nós tamén lles pedimos ós señores do



Partido Popular que aclaren cal é a postura que teñen ao que parece supoñer o peche dun colexio importante no rural desta provincia”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Aproveito para saudar ós traballadores de Suplusa, ós que non lle permitiron entrar e asistir ó Pleno no mes pasado, e tamén por suposto ós veciños de Begonte, que hoxe si tiveron ese dereito que non tiveron no seu momento outros.

Unha das cousas que máis me sorprende no pouco tempo que levo en política é que cando vexo quen firma unha moción xa teño moi claro e xa podo redactar con anticipación o que vou dicir ó día seguinte; porque o discurso sempre é o mesmo.

Esta moción non é máis ca outro intento de xerar polémica onde non a hai, de manipular á opinión pública por intereses partidistas e electorais, e de, como o Ladra pasa por Begonte, poñerse a falar da Xunta outra vez nun pleno desta Deputación.

Permítaseme comezar polo derradeiro punto desta moción, “garantir a plena prestación dos servizos educativos, de comedor ou transporte dende o primeiro día dun novo curso”; estou por apostar que sen solicitar de urxencia, via WhatsApp, que algúns dos asesores gañen o soldo de hoxe, vostede, dona Pilar, non é quen de dicirme cantos nenos do CEIP de Baamonde empregan o servizo de comedor escolar. Pero nembargantes vostede atrevese a esixir que se presten eses servizos nun hipotético cambio da situación actual que nin está plantexada. E senta vostede no mesmo goberno con xente que eliminou exactamente 350 prazas de comedor escolar no concello de Lugo, outorgando as que decidiu unilateralmente, e sen xustificación lóxica, manter por procedementos tan democráticos, razoables e transparentes, coma un sorteo.

E vostede, dona Pilar, non pestañexa ante este recorte dramático dos servizos públicos na capital da provincia, pero séntese na obriga de esixir que en Baamonde se manteña un servizo de comedor escolar en funcionamento, que ninguén pretende eliminar. Fume.

Pide vostede que a Xunta debe consensuar as medidas que se vain adoptar no CEIP de Baamonde cos pais; vostede, que é do Partido Socialista; o mesmo Partido Socialista que acaba de sacar adiante unha Lei Orgánica de Educación que non conta co apoio da comunidade educativa, que xera rexeitamento en miles de familias ó longo de toda a nación, e que é tan mala que nin os seus cómplices habituais do BNG son capaces de apoiar. Non é o mesmo PSOE que afirma que os fillos non son dos pais?, e resulta que en Baamonde si que queren vostedes que se escoite ós pais, a mín dende logo paréceme ben; e si que queren vostedes que se lles teña en conta porque o certo é que a educación a vostedes non lles importa, en cambio quen goberna na Xunta si que é de moito interese para vostedes. E por iso vostede, dona Pilar, presenta esta moción e nin pestanexa.

E pide vostede a presentación dun estudo técnico que garanta se o edificio do CEIP de Baamonde cumpre coas condicións axeitadas para acoller un conservatorio; precisamente vostede, que hai un ano enchía a boca a falar de estudos técnicos sobre ese catamarán que afundiou, non polo río senón pola pésima xestión económica que fan vostedes dos recursos públicos. E aínda estamos agardando por eses estudos técnicos mentres o catamarán segue nun prado, precisamente no concello de Begonte. E ademáis pide estudos técnicos sen pestanexar.

E xa para rematar, pide vostede que a Xunta aclare se o concello de Begonte ten solicitado formalmente a creación dun conservatorio. Ata ese punto de inutilidade real e práctica chegamos con esta moción, que toda ela xa a desmontou vostede mesma ó contarnos na exposición que fixo na súa primeira quenda que a Xunta xa dixo que non consta que o concello de Begonte teña solicitado a creación dun conservatorio profesional de música; e aínda que o sabe, asina esta moción e non pestanexa.

De certo vostede non pestanexa nin cando no seu Partido deciden poñer en evidencia ós compañeiros de Begonte, ós que presionan para que recúen no apoio ós plans do Alcalde e do concello para o futuro dos seus veciños, ata o punto de que na primeira reunión cos pais do CEIP de Baamonde a portavoz socialista acudía a dita reunión en apoio ós proxectos do Alcalde, e votaron a prol dos orzamentos. Un Alcalde que ten non só o dereito de desenvolver proxectos de futuro para o seu pobo, senón que ten a obriga de facelo; e amolos dous, dereito e deber, porque así o decidiu a veciñanza de xeito totalmente palmario e evidente; ten máis concelleiros o Alcalde José Carlos Ulla Rocha cá Alcaldesa Lara Méndez, e nembargantes pensa vostede que ten dereito a



prohibirlle ó Alcalde de Begonte tomar decisións sobre o futuro do seu pobo, mentres os cómplices das falcatuadas da miña querida Alcaldesa atopan acubillo pola porta de atrás nos servizos veterinarios desta Institución, e de novo nin pestanexa.

Pregaríalle dona Pilar que retirase esta moción do pleno na súa seguinte intervención, pois sería o máis lóxico e axeitado. Sei que, como precisamente a intención desta moción é xerar polémica, manipular a opinión pública, e patear a autonomía municipal dun concello no que non gobernan vostedes, faramo o mesmo caso nesta petición ca con calquera outra das que lle facemos, e aínda por riba vaino facer sen pestanexar”

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Señor Poy, empezou vostede a súa intervención xustificando porque trae escritas as súas intervencións, iso é unha decisión súa, se quere tráelas escritas traías, non ten porqué xustificarse. E logo adicou a súa intervención, como levan facendo no pleno, a non falar do tema en concreto, falou dun montón de cousas que nada teñen que ver con isto.

A moción do Grupo Socialista vén poñer a alarma e a preocupación en que un Alcalde saia pedindo que se peche un colexio público, nada máis e nada menos, e nada menos grave cá petición de que se peche un colexio público, un colexio que funciona e que ademáis é o que debería ser o ensino publico, que non usa criterios económicos senón de dar un ensino de calidade e de cercanía a tódolos nenos e nenas do rural.

Vostedes a lexislatura pasada dicían que era a lexislatura do rural, non sei se o que consideran os seus Alcaldes lexislatura do rural é pechar os colexios. Eu creo que unha Deputación coma esta ten que asustarse cando un Alcalde pide pechar un colexio, e eu creo que incluso a vostedes tamén lles pasou cando viron a noticia. E vostede non fala diso, de feito nin sabemos que opina a bancada popular de pechar colexios públicos, porque non dixo nada diso; fala da posición do BNG sobre a lei Celáa, coma se fora a mesma cá do Partido Popular. Nós non votamos a favor da Lei Celáa porque queríamos que fora máis aló, pero evidentemente mellora con moito a Lei anterior de Educación do Partido Popular que era das peores da historia do Estado español.

Polo tanto vostede mestura, e ademáis falou de tantas cousas que na segunda intervención, que ó mellor non a trae escrita, nos di que opinan de pechar colexios públicos, porque ó final é do que se trata isto, queremos que se pechen colexios públicos do rural?, estamos falando de números e de megaproxectos dun Alcalde, ou defendemos un ensino público e que haxa centros a unha distancia razoable para tódolos nenos e nenas do rural?; iso é do que vimos falar hoxe, e vostedes non foron capaces, imos ver se no segundo turno ten vostede oportunidade de aclararnos iso porque eu non sei se vostedes están a favor de pechar colexios públicos ou non, respondan na segunda intervención”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Quedan varias cousas pendentes de aclarar, sen dúbida unha delas ó mellor ma pode dicir o señor Poy, están vostedes a favor do anuncio feito polo Alcalde do concello de Begonte para que se proceda ó peche do colexio de Baamonde?, dígoos así de claro e así de directo porque el anunciou que se ía pechar ese CEIP, el anunciou que contaba co compromiso creo recordar que de 400.000 euros ou algo así para a execución dese conservatorio; e de momento a incompetencia e a incapacidade da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias en materia educativa, é a calada por resposta; primeiro dixeron si, logo dixeron que era cousa do Alcalde, agora din non; os pais dende logo non o teñen claro.

Eu o que si teño claro é que non son os Alcaldes os que cambian os mestres de centro educativo, nin son os Alcaldes os que abren e pechan centros; pero ó mellor o Partido Popular non comparte comigo que isto é así, prefiren deixarlle facer ó Alcalde e acatar o que el diga dende instancias superiores; conviría que vostedes aclararan o seu posicionamento neste Pleno.

Polo que respecta á creación dun conservatorio tampouco nos aclararon nada, non sabemos se vostedes poden ter interese ou non, en todo caso eu déixolles ben claro cal é a nosa postura; a nosa postura non é opoñernos á creación dun conservatorio, é máis, cremos que ámbalas dúas cousas poden ser compatibles, sobre todo nun centro educativo que perdeu un amplo número de alumnos e que seguramente se podería habilitar para compatibilizar as dúas cousas, o eido



educativo en educación primaria e básica e na formación artística. Pero non sabemos tampouco que opinan vostedes ó respecto, ó mellor deberían sentar a falar co Alcalde, ou coa Xunta, ou cos dous, e a ver se así conseguen aclararse o señores do Partido Popular.

Dende logo isto parece que responde máis ben a unha estratexia política clara de desmantelamento de servizos no medio rural, que é algo que vén practicando o PP, aínda que predica o contrario; e témolo claro porque nos últimos dez anos, creo que gobernaban vostedes na Xunta de Galicia, verdade?, cen escolas unitarias pechadas, iso é o que está acontecendo. E non falemos doutras cuestións como pode ser a sanitaria que está caendo no máis absoluto abandono no medio rural.

Por non falar da importancia que ten, se queremos fixar poboación no rural, que as familias teñan os servizos preto da casa; e voulle falar de algo importante, se queremos que a xente quede no rural dende logo non debemos fomentar o desarraigo. E co desmantelamento da educación pública nos colexios rurais desmantelase tamén o arraigo; e isto é algo fundamental para os nenos e nenas e tamén para as familias, que non terían que desprazarse a outros sitios para recibir educación pública”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Cando eu empecei a xogar a rugby había un veterano que cando chegaba ó vestiario o único que facía era espirse de cintura para abaixo, chamaba a un compañeiro que era fisioterapeuta para que lle vendara o xeonllo esquerdo, e despois el por si mesmo vendaba o xeonllo dereito aparatosamente con esperadrapo e cinta aislante, e un día pregunteille porque o facía e díxome que era para que o contrario non saiba onde me doe, e é verdade. E o certo é que en política levo pouco tempo pero parece que o consello tamén serve, coa diferenza de que aquí as debilidades saen publicadas na prensa.

Señor Castro, vou ser moito máis amable con vostede, que se atreve a falar de dignidade nesta Casa despois das noticias que sobre a súa actuación no concello de Sarria saen polas sentenzas, e voume limitar a dicirlle unha cuestión semántica, demitir non é un nome ruso.

Dona Pilar, pensar que un Alcalde polo mero feito de ser do Partido Popular manobra contra os intereses e o futuro dos seus veciños é ser moi demagórico. No Partido Popular estamos a favor da autonomía dos concellos para traballar a prol dos seus veciños en proxectos de futuro e atendendo á situación real do concello; non estamos a prol de pechar nada, e iso é unha cousa que a Xunta xa deixou ben clara; outra cousa é que saibamos como xestionar os servizos públicos atendendo ás necesidades reais.

Pense que cumpriria que tomaran nota vostedes de que concellos de cores diferentes, como Begonte, Outeiro de Rei, e Rábade, cheguen a acordos a prol da veciñanza, coma no tema da escola de música e do posible conservatorio, se é que algún día chega a facerse, por riba das cores, antepoñendo os veciños ó ruído mediático que é o único que pretenden vostedes con isto. Cando xa a Xunta contestou claramente ás preguntas que vostede mesma na súa exposición de motivos xa dixo que a Xunta xa contestara claramente, a que vén o resto?, é absurdo, non ten lóxica, simplemente pretenden facer demagogia e seguir con esas mentiras de que están desfacendo o rural, os servizos públicos, e todo o demais, mentras alí nos concellos onde gobernan por certo non fan máis ca privatizar servizos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Seguen coas súas demagogias, e non sei como cualificar algunhas cousas que di vostede, señor Poy, porque xa lle teño dito que as veces parece que utiliza isto para ir ó clube da comedia; e seguiu sen responder.

Aquí do que se trata é de defender o ensino público, e non quedou claro se vostedes queren colexios públicos ou non, se están a favor de que se peche”.

Neste momento por parte do Sr. Poy Franco realízanse unha serie de manifestacións interrompendo a intervención do voceiro do BNG, e o Sr. Presidente maniféstalle que non está no uso da palabra, que garde silencio e respecte o turno de intervención dos deputados.



Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Poy, creo que se debería dar conta de que a verdade é que aquí adoitan ser plenos moi ordenados, do que nos congratulamos, e vostede é dos poucos que interrompe. E a metade das cousas que di vostede ou os seus compañeiros cabréanme e non me gustan pero non os interrompo, pero manteña vostede mínimamente as formas.

E volvo dicirlle que a mín non me quedou claro, ó mellor é que non se expresa vostede con claridade. O que se trae aquí é a defensa do ensino público e, como dicía a señora Pilar Porto, pódese propoñer un conservatorio de música profesional, e estaríamos a favor, pero son dúas cousas completamente compatibles; propoñer pechar un colexio para abrir un conservatorio, eu creo que só dicilo así en alto xa se ve que é unha proposta ridícula.

Polo tanto esta moción está aquí para defender o ensino público desta provincia, e para que non se peche un colexio na provincia de Lugo. E nós ímola votar a favor porque queremos que se aclaren esas posturas, e estamos totalmente en contra dos peches dos colexios públicos, e non ten que alporizarse por iso”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“A vostede pásalle o mesmo có seu voceiro, ás veces non escoitan o que non queren escoitar.

Eu o que lle lin foi a última resposta que deu a Xunta de Galicia, que precisamente é a que sementa máis dúbidas entre os pais e os veciños de Baamonde porque, a pesares da nitidez con que intenta contestar, hai antecedentes a todo isto; e o certo é que despois de contactar o día 10, o día 12, o día 18, mesmo dicir que o Alcalde ía decidir por parte da Xunta de Galicia, é lóxico que os pais e as nais queiran dirixirse á Consellería de Educación para preguntar qué vai pasar; e a pregunta que lles fago aquí é que van facer vostedes ante a proposta de peche dun colexio rural por parte dun Alcalde; porque todos e cadaun dos puntos de acordo que nós traemos na moción van

encamiñados a clarificar isto, a saber se vostedes están a favor dese peche ou non, ou se están de acordo con nós en manter un servizo público que se está sacando e que se pode compatibilizar seguramente co conservatorio de música”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Señor Poy, creo sinceramente que cando un está nun debate, gústelle ou non o que está escoitando, por respecto, debe escoitar ós demás sen interromper, igual que os demais teñen que escoitalo a vostede, co mesmo respecto e non interrompendo. Por tanto prégoles que non o volva facer, porque xa non é a primeira vez, e a min non me gustaría ter que realizar ningún tipo de aviso. Así que pídolle por favor que se absteña de facer este tipo de comentarios cando está intervindo calquera outro voceiro.

E logo tamén quería dicirlles unha cuestión; señores do Partido Popular, e señor Poy, a vostede traizooouno o subconsciente, xa que eu tomei nota porque me chamou a atención que vostede dixo literalmente, e está gravado e polo tanto pódese escoitar, “o Alcalde ten dereito a levar a cabo o seu proxecto”, se leva a cabo o seu proxecto entón a verdade é que quere pechar o colexio. Así que, señor Poy, falar por falar, sen responder a nada, como fixo vostede, aumenta a preocupación dos pais”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a iniciativa do Grupo Socialista para que non se peche o colexio de Baamonde.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, SOBRE OS XEODESTINOS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:



A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre os xeodestinos da provincia de Lugo.

A lei 7/2011 de Turismo de Galicia, de 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *“as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais.”* O artigo sinala que será *“a consellería competente en materia de turismo”* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *“as entidades supramunicipais interesadas”*.

De acordo con este marco legal, a Xunta de Galicia presentou o 30 de novembro de 2011 o mapa de xeodestinos de Galicia. Neste acto mediático, protagonizado polo presidente da Xunta, déronse a coñecer 14 xeodestinos: Rías Altas, Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e Terra Chá, Ancares-Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Verín-Viana, Manzaneda-Trevinca, Rías Baixas e Deza-Tabeirós.

Desgraciadamente, o ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta amosou no 2011 – lei de turismo en outubro, mapa en novembro – non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas acerca da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da Lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta – como dixo daquela – tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi debatido no Parlamento nin obxecto de publicación no DOG. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.

A confusión non se limita só á ubicación dos concellos, senón ós propios xeodestinos existentes na provincia. Turismo de Galicia segue a recoñecer na súa web o xeodestino Ancares-Courel, que foi obxecto de presentación no stand de Fitur 2020. Pero ó longo deste ano, a propia Xunta ten recoñecido de facto a división deste en dous: dunha banda un xeodestino Courel, e doutra o xeodestino Ancares-Terras de Burón.

Así, o 23 de setembro de 2020, A Axencia de Turismo de Galicia asinou un convenio co GDR Ribeira Sacra-Courel para “a reactivación do Turismo no xeodestino Courel”. Courel aparece mencionado neste documento indistintamente como xeodestino e como subxeodestino, categoría esta última que non existe na Lei de Turismo. Este xeodestino estaría formado polos concellos de Triacastela, Samos, O Incio e Folgoso do Courel, que terían indicado á Xunta o seu desexo de deixar de compartir xeodestino cos Ancares. Non obstante, o 24 de setembro, a Xunta asina un convenio para a reactivación do turismo no xeodestino Ancares-Courel.

E o 26 de novembro de 2020, os concello de Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro e Ribeira de Piquín acordaron a denominación de xeodestino Ancares-Terras de Burón, en resposta á saída dos concellos do sur. Esta asociación ten recibido xa fondos da Xunta, que recoñecería deste xeito a súa existencia

Cumpre salientar que, a pesares dos convenios firmados, a páxina web oficial de Turismo de Galicia non recolle ningún destes posibles cambios, e segue a considerar Ancares-Courel como un único xeodestino.

O Grupo Provincial Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobreporse ó efecto da covid. Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia



- Que abra un proceso de diálogo cos concellos e as Deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.
- Que o mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxerencias dos concellos e feitos os cambios oportunos, adquira verdadeiro carácter oficial, co seu debate no Parlamento de Galicia e a súa publicación no DOG.
- Que proceda a desenvolver o marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa”.

Neste momento abandoa a sesión a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Desculpe señor Tomé, pero entendín mal logo, acabolle de oír que se aprobou unha moción para pedir que non se peche o colexio de Baamonde. Pero a moción non versaba sobre se se cerraba ou non o colexio de Baamonde, era pedir información á Xunta”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Señor Poy, o debate do punto rematou, está votado, e estamos a comezar outro punto, así que non interrompa. Polo tanto ten o turno de intervención a señora Deputada dona M^a. Pilar García Porto”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Imos ver se somos capaces de centrarnos ante este apabullante comportamento por parte do señor Poy, que intentou manipular a información, e eu creo que ata ignorando chegou incluso a insultar a veciños e pais de Begonte.

Imos centrarnos na seguinte moción, que é a que traemos tamén dende o Grupo Provincial Socialista a este pleno da Institución provincial, sobre os xeodestinos cos que contamos na provincia de Lugo.

De acordo co marco legal, a Xunta de Galicia presentou no ano 2011 o mapa de xeodestinos de Galicia. Isto foi un acto sen dúbida ben mediático, protagonizado polo Presidente da Xunta, no que se deron a coñecer os 14 xeodestinos de Galicia.

Desgraciadamente, a partires de aí o ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta amosaba naquel ano non veu acompañado dun desenvolvemento normativo posterior. E en consecuencia a Xunta ten xerado xa as queixas dos concellos e tamén amplas dúbidas acerca da situación real dos xeodestinos.

Transcorreu pouco tempo entre a presentación da Lei e o mapa, e isto fainos pensar e ter dúbidas razoables a cerca de se a Xunta, tal e como predicaba, tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. A maiores disto, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi debatido no Parlamento nin foi obxecto de publicación no DOGA; e a pesares diso, o mapa foi revestido de absoluta oficialidade e, de feito, é o documento que utiliza a propia Xunta para ter en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos. Non é oficial pero utilízano como tal.

A confusión non se limita únicamente á ubicación dos concellos senón ós propios xeodestinos que existen nesta provincia. Dende a Xunta seguen recoñecendo na súa web o xeodestino Ancares-Courel na web de Turismo de Galicia, que foi presentado ademáis no stand de Fitur neste ano 2020, pero logo ó longo deste mesmo ano a propia Xunta recoñeceu de feito a división deste xeodestino en dous, o xeodestino ou subxeodestino Courel, e o xeodestino ou subxeodestino Ancares-Terras de Burón.

E isto podémolo comprobar porque o 23 de setembro deste ano dende a Axencia de Turismo de Galicia asinabase un convenio co GDR Ribeira Sacra-Courel para “a reactivación do Turismo no xeodestino Courel”. Courel aparece mencionado neste documento indistintamente como xeodestino e como subxeodestino, categoría esta última que non existe na Lei de Turismo de



Galicia. E este xeodestino estaría conformado polos concellos de Triacastela, Samos, O Incio e Folgoso do Courel, que terían indicado á Xunta de Galicia o seu desexo de deixar de compartir xeodestino cos Ancares. Aínda así, o 24 de setembro, a Xunta asina tamén un convenio para a reactivación do turismo no xeodestino Ancares-Courel.

E pasado un tempo, o día 26 de novembro deste mesmo ano, os concellos de Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro e Ribeira de Piquín acordaron a denominación de xeodestino Ancares-Terras de Burón, en resposta á saída dos concellos do sur. Esta asociación ten recibido xa fondos da Xunta, que recoñecería deste xeito a súa existencia

É necesario dicir que, a pesares deses convenios firmados, a páxina web oficial de Turismo de Galicia non recolle ningún destes cambios, e segue a considerar Ancares-Courel como un único xeodestino.

Nós dende o Grupo Provincial do Partido Socialista, ante isto lamentamos a confusión que se ten xerado pola Xunta de Galicia, sobre todo entorno ó concepto que é un xeodestino, confusión que lle está restando eficacia á hora de converterse nun instrumento impulsor do turismo, que era a finalidade coa que naceron; algo que resulta máis grave aínda se cabe na actual situación que estamos a vivir, na que ademáis temos unha importante oportunidade para aproveitar nesta provincia, porque os nosos destinos turísticos son máis atractivos aínda agora se cabe, se antes eramos unha opción agora somos unha oportunidade, porque se busca turismo non masificado, turismo en contacto coa natureza, turismo que nos permita as actividades e as prácticas deportivas, e polo tanto a nosa provincia aí ten moito que ofrecer.

E nese sentido é no que nós traemos a pleno esta moción para que a Xunta de Galicia abra un proceso de diálogo cos concellos, tamén coas Deputacións, para estudar e redefinir os posibles cambios no mapa actual de xeodestinos. Que o mapa resultante do proceso, unha vez escoitadas as suxerencias se oficialice, se debata no Parlamento de Galicia e se publique no DOGA. E que se desenvolva un marco normativo para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos para modificar o mapa”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou ser moi breve, nós imos apoiar esta moción; creo que xa explicou a señora Porto todo iso que o Grupo Popular moitas veces trae, mesmo hoxe dicía que os deixaban aparte e non se consensuaban as cousas, pois a Xunta despois de prometer consenso cos concellos, cos afectados, como ela ben explicou, deixounos aparte, e agora están así as cousas coma nun limbo que non saben moi ben a que aterse varios dos concellos e persoas afectadas polos xeodestinos.

Polo tanto cremos que vén a conto esta moción e que é importante aclarar iso para un sector como é este, e polo tanto imos votar a favor”.

Intervén a Sra. Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Traen aquí vostedes unha moción na que xa se leva tempo traballando dende a Xunta de Galicia, no tema dos xeodestinos.

A Xunta sempre foi a que liderou estas iniciativas para animar ós concellos a impulsar ou a crear os seus xeodestinos para, sobre todo, aproveitar as axudas que chegan ata un 90% da súa inversión total.

No caso do xeodestino a que se refiren na moción como Ancares-Courel, recordarán vostedes que no ano 2017 a Xunta empezou, mediante persoal de turismo, e o propio Delegado, a manter varias reunións para que un territorio da provincia comezase a funcionar como xeodestino, e puidera aproveitarse e investir as axudas que outros territorios xa estaban tendo porque xa estaban funcionando como xeodestino, como por exemplo a Ribeira Sacra ou a Mariña Lucense, ós que tamén a Deputación lles dá unha axuda como xeodestinos que son xa dende hai tempo, estando xa consolidados.



Foron días e horas de negociación, e nese ir e vir, catro concellos, O Courel, Samos, O Incio e Triacastela, decidimos ir xuntos como naquel momento nos indicaron, dicíndonos que podíamos ir coma un subxeodestino. Foi o que fixemos, fomos como subxeodestino O Courel, e mantendo que queremos ser un xeodestino, onde nolo ía xestionar o GDR Ribeira Sacra-O Courel, posto que eses catro concellos pertencemos a este GDR. Feita esa consulta, por parte da Xunta non se opuxeron, polo que procedemos desa maneira. Eles querían que se ordease un territorio de acordo cos concellos, pois faltaban catorce concellos sen esa figura e sen recibir polo tanto axudas coma os outros xeodestinos.

Entendemos que non debe ser un motivo de discordia nin malos entendidos, senón todo o contrario, un territorio tan extenso como dende o Courel a Fonsagrada dá para ter dous xeodestinos perfectamente, nos que ademáis eses catro concellos que tomamos a iniciativa compartimos o GDR Ribeira Sacra-O Courel, a futura Reserva da Biosfera Ribeira Sacra-Serra do Oribio-O Courel, e son os concellos próximos que compartimos similitudes.

Por iso imos anunciar o noso voto a favor desta moción; a Xunta sempre recalcou que a iniciativa na creación dos xeodestinos para a promoción turística estaba en mans dos concellos en base á súa autonomía. Asi que si que está ben ordear todo isto, que se aclare, que poñan no seu sitio se é xeodestino ou subxeodestino; pero, iso si, que quede claro que somos os concellos os que debemos impulsar os xeodestinos, e funcionar con eles”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Nós non poñemos en dúbida en ningún momento que a impulsora disto fora no seu día a Xunta de Galicia alá polo ano 2017, pero o que queremos é que se oficialice señora Castro, e creo que niso concordamos todos. Cremos que é importante para o desenvolvemento do territorio, non vai contra ningún, nin é motivo de discordia, os concellos están de acordo, alo menos iso é o que a nós nos chega, polo tanto nada que discutir nese sentido.

O que pasa é que os xeodestinos son un exemplo da xestión que está facendo a Xunta de Galicia, a xestión do territorio que non é boa, e nos está amosando ademáis que ten unha

incapacidade manifesta para escoitar ós concellos e para trasladar a efectos prácticos o que eles desexan; e isto témolo claro porque hai unha contradición, un dobre criterio que é un tanto grotesco, a Xunta está por unha banda asinando convenios con xeodestinos que Turismo da Xunta de Galicia non recoñece, ou alo menos non o recoñece na web de xeito público porque xa non podemos falar de xeito oficial porque, como lle dicía antes, isto nunca se oficializou. Mentres tanto o Conselleiro e a directora de turismo fan unha *fake news* dun novo xeodestino, que non é novo, e que fora do pasado para a prensa, e que ademáis non se recoñece en ningures.

Eu creo que a falta dun desenvolvemento normativo, un marco legal, é o limbo no que se sitúa o mapa de xeodestinos da Xunta de Galicia, e isto é o que ten xerado esa confusión tan ampla ó longo de toda unha década. No que nos toca nesta provincia, vostede sábeo ben, danse paradoxas como a do concello de Riotorto, por non falar deste xeodestino que puxemos agora enriba da mesa, que se integran na Mancomunidad da Mariña, a entidade xestora do xeodestino Mariña Lucense, pero Turismo de Galicia o está incluíndo no xeodestino de Lugo Terra Cha.

Quero dicir con isto que a confusión vai máis alá do que é, necesario non, imprescindible, oficializar ese mapa, sometelo ó Parlamento de Galicia, e publicalo no DOGA para que todos saibamos a que nos estamos atendo; isto non quere dicir que non poida haber modificacións, que non poida haber melloras, que non poda haber cambios de opinión ou interese por parte dos concellos, que terán que ser recollidos, en todo caso terán que aterse eses cambios a un marco normativo que é o que estamos botando en falta neste caso”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Dicía vostede, señora Castro, que eran moi importantes as iniciativas dos concellos, e niso estamos de acordo; pero tamén estará de acordo con nós en que iso ten que estar nunhas regras e nun marco de xogo claro, que sexa entendible para os xestores dos concellos e para os veciños, e aí é onde a Xunta ten que aclarar todo iso.

Evidentemente aínda que un concello estea incluído nun xeodestino se non lle interesa participar desas iniciativas non o vai facer, pero o que se pide nesta moción é amosar luz e que iso



quede claro, definido, a través dun decreto, como se fai en calquera cousa; é dicir, marcar unhas normas de xogo para que os concellos poidan aproveitar os xeodestinos, e aquel que non queira non, iso é decisión da autonomía municipal. Pero evidentemente temos que saber a que estamos xogando e con que regras; esta moción vén pedir iso, e polo tanto, como dicía antes, o meu Grupo vaina votar a favor”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Repítolle que estamos de acordo; a Xunta sempre recalcou que a iniciativa na creación dos xeodestinos para a promoción turística estaba en mans dos concellos, e de feito nós presentámolo e non houbo ningún problema.

En canto a que faltan por ordear todas estas figuras, estou de acordo. Que o territorio se enche dun montón de figuras, pero que tanto os concellos, como a Xunta, como a Deputación, todos aproveitamos, para coller fondos e poder facer as promocións turísticas. Que hai na nosa provincia uns nomes que xa están aí e van aproveitarse, pois supoño que en case tódalas figuras como pode ser Os Ancares, O Courel, ou a Ribeira Sacra, O Cebreiro, nomes que son máis coñecidos e máis relevantes, pois tamén; para que o facemos?, para recoller fondos e facer unha promoción turística.

Estamos de acordo en que isto se debe ordear, pero para iso leva traballando xa moito tempo nisto a Xunta de Galicia, e o que nos confirman é que o van seguir facendo e que teñen a intención de que isto quede ordeado, tamén un pouco cos concellos. Había unha parte da provincia que estaban xa traballando hai moito tempo con eses xeodestinos, porque conseguirán porse de acordo e impulsalo así, como é a Ribeira Sacra ou a Mariña Lucense, ás cales a Deputación incluso lles está dando axudas dende hai tempo porque están consolidadas. E por tanto que se ordenen estes outros xeodestinos, que esteamos na mesma orde de oportunidades; e isto ó mellor tamén debería ir acompañado de plans a nivel estatal do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, e que se prioricen estas zonas máis desfavorecidas.

Ó mesmo tempo tamén esperamos que a Deputación, cando isto estea consolidado, dentro das súas posibilidades, poda axudar a estes outros xeodestinos que se vaian consolidando.

E pola nosa parte nada máis que dicir, imos apoiar esta moción porque nos parece ben, e neste sentido como tamén a Xunta quere seguir traballando”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Estando todos de acordo en que é imprescindible ter ese marco normativo que permita definir con claridade a creación dos xeodestinos, pero tamén o desenvolvemento dos mesmos, cabe dar traslado á Xunta de Galicia e agardar que tome boa nota de que os deberes levan anos sen facer porque isto non está oficializado; que o fagan, a partires de agora, no máis breve prazo de tempo posible, e ademáis de pedirlle ó Goberno do Estado e á Deputación de Lugo que colaboren, señora Castro, coincidirá comigo en que a Xunta de Galicia, que é a responsable última dos xeodestinos e, como vostede di, a protagonista e impulsora, e todo o demáis, tamén deberá participar no desenvolvemento.

Dito isto, alégrome moito de que detectaran esta necesidade, ó igual ca nós, e se sumaran a esta proposta”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que a señora Vicepresidenta, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, ausentouse da sesión, o que se considera para os efectos de votación coma unha abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 23 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 1 (correspondente á señora Vicepresidenta, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.



10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DA APLICACIÓN DE COEFICIENTES REDUTORES PARA A XUBILACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS DO SECTOR DA EXTRACCIÓN E A TRANSFORMACIÓN DA PEDRA (GRANITO E LOUSA PRINCIPALMENTE) E O RECOÑECIMENTO DE INCAPACIDADE PERMANENTE SE SON DIAGNOSTICADOS DE SILICOSE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda da aplicación de coeficientes redutores para a xubilación das persoas traballadoras do sector da extracción e a transformación da pedra (granito e lousa principalmente) e o recoñecemento de incapacidade permanente se son diagnosticados de silicose

Exposición de Motivos

Nas publicacións do Instituto Nacional de Silicose pode apreciarse claramente o aumento progresivo dos casos de silicose en Galiza, que pasou de representar o 25,37% dos casos de silicose do Estado para ter no 2017 o 47,5%. No informe referido ao 2019 Galiza conta co 42% de afectados cun total de 92 casos do total de 219 no conxunto do Estado.

No 2019 dos 92 casos detectados en Galiza, 67 son de persoas traballadoras en activo e 25 de pensionistas. Na súa maior parte proceden do sector da lousa seguidos polo do granito e das marmorerías, e moitos deles presentan enfermidades intercorrentes.

A silicose é un tipo de pneumoconiosis, enfermidade caracterizada pola acumulación de po nos pulmóns e as reaccións do tecido en presenza dese po. Trátase dunha enfermidade pulmonar progresiva e irreversible causada pola inhalación prolongada de partículas de sílice. Trátase polo

tanto dunha enfermidade debida á actividade laboral, cun prognóstico de curación case imposible e cunha tendencia de agravación progresiva.

No Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e establécense criterios para a súa notificación e rexistro, recoñécese á silicose como enfermidade profesional, establecéndose unha serie de traballos nos que se recoñece a súa relación intrínseca coa acumulación de po de sílice nos pulmóns e que, polo tanto, acabarán causando a enfermidade.

Resulta evidente que os traballadores das canteiras de pedra e da lousa están sometidos a un tipo de actividade profesional que en moitos casos deriva nunha enfermidade de orixe laboral, debido á inhalación de altos porcentaxes de sílice. Os estudos demostran a gran incidencia de silicose entre estes operarios. Aínda que no é a única enfermidade profesional relacionada directamente con su actividade, así, constatouse dende os primeiros informes respecto diso iniciados no 2002 unha gran incidencia de redución da audición, polo que a xordeira é tamén unha enfermidade de gran incidencia de orixe profesional. Trátase pois dunha situación para abordar seriamente polas Administracións Públicas, coa adopción de medidas legais, laborais e socioeconómicas que incidan nunha mellora das súas condicións.

Un dos principais problemas cos que se enfrontan as persoas con silicose é o acceso á Incapacidade Permanente Total, pois segundo establece el artigo 45 da Orden Ministerial de 15 de abril de 1969, que regula a aplicación e desenvolvemento das prestacións de invalidez do Réxime Xeral da Seguridade Social, O primeiro grao de silicose sen enfermidade interconcurrente non é suficiente para o recoñecemento da IP. Así, o citado artigo 45 establece:

“Art. 45. Normas particulares para a silicose.

1. O primeiro grao de silicose, que comprenderá os casos de silicose definida e típica, que non orixine, por si mesma, diminución algunha na capacidade para o traballo, non terá a consideración de situación constitutiva de invalidez.

Con todo, o devandito grao equipararase:

a) Ao segundo grao de silicose, ao que se refire o número 2 do presente artigo, mentres aquela coexista con algunha das enfermidades seguintes:



- a. Bronconeumopatía crónica, este ou non acompañada de síndrome asmáticos.
- b. Cardiopatía orgánica, aínda que este perfectamente compensada.
- c. Cadro de tuberculose sospeitoso de actividade ou lesións residuais de esta etioloxía.

b) Ao terceiro grao de silicose ao que se refire o número 3 do presente artigo, mentres aquela concorra con afeccións tuberculosas que permanezan activas.

2. O segundo grao de silicose, que comprenderá os casos de silicose definida e típica que inhabiliten ao traballador para desempeñar as tarefas fundamentais da súa profesión habitual, terá a consideración de situación consecutiva de invalidez permanente e equipararase a de incapacidade total para a profesión habitual.

Nenbargantes, dito grao de silicose equipararase ao terceiro , ao que se refire o seguinte número, mentres aquela concorra con afeccións tuberculosas que permanezan activas.

3. O terceiro grao de silicose, que comprendera os casos no que a enfermidade se manifeste ao menor esforzo físico e resulte incompatible con todo traballo , terá a consideración de situación constitutiva de invalidez permanente e equipará a de incapacidade absoluta para todo traballo.

4. O traballador declarado silicótico de segundo grao terá dereito, calquera que fose a súa idade, a pensión vitalicia prevista no número 2 do artigo 15, sen perxuízo de que poida acollerse as medidas de recuperación procedentes, neste caso, ademais da pensión , percibirá só as becas e salarios de estímulo que poidan corresponderlle.

En conclusión, segundo a regulación vixente , a silicose de primeiro grao non se considera enfermidade profesional que determine o recoñecemento dunha incapacidade permanente, non obstante, o traballador tampouco pode continuar traballando xa que segundo a Orde de 9 de maio de 1962, ese traballador debería ser trasladado a outro posto que non exista o risco de inhalación, o que dificilmente pode suceder nunha empresa adicada a extracción ou transformación do granito ou da lousa., onde non existen postos de traballo no exposto ao pó. Por elo resulta inxusto que unha persoa traballadora diagnosticada de silicose de primeiro grao xunto con unha das enfermidades

anteriormente referidas se lle equipare ao segundo grao e poida acceder a Incapacidade Permanente, pero un de só primeiro grao non poida seguir traballando pero non teña acceso a Incapacidade Permanente. De feito, o máis habitual, é que non existindo on posto exento de pó, o empresario deba extinguir a relación por causas obxectivas coa indemnización correspondente e que o traballador quede sen protección por continxencia profesional.

Neste senso existe ampla xurisprudencia e incluso resolucións internas nas que se insta a considerar a persoa traballadora nestes casos como inhabitada para a súa profesión habitual e polo tanto debe proceder o recoñecemento dunha incapacidade permanente total. Isto obriga a ter que recorrer a vía xudicial para o seu recoñecemento.

Outro dos asuntos que afectan a este colectivo que necesita dunha atención urxente é o referido a asignación de coeficientes redutores da idade de xubilación as persoas traballadoras no sector da extracción e transformación da pedra con alto contido en po como son o granito e a lousa. Neste senso , xa no 2009 aprobarase no Congreso dos deputados, a instancia do BNG unha proposición no de LEI por unanimidade na que se instaba ao goberno á asignación de coeficientes redutores da idade de xubilación aos traballadores do sector, pola contra máis de 10 anos despois nada se fixo neste senso.

A pesares de que distintas sentenzas xudiciais teñen recoñecido xa esa equiparación , a Seguridade Social segue sen recoñecelo de forma xeral, e obriga as persoas a recorrer á vía xudicial para logralo, por elo é imprescindible que se fagan as reformas normativas necesarias para equiparar os coeficientes redutores aplicados neste sector aos aplicados na minaría de interior e que se regulan no Real Decreto 2366/1984, de 26 de decembro.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón que se acorde polo Pleno desta Deputación de Lugo instar ao Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias pra dar solución aos problemas do sector da extracción e transformación da pedra (granito e lousa principalmente) e que se recollen nos seguintes puntos:



1. Instar ao goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para dar solución aos problemas do sector da extracción e transformación da pedra (granito e lousa principalmente.).

2. Revisar os actuais coeficientes redutores asignados de modo que se equiparen os da categorías da minaría de exterior (a ceo aberto) cos da minaría de interior regulados pol Real Decreto 2366/1984, de 26 de decembro, sobre redución da idade de xubilación de determinados grupos profesionais incluídos no ámbito do Estatuto Mineiro, aprobado polo Real Decreto 3255/1983, do 21 de decembro.

3. Estender ao subsector de transformación mineral a asignación de coeficientes redutores para a idade de xubilación xa que os niveis de po e ruído son similares aos da industria extractiva como queda reflectido en diversos estudos e medicións realizados por organismos oficiais (Instituto Nacional da Silicose, Consellería de trabalo da Xunta de Galiza...), Sendo ademais un dereito recoñecido polo Xurisprudencia.

4. Asignar dentro do sistema da Seguridade Social un código identificador das empresas que desenvolvan a súa actividade no sector da extracción e transformación da pedra(como son o granito e a lousa), para que os informes de vida laboral se identifique automaticamente esa actividade, de modo que o traballador acredite unicamente o posto de traballo desempeñado e non a actividade da empresa a hora de efectuar io calculo da idade de xubilación. Trátase de evitar, como sucede na actualidade, que o traballador teña que recorrer a solicitude individualizada de asignación de coeficientes de redución empresa por empresa.

5. Recoñecer a situación de Incapacidade Total as persoa traballadoras diagnosticadas de silicose de primeiro grao que non poidan acceder a outro posto de traballo exento de risco de exposición á inhalación de po silicótico dentro da mesma empresa

6. Dalas instrucións necesarias ao INSS para que, mentres non lexisle no sentido antes indicado, varíe o criterio actual, aplicando a ampla xurisprudencia existente, recoñeza o dereito a aplicación de coeficientes redutores do Real decreto 2366/1984 as persoas traballadoras das empresas de extracción e transformación da pedra (granito e lousa principalmente)”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón engadir aos acordos pretendidos o seguinte punto:

7. Instar á Xunta de Galicia a que realice unha mellora substancial dos sistemas de prevención e inspección directamente relacionados co sector”.

Neste momento incorpórase á sesión a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Traemos aquí unha iniciativa para tratar de defender a uns traballadores que teñen unha demanda histórica nun sector que ten a súa importancia na nosa provincia como é o da extracción da pedra, nomeadamente granito e lousa, e que temos datos de 2019 de que en Galicia foron detectados 92 casos de silicose, 67 desas persoas eran traballadores en activo e 25 pensionistas.

Está explicado na moción, esta é unha moción longa e bastante técnica, pero o final no que se resume esta demanda é que os traballadores e traballadoras que son diagnosticadas de silicose en grao un non é considerada enfermidade profesional; iso que obriga ás empresas a cambialos de posto de traballo a un posto onde non estean expostos ó po, e se non existe ese posto de traballo hai un despedimento regulado e quedan na rúa coa súa indemnización, pero sen unha xubilación.

Polo tanto aquí o que se pide é que eses traballadores declarados con silicose de grao un teñan acceso á incapacidade plena, e tamén equiparar ó subsector da transformación da pedra porque alí onde se transforma están expostos de igual ou parecida maneira a onde se extrae a pedra, polo que tamén sobren esa enfermidade tan grave como é a silicose, e coa lexislación actual non poden acceder ós mesmos beneficios de xubilación e de coeficientes de redución.



Polo tanto nós pedimos instar ó Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para dar solución aos problemas do sector da extracción e transformación da pedra. Revisar os actuais coeficientes redutores asignados de modo que se equiparen ós das categorías da minería de exterior cos da minaría de interior regulados pol Real Decreto 2366/1984, sobre redución da idade de xubilación de determinados grupos profesionais incluídos no ámbito do Estatuto Mineiro, aprobado polo Real Decreto 3255/1983.

Estender ao subsector de transformación mineral a asignación de coeficientes redutores para a idade de xubilación xa que os niveis de po e ruído son similares aos da industria extractiva como queda reflectido en diversos estudos e medicións realizados por diferentes institucións, como o Instituto Nacional da Silicose, a Consellería de Trabalo da Xunta de Galiza. E sendo ademáis un dereito recoñecido polo Xurisprudencia.

Asignar dentro do sistema da Seguridade Social un código identificador das empresas que desenvolvan a súa actividade no sector da extracción e transformación da pedra, como son o granito e a lousa, para que os informes de vida laboral se identifique automaticamente esa actividade, de modo que o traballador acredite unicamente o posto de traballo desempeñado e non a actividade da empresa a hora de efectuar o calculo da idade de xubilación. Trátase de evitar, como sucede na actualidade, que o traballador teña que recorrer a solicitude individualizada de asignación de coeficientes de redución empresa por empresa.

Recoñecer a situación de Incapacidade Total ás persoas traballadoras diagnosticadas de silicose de primeiro grao que non poidan acceder a outro posto de traballo exento de risco de exposición á inhalación de po silicótico dentro da mesma empresa. E dar as instrucións necesarias ao INSS para que, mentres non lexisle no sentido antes indicado, varíe o criterio actual, aplicando a ampla xurisprudencia existente, e recoñeza o dereito a aplicación de coeficientes redutores do Real decreto 2366/1984 as persoas traballadoras das empresas de extracción e transformación da pedra.

Creo que é moi entendible, é unha reivindicación histórica dos traballadores e traballadoras dese setor, e que como ben se di na moción incluso é unha reivindicación recoñecida individualmente pola xurisprudencia. E polo tanto nós cremos que se a xurisprudencia está fallando

nese sentido, o máis normal e o máis acaído é que se adapte a lexislación para que iso non teña que ir pola vía xudicial, senón que eses traballadores teñan directamente dereito a eses beneficios despois de sufrir unha enfermidade tan grave como é a silicose”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Lévase falado moito neste pleno de complexidade; a moción que trae hoxe a colación o señor Castro, aparte de técnica claro que é tremendamente complexa. É unha moción de cara e cruz, unha moción onde se contrapón o “deber ser” co “ser”, o mesmo que pasaba co Plan Único onde o señor Presidente presumía de ter un bo Plan, e nós entendemos que porqué ter un bo plan cando se pode ter un mellor; compáreno, señor Presidente, cos que están mellor e non cos que están máis abaixo.

E neste caso, señor Castro, dende o punto de vista ideal estamos de acordo en que é unha moción razoable, eu diría que unha moción incluso xusta por canto trata de resolver unha reivindicación histórica dun sector importante en Galicia como é o sector da pedra; un sector importante que, ben sabe vostede, incluso ten un idioma propio, o idioma dos canteiros, moi estendido na miña comarca da Terra Cha.

Pero se dende o punto de vista real é razoable a súa proposta, no plano práctico choca abertamente coa dificultade de aplicación, e non é casual o feito de que teña xa unha traxectoria moi longa dende o ano 2009, como se refire na súa moción, que xa se presentou a debate no Congreso, e ata hoxe en día segue sen resolverse, e seguramente non é por casualidade porque pasaron gobernos de distintas cores políticas e non resolveron tampouco o problema, posto que ten complicacións de carácter técnico, complicacións de alcance, complicacións de valoración económica importantes.

Eu, para facelo así máis rápido, dividiría a súa moción en dous grupos; un primeiro punto que é o referido ó apartado quinto da súa moción, que é o recoñecemento da incapacidade total ós traballadores afectados de silicose de grao un sen enfermidade concurrente cando non poden acceder a outro posto de traballo na mesma empresa. Eu creo que neste caso a nosa posición é dun



voto claramente favorable por unha razón de xustiza, porque si que trata de atallar unha situación preocupante, o feito de que a silicose afecta cada vez a xente máis nova, e tamén que se estende máis curiosamente no ámbito do sector mineral ca no do carbonífero.

A modificación da normativa actual, como ben dicía o expoñente da moción, é necesaria porque causa problemas ós traballadores afectados, que de facto quedan expulsados do mercado laboral; e tamén causa problemas ós empresarios que teñen que acudir á extinción por razóns obxectivas, cando poderían facelo por unha extinción natural como é a incapacidade permanente.

E tamén é verdade que neste caso hai unha pauta non de comportamento pero si de interpretación do Instituto da Seguridade Social no sentido de establecer unha clara diferenza nos supostos en que se debe acudir ó traslado de posto de traballo, e aqueloutros en que se pode acudir á incapacidade permanente; aínda que é certo que esa pauta na práctica non se aplica porque as Mutuas e a propia Seguridade Social moitas veces non a acollen, pero se existen esas pautas só sería cuestión de trasladalas ó ámbito lexislativo.

Pero ten tamén dificultades, fundamentalmente duas. Unha é o financiamento, que podería atallarse pola vía da modificación das cotizacións á Seguridade Social, e outra non menor, que é de técnica lexislativa, a modificación da normativa actual posiblemente non chega porque está recollida nunha Orde Ministerial, a de 15 de abril de 1969, e unha Orde Ministerial, que é de rango inferior á Lei Xeral da Seguridade Social, onde se recolle a definición e o concepto de incapacidade permanente total, que habería que revisar ou modificar; pero a técnica lexislativa require únicamente enxeñería lexislativa, e podería solventarse; e eu creo que sería razoable votar favorablemente este punto.

O seguinte estaría incluído polos puntos 2, 3 e 4, incluso 5, da moción do BNG, que é o referido ós coeficientes redutores da idade de xubilación.

En canto ó punto segundo, a equiparación da minería interior e exterior, xa se establecen eses coeficientes no Real Decreto 2366 de 1984, que establece as diferentes escalas para unha minería e outra. Podería facerse, pero ten un problema que é que ese Decreto establece os coeficientes con carácter xeral para toda a minería do exterior sen distinguir nin material nin

mineral, co cal a posible revisión dos coeficientes recoñecidos habería que estendelo a toda a minería de exterior do territorio nacional, coas implicacións económicas que ese aspecto requiriría.

Estender o recoñecemento tamén ós traballadores do subsector da transformación tería o problema de que esa extensión seguramente habería que facelo a outras moitas industrias de ámbito nacional que o veñen reclamando insistentemente, singularmente cementerías, industrias do formigón.

O código identificador ten un problema que nunha empresa con código se se fai a aplicación automática a tódolos traballadores do coeficiente redutor podería dar lugar a circunstancias curiosas como que administrativos, oficinistas, ou persoal directivo, recibiran ese coeficiente sen estar expostos á penosidade e peligrosidade dos traballadores que traballan no exterior.

En definitiva, un traballo técnico e un traballo económico importante que lóxicamente, en función do que vostede nos resposte, condicionarán o noso sentido do voto en relación ó último dos apartados que é moi indicativo desta moción”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Creo que esta moción quedou claramente exposta nos seus termos. Pero aquí hai unha cousa que me fixo moita graza na intervención do señor Agustín Baamonde, que é que cando se trata de recoñecer un dereito ó final sempre aparece a escusa da economía, de que habería que revisar a economía, que habería que ver como se financia; isto fano vostedes co ingreso mínimo vital, o fan igual co ingreso mínimo, e ó final volvemos caer no mesmo caso.

Porque esta moción, señor Agustín Baamonde, supoño que isto non llo dirían ou non o quixo dicir, é exactamente igual ca unha Proposición non de Lei que o Partido Socialista presentou na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados no ano 2016, e despois direille cal foi o sentido do seu voto, sempre buscando escusas cando se trata de recoñecer un dereito laboral.



Porque o que está aí no fondo é precisamente iso, segundo o Instituto Nacional de Silicose, nos últimos cinco anos houbo na nosa provincia 61 casos vinculados co sector da pizarra fundamentalmente. A silicose é unha enfermidade progresiva, irreversible, e que non ten tratamento, e ademáis adoita concorrer con outro tipo de enfermidades como son o cancro, a tuberculose; e, a pesares de que está recollida nese catálogo de enfermidades profesionais dende o ano 2006, efectivamente hai unha Orde preconstitucional, unha Orde Ministerial do ano 1969, que di que cando se diagnostica un grao un en silicose, se non concorren ese tipo de enfermidades ás que fixen mención, non é constitutiva dunha incapacidade permanente total.

E agora imos dicir o que vén despois porque, segundo a aplicación desta Orde, un traballador ou traballadora que sexa diagnosticado con grao un en silicose, sen que concorran as enfermidades sinaladas, tampouco pode seguir traballando no seu posto, así que se a empresa non ten un posto de traballo compatible ó final o que pasa é que ese traballador é despedido por criterios obxectivos. Iso é o verdadeiro problema que está detrás de todo isto. Polo tanto queda nunha situación de vulnerabilidade, nunha situación de precariedade difícil de entender en pleno século XXI.

Isto é en definitiva o que pedíamos, xunto con moitos dos puntos que sinalou o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego na súa moción; pero si que é certo que, sendo o que pedíamos nós, tamén botabamos de menos, a pesares de que as empresas melloraron moito no ámbito da prevención, cal e o papel que está xogando aquí a Xunta de Galicia?, porque ten competencias nos sistemas de prevención e de inspección, e quizá iso, segundo as indicacións do Consello de Relacións Laborais de Galicia, é unha das facetas que tal vez podería mellorar a Xunta de Galicia.

Por iso propoñemos unha emenda de engádegas nesta moción para instar á Xunta de Galicia a que realice unha mellora substancial dos sistemas de prevención e inspección directamente relacionados co sector”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Ó fio do que dicía o Sr. Rivera, aquí trátase de dereitos de traballadores e traballadoras que sofren unha enfermidade moi grave, e que ás veces na práctica quedan abandonados na rúa con idades de moi difícil reinsección ó mercado laboral e encima con esa enfermidade, e ademáis dáse a paradoxa que despois de litixios xudiciais a xurisprudencia maioritariamente dálles a razón, polo tanto vén recoñecer que ese é un dereito dos traballadores.

O señor Agustín falaba dunha serie de complicacións xurídico técnicas e económicas, que son certas, pero é que gobernar é iso, para outras cousas búscanse solucións máis imaxinativas e máis complicadas, e máis diñeiro, e podo poñerlle o exemplo do rescate bancario, ou moi imaxinativo como pode ser unha amnistía fiscal que se fixo, que se puxo moito máis diñeiro do que poden supoñer as pensións para estes traballadores, e cunha imaxinación xurídico técnica moito máis grande que para isto; para isto só hai que legislar; haberá que cambiar todo o que haxa que cambiar, pero o poder legislativo está para iso.

Entonces eu creo que é un dereito máis que recoñecido por toda a sociedade, e máis que recoñecido pola xurisprudencia, e que o lóxico é que figure na lexislación do Estado español; e fálase de números, pero creo que non suporía tampouco a creba financeira do Estado español, e polo tanto é unha cuestión de vontade. E cuestión de se se quere recoñecer ese dereito a traballadores que, despois de adicar a súa vida a un emprego, sofren unha enfermidade tan grave como a silicose, ou non, é vontade.

En canto á emenda do Grupo Provincial Socialista, imos aceptala”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, eu falei das dificultades que presenta a aprobación desta iniciativa, son dificultades que me plantexo eu, e están plantexadas polos técnicos do propio Ministerio de Industria e polos técnicos da Administración, e o feito de que son reais o demostra o moitísimo tempo que leva de tramitación esta iniciativa, once anos como mínimo.



Nós plantexamos esas dificultades fundamentalmente no debate como contención en relación coa posición do Partido Socialista, que descoñeciamos cal era. E quero dicirlle unha cousa; nós non poñemos excusas coa economía, nós o que tratamos é de ser responsables tanto no goberno coma na oposición. Non seguimos o criterio que seguen outros que aplican aquel tan coñecido en Galicia de que “las fiestas gratis cuesten lo que cuesten”.

Estas iniciativas claro que é moi fácil admitilas cando un está na oposición, e é máis difícil levalas adiante cando gobernan. Sr. Rivera, é certo que durante un tempo deses once anos de que lle falaba eu ó Sr. Castro gobernou o Partido Popular, na outra parte do tempo case idéntico gobernou o Partido Socialista, e ata agora non resolveu tampouco este problema.

Fala vostede de que presentaron unha moción idéntica, non é verdade, só coincide nun punto que é o da silicose coa que presenta o Sr. Castro, dos coeficientes reductores non di absolutamente nada; aínda non lle acabo de entender cal é a posición que vai ter en relación con esta cuestión.

Pero, Sr. Castro, eu xa lle fago unha predicción, como dicía nun célebre campo de concentración onde había un letreiro na entrada que poñía “pierdan toda esperanza los que entren aquí”. Con esta engádegas que presenta o Partido Socialista, metida de penalti señor Presidente, perda vostede toda esperanza de que esta iniciativa sexa aprobada no Congreso dos Deputados; vostede a dirixe a onde a ten que dirixir, que é quen ten a competencia; o Partido Socialista contraataca co criterio eterno nesta Deputación, que é mezclar á Xunta de Galicia en todo tipo de debates calquera que sexa o problema que se trae.

Non sei que é o que pinta aquí a presenza da Xunta de Galicia, pero si sei a onde apuntan, que moitos destes problemas, concretamente o da silicose, claro que teñen moito que ver coa prevención antes da asignación e cualificación de postos de traballo, porque efectivamente a incapacidade permanente non depende únicamente do tipo de enfermidade senón doutros moitísimos factores. E xa están buscando a desculpa para ir confundindo e para non levar adiante en Madrid, que é onde o teñen que facer, a aplicación da medida que propón.

Nós, señor Castro, estamos dispostos a votar favorablemente tódolos puntos da moción que vostede presenta, pero evidentemente se inclúe esta referencia á Xunta de Galicia, que non pinta nada, a nosa posición sería de abstención, porque é pura e simplemente un escapismo do Partido Socialista”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu xa sei que vostedes prefiren rescatar bancos, nós preferimos rescatar ás persoas, Sr. Baamonde.

Se quere explícolle porque queremos incluír á Xunta; sabe perfectamente que en materia de inspección e de prevención a Xunta de Galicia é a Administración competente na materia; e saberá perfectamente que facer un bo traballo en prevención evita precisamente moitos destes casos que se producen a posteriori.

Así que, insisto, isto é moi fácil, a nosa moción xa lle dixen que non era a mesma, que era moi parecida, practicamente idéntica; e se ó mellor non se incluían eses puntos, tamen saberá que para chegar a esa conclusión e a ese cambio lexislativo ó mellor hai que incluír algunha das cousas que se inclúen nesa moción.

Dito isto, eu dicía na miña intervención, e isto é do ano 2016 non dende hai once anos como di vostede, e sabe que votaron vostedes nesa proposición non de lei?, votaron en contra; fixeron un repaso moi parecido ó que fixo vostede, moi dende o punto de vista intelectual; e o que máis me chama a atención, e voullo ler literalmente: *“anunciamos nuestro voto negativo, pero por tanto, Señorías, apoiamos a los trabajadores que sufren esta enfermedad profesional, tanto los vinculados al cuarzo como a la pizarra, y defendemos la prevención como la mejor medida para amparar los derechos de los trabajadores”*. Por iso presentamos esta emenda, porque quen ten que facer a prevención é a Xunta de Galicia; iso si, apoian ós traballadores pero votan en contra do recoñecemento dun dereito laboral”.

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Baamonde, a vostede gústalle moito facer símiles, e fixo un que non foi moi adecuado, que foi o que dixo das festas gratis, custen o que custen; aquí non estamos falando de festas senón que estamos falando de traballadores e traballadoras que por facer o seu traballo sofren unha enfermidade moi grave. E eu xa sei que non ía por aí, e que non quería facer ese simil, pero creo que non estivo moi acaído.

Polo tanto nós consideramos que é un dereito, que ademáis a xurisprudencia venlle recoñecendo ós traballadores. E en canto á emenda eu creo que non é algo que non poidan asumir porque só se lle pide á Xunta de Galicia que faga unha mellora da prevención e de inspección no sector, que ademáis son as súas funcións e tampouco creo que iso fora algo imposible de que vostedes o asumirán.

Por tanto manteño que imos aceptar a emenda, e en seguir traballando dende os Grupos Políticos que así o queiran no dereito histórico deses traballadores dese sector”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Quero darlle a benvida ó señor Novo que se acaba de incorporar ó Pleno, que parece ser que tivo un percance esta mañá, afortunadamente, polo que vexo, non foi nada, polo que me alegro moito, e benvido”.

Rematado o debate, efectuada a votación da moción á que se engade a emenda presentada polo Grupo Provincial Socialista e aceptada polo Grupo proponente da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción do Grupo Provincial do BNG coa emenda engadida cuxo texto é o seguinte:

“7. Instar á Xunta de Galicia a que realice unha mellora substancial dos sistemas de prevención e inspección directamente relacionados co sector”.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A DEIXAR SEN EFECTO A PREVISTA MELLORA DO PAVIMENTO DO TRAMO VIARIO ENTRE PARADELA E O SAVIÑAO, LIMITADA Á REPARACIÓN DO FIRME, E DESEÑAR UNHA INTERVENCIÓN NESTA VÍA QUE SUPOÑA O SEU ENSANCHE, REDUCCIÓN DE CURVAS E NOVA PAVIMENTACIÓN.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Provincial a deixar sen efecto a prevista mellora do pavimento do tramo viario entre Paradela e O Saviñao, limitada á reparación do firme, e deseñar unha intervención nesta vía que supoña o seu ensanche, redución de curvas e nova pavimentación.

Exposición de Motivos

A vía de comunicación entre Paradela e O Saviñao, conformada por tramos das estradas provinciais LU-P-4201, LU-P-4205 e LU-P-5818, rexistra un intenso tráfico rodado, como quedou acreditado co aforamento efectuado pola Deputación no ano 2018, que deu como resultado unha media diaria de case 700 vehículos. A Deputación prepara unha intervención neste tramo viario consistente unicamente na mellora do pavimento, un proxecto que non satisfai nin aos veciños



ninaos alcaldes máis directamente afectados, como quedou claro na recente concentración celebrada en terras de Paradela.

A demanda dos alcaldes, dos veciños e dos usuarios máis habituais desta vía é que sexa ensanchada, como estaba previsto xa durante a presidencia de Francisco Cacharro Pardo, e tamén pavimentada de novo. A previsión do goberno do socialista José Tomé para o arranxo minimiza o acordo pactado no anterior mandato polo entón presidente, o tamén socialista Darío Campos, os concellos e a empresa eólica Enel, que aportaría os 330.000 euros que depositou no seu día para garantir que despois das obras que desenvolvía as vías quedarán en bo estado. Era un acordo moito máis ambicioso, porque supoñía ampliación do ancho da calzada e redución de curvas.

Co actual proxecto, mantense a aportación dos 330.000 euros procedentes da garantía depositada por Enel, mentres que a Deputación aporta só 213.000 euros. O compromiso adquirido polo antecesor do actual presidente situaba a aportación da Deputación para esta obra no entorno do millón de euros.

Ampliar o ancho deste tramo viario é fundamental dende o punto de vista da seguridade dos seus usuarios. Bo exemplo do que pode pasar se se mantén a actual previsión é o que ocorre no pequeno tramo reformado anos atrás sen ampliar o ancho: hai continuos accidentes, de maneira que algúns dos condutores máis maiores xa non se atreven a circular por este tramo.

Esta vía é a columna vertebral da economía da zona. Por ela circulan numerosos vehículos pesados, camións con madeira, leite e gando, ademais de maquinaria agrícola de gran tamaño. No entorno desta estrada existen varias cooperativas e soporta tamén o tráfico pesado derivado da intensa actividade económica da zona, moi relacionada, como xa se dixo, coa madeira e a gandería.

É evidente que se se quere fomentar o rural hai que mellorar as comunicacións e coa obra que proxecta a Deputación só se faría un lavado de cara, polo que se hipotecaría o futuro destas localidades.

Este tramo viario vertebrar a zona suroeste da Ribeira Sacra e constitúe unha das entradas a esta comarca; é o principal itinerario que percorren os usuarios que se dirixen dende Pantón, o Saviñao e Paradela a Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao goberno da Deputación Provincial a revisar o proxecto técnico de intervención no tramo viario entre Paradela e O Saviñao, conformado por tramos das estradas provinciais LU-P-4201, LU-P-4205 e LU-P-5818 co fin de prever o ensanche e redución de curvas de todo o tramo, de maneira que dea resposta adecuada as necesidades do intenso tráfico lixeiro e pesado que rexistra.

2. Instar ao goberno da Deputación Provincial a ordenar os trámites administrativos oportunos en relación con proceso de adxudicación da obra na que só se prevé a mellora do pavimento, co fin de incluír o ensanche da vía e a redución das súas curvas.

3. Instar ao goberno da Deputación a manter un contacto permanente cos alcaldes e os representantes dos veciños máis directamente afectados de cara a concretar as condicións dos ensanche do citado tramo viario entre Paradela e O Saviñao”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Como dicía a canción, chegou o momento; chegou o momento de demostrar, señores do goberno, que non están só para poñerlle deberes á Xunta de Galicia, ó Estado, ás demais Administracións, senón que chegou o momento de demostrar que realmente esta Deputación serve para algo. E ten que servir para algo porque estamos a falar dunha estrada provincial que une tres vías provinciais, a LU-P-4201, a LU-P-4205 e a LU-P-5818; é dicir, basicamente a estrada que une os concellos de Paradela e O Saviñao.



Trátase dunha estrada importante en canto a tráfico, de feito chegouse a facer unha medición do mesmo en agosto de 2017 creo recordar, e acadouse a cantidade de preto de setecentos vehículos diarios. É unha estrada que ademáis de unir os concellos de Paradela e O Saviñao tamén é certo que é unha estrada utilizada por tódolos veciños da zona da Ribeira Sacra dese entorno para acceder a Ourense; e neste caso incluso ten o condicionante de que existe unha cooperativa importante ó carón desa estrada, e que ademáis conta con tráfico pesado importante. A sinistralidade que ten esta estrada foi importante nestes últimos anos, e é unha estrada realmente perigosa.

Polo tanto, xa que non estamos falando de ningún luxo nin de ningunha cousa estratosférica, senón que estamos falando da seguridade da xente que vive nesa zona, e particularmente da zona rural, da que tantas veces se nos enche a boca ó dicir que estamos aquí para apoialos. Son os propios veciños os máis coñecedores do perigo que ten esta estrada, ten unhas curvas que realmente en determinados tramos a fan dunha sinistralidade alta, e cremos que é o momento de non facer un parche só co firme, non só de mellorar o firme de dita infraestrutura senon realmente de solucionar o problema de seguridade que ten.

Para iso é preciso, e non o dicimos nós senón que o din tódolos veciños e os Alcaldes de tódolos concellos afectados, é necesario eliminar unha serie de curvas e proceder en determinados tramos a un ensanche da mesma, porque precisamente eses vehículos, tanto camións de madeira ou vehículos gandeiros pesados e grandes a fan moi perigosa.

Polo tanto, aproveitando esa intención de licitar un proxecto no que só se vai facer un proxecto cativo de mellora do firme no que a Deputación fai unha aportación realmente moi modesta de pouco máis de 200.000 euros, e encima conta coa financiación de dita actuación dunha empresa que no seu momento foi a responsable e é a propietaria da instalación do parque eólico que existe naquel entorno, que é a empresa Enel que ademáis aporta a esta obra 330.000 euros; e que ademáis configúrase dentro dun escenario de acordo que existía dende hai anos entre os propios Alcaldes, nomeadamente o Alcalde de Paradela e esta empresa, e incluso o anterior presidente da Deputación, o señor Campos, cremos que é o momento de facer unha obra que sirva para as necesidades que ten a Ribeira Sacra naquel entorno nestes concellos, e que sirva tamén para

eliminar esa sinistralidade, e para facer unha obra segura, e que realmente a Deputación, fóra desta cativa aportación de 200.000 euros, vaia un pouco máis alá.

Coincide ademáis que neste período temos ó Presidente da Deputación que é un presidente da Ribeira Sacra, co cal entendemos que o señor Tomé será bo coñecedor dese tramo; polo tanto o que lle pedimos é que paralicen ese proceso, que non son as obras que precisan os veciños nin son as obras que precisan eses concellos, e así o manifestan abertamente, e que fagan as melloras necesarias nese proxecto para eliminar ese risco que existe, e que non cheguemos tarde despois cando teñamos que coñecer accidentes ou que teñamos que coñecer doutras circunstancias realmente tristes que non queremos baixo ningún concepto; porque hai moitas veces que son situacións imprevisibles ou imprevistas, pero neste caso está denunciado polos veciños e polos concellos que a actuación que se vai facer non chega.

Por iso cremos oportuno paralizar este proceso e facer as modificacións oportunas para eliminar as curvas necesarias, e para proceder ó ensanche en tramos que realmente é necesario, sobre todo tendo en conta a existencia e proliferación do tráfico destes vehículos pesados, antes de que teñamos que sufrir outro tipo de acontecementos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Xa llo dicía ó principio, que era un pleno complicado para vostedes, e mostra da complexidade é esta moción que traen. A min non deixa de sorprendeme, e antes xa o dicía, creo que é a primeira vez que calquera Grupo Político trae a petición da paralización dunha obra moi demandada para os veciños.

E eu creo que para entender esta postura tan estraña o que hai que ver é como actuou o Partido Popular e os seus Alcaldes por aí, porque o runrún que había, e a mín algún veciño facíamo chegar, como vostedes ben din, a empresa que fixo os aeroxeneradores ten que poñer un diñeiro, que pon porque é unha indemnización, non é que o poña voluntariamente; e o runrún que había era que a Deputación ía quedar con ese diñeiro e que o ía investir noutra zona, e un veciño veu asustado preguntar. Evidentemente iso era unha campaña que alguén andivo dicindo, porque non



saiu dos veciños de motu propio, e cando viron publicado, xa non na prensa senón no BOP, a licitación das obras rompeuselles era mentira de que a Deputación non ía investir ese diñeiro aí.

Pois eu creo que é unha inversión importante, o señor García dicía que era modesta, eu creo que temos listóns diferentes porque unha inversión de 500.000 euros naquela estrada a nós non nos parece modesta, é unha inversión importante, e vén solucionar o que se está demandando moitas veces que é o mal estado do firme, e vai quedar un firme moi bo. E vostedes, como se lles desomontou ese castelo de naipes de que alí nada se ía facer, tiveron que reaccionar, é verdade que o Partido Popular niso é moi hábil, e presentaron isto.

Pois mire, a estrada vaise arranxar, é unha demanda que tiñan os veciños, e a Deputación vai seguir arreglando as súas vías según vaia podendo, e investindo. E é verdade que esta era unha das que tiña prioridade porque para aquela zona é unha vía moi importante, vai ser con aglomerado e vai quedar unha vía espectacular. E vostedes, primeiro non se ía facer, e cando se fai quedan el fóra de xogo e teñen que reaccionar.

E polo tanto nós evidentemente imos votar en contra de paralizar unha obra; nós o que queremos é que se sigan arreglando as estradas, o noso voto claramente en contra desta moción, e o noso asombro por traer unha moción que pide que non se arranxen as estradas da Deputación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dicía o señor García que chegou o momento, pois claro que chegou o momento señor García, porque despois do que aconteceu no anterior Pleno coa súa moción estrela da Ponte de Ouríz, pensei que cando menos tomarían nota.

E chegou o momento, “y vuelta la burra al trigo” como din aló pola miña terra, porque ó final son o Partido das ocorrencias. Dixo vostede agora mesmo “aproveitando que se vai licitar”, “aproveitando que está licitado”, ó final que creo que non sabe nin por onde anda. O que pasa é que viron que nós fixemos unha mesa de contratación e montaron un circo, había alí trinta e sete cabezas situados en semicírculo, non sei moi ben para que.

Porque despois, con todo isto que lle estou dicindo, ademáis hai que engadir que cuestiona unha inversión, e non é que a cuestione senón que pide que se deixe sen efecto, fíxese a cantidade de barbaridades que acaba de dicir en tres minutos: “aproveitando que se vai licitar”, algo que xa está licitado. Está dicindo vostede que é unha inversión modesta que hai que deixar sen efecto; e debe ser, como dicía o compañeiro, a primeira vez na historia, ou alo menos no tempo que levo aquí, que escoito a un Partido Político pedir que se deixe de facer unha inversión nun concello, onde ademáis gobernan vostedes.

Piden vostedes literalmente “deixar sen efecto” esa mellora prevista entre Paradela e O Saviñao, pois a verdade é que a mín paréceme unha ocorrencia terrible, e creo que deben pasar pola Carlos III, coma o seu amigo Casado, porque xurídicamente teñen moi complicado distinguir o que é bo do que é malo.

E de verdade llelo digo, a mín me gustaría que algún dos compañeiros que se atopan especialmente nesta bancada, tivesen a fortuna de que a Xunta lles aglomerase en quente no que fose só a metade do que aglomerou o goberno da Deputación de Lugo en Paradela, que lle repito que son 12,3 quilómetros de aglomerado en quente, que leva acondicionamento das cunetas, sinalización vertical. De verdade que me gustaría que a Xunta no meu concello me aglomerar todo o que aglomerou aí a Deputación, haberá que esperar.

Se a vostede un investimento de preto de 550.000 euros lle parece modesto, pois apaga é vámonos!, oxalá tivera esa modestia nos concellos a Xunta de Galicia, porque sabemos que non a ten. E a esa inversión tamén lle recordo, porque vostedes non o din, que se fixeron por parte da Deputación de Lugo outros tres quilómetros máis que supuxeron cento cinco mil euros para mellorar esa rede no concello de Paradela.

Entonces eu creo que o compromiso da Deputación é incuestionable; increméntanse un 14% nos orzamentos os fondos destinados a estradas ata os 16 millóns de euros, pois parece que tendo a rede provincial de estradas mais extensa da provincia, creo que a intervención que se fai no concello de Paradela é unha inversión suficiente e razoable; que, por certo, din vostedes na moción



que Francisco Cacharro tiña plantexado ese proxecto, iso si, pero ten que ser o señor Presidente que está na actualidade quen culmine e execute esa obra. Así que leccións as xustas señor García”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Realmente a resposta non podía ser máis decepcionante, coñecéndoos non é sorpresiva, pero si decepcionante. Que o señor Castro diga que van facer unha via espectacular!; señor Castro, vostede é da comarca, vaia falar cos douscentos cooperativistas que viven alí e que pasan alí a súa vida, porque vaille caer a cara de vergoña cando o escoiten.

Vostedes din que é a primeira vez que se intenta paralizar unha obra, o que se intenta paralizar é unha auténtica chapuza que vai producir accidentes, sen dúbida; e non o dicimos nós. Hai alguén que di: “reiteramos a necesidade dunha carretera máis ancha, acorde ó tamaño da maquinaria actual para evitar accidentes que se veñen producindo nela; e pedimos a rectificación da Deputación xa que é ademáis o acceso a unha importante cooperativa da zona”. Saben quen di iso?, a agrupación socialista de Paradela, e está publicado, deberíalles caer a cara de vergoña do que acaban de dicir, e vailles caer cando se produza o primeiro accidente; porque vostedes non fixeron ningún tipo de inversión aí; estamos falando dunha obra de 500.000 euros na cal a propietaria do parque eólico pón 330.000 euros.

Vostedes queren solucionar un dos problemas de seguridade dunha das principais estradas provinciais na Ribeira Sacra con 200.000 euros, esa é a súa aportación, deberíalles caer a cara de vergoña, porque 330.000 os pon Enel, e así está ademáis nas bases de contratación que nin len vostedes, os da Carlos III; e escoite, Sr. Rivera, ós seus compañeiros de Paradela que lles vai gustar moito o que acaba de dicir vostede.

Cando se produza o primeiro accidente nesas curvas coa maquinaria que hai alí vailles dar moito a risa, a risa que hoxe fan desta proposta que facemos nós, porque vostedes non estiveron ninguén alí, e iso que está cerca das dúas persoa que falan. Ali hai unha cooperativa con 200 gandeiros de toda esa comarca, con camións e con tractores grandes que a cotío andan nesa estrada, e o ano pasado houbo xa unha pila de accidentes, e que se van incrementar con esta obra, porque

van mellorar o firme pero non eliminar as curvas nin o ancho de dita estrada; polo cal cando a estrada sexa unha pista moito máis rápida para correr verá o que pasará, que xa llelo recordaremos tristemente porque van ser responsables, xa non de facela, xa non de rectificar, senon encima de rirse da proposta que este Grupo só trae como mero voceiro dos Alcaldes de toda esa comarca, e dos veciños e dos cooperativistas de toda esa zona. Vostedes e a súa vía espectacular. Reflexionen que aínda están a tempo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu creo que o ton e o que dixo está completamente fóra de lugar, señor García. A mín non me gusta traer a sinistralidade ó debate político, pero vostedes contruiron o corredor Nadelamonforte e vexan as estatísticas. Veñen agora dicir que por unha carretera rural vai ter non sei cantos accidentes, pois sexan vostedes realistas.

Di que parte da inversión a fai unha empresa, iso é diñeiro público, esa empresa a cambio do que fixo ten que pagar, ou pensan que é unha doazón altruista?, non fagan trampas ó solitario porque iso é diñeiro público que hai que investir; sae dunha empresa porque ten que pagar iso, non veñan aquí coma se fora un acto altruista, porque as empresas non o son.

Eu non utilicei a palabra “espectacular” como di vostede, pero vai quedar unha pista aglomerada en quente, que por certo moitos concellos quixerían ter as súas pistas nesas condicións.

Despois vostedes teñen un nivel de esixencia só cando son as outras administracións, pero cal é para vostedes un ancho rezoable?, cal é para vostedes o número de curvas que pode ter unha pista rural?, dígamo.

E outra cousa máis lle quero dicir, diga de onde hai que recurtar para facer alí ese megaproxecto que vostedes propoñen aquí, sexan realistas; vai quedar aquela estrada pero que moi ben; e moitos concellos, dicía o señor Rivera, quixeran que calquera Administración, a Xunta por exemplo, lles fixera quince quilómetros de aglomerado en quente, eu creo que calquera dos Alcaldes que hai hoxe aquí levantarían agora mesmo a man.



Vostedes fixeron a campaña de que aquilo nunca se ía facer, e cando se chega a facer teñen que reaccionar porque quedaron fóra de xogo, entónces teñen que montar esta opereta de que aquilo vai ser perigoso.

E voulles dicir unha cousa, señor García, aquí creo que todos temos carnet, pero as estradas teñen unha limitación de velocidade e, aínda que teñan bo firme, hai que respectar o límite, ou quere dicir que os condutores se hai bo firme non respectan a velocidade?, estará limitada de acordo coa pista que é, como tódalas pistas, que será a 60 quilómetros por hora, ou é que se lle poñen bo firme vostede apreta o acelerador e xa non pensa noutra cousa?; e falar de sinistralidade, eu creo que hai que ser un pouco máis serios e decentes nos debates políticos.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Vexo, como vén sendo habitual, cal é a actitude, cortante, ás veces incluso excesiva, do señor García en relación con isto e con outros casos, eu creo que en política ás veces non é necesario chegar a eses extremos. Eu podo entender que ó mellor o señor García estea en prórroga na súa comisión de servizos, pero iso non é culpa miña, e non todo vale en política, e ó final ós políticos vannos medir polos nosos actos e polo que facemos, non polo que lle temos que demostrar a uns cantos; aquí temos que falar para unha colectividade, para un conxunto de veciños, para un concello, ó cal se lle vai reparar unha estrada dunha lonxitude de 12,3 quilómetros.

Fala vostede dos Alcaldes da comarca, eu non sei a que lle chama Alcaldes da comarca, non sei se é da súa, se é a do outro, non o teño claro, porque agora ó final estamos todos aí; fala de douscentos cooperativistas, eu non sei cando chegaron, ó mellor chagaron cando vostede xa marchara, non o teño claro.

Pero o que é unha realidade é que se vai facer unha actuación moi importante de máis de cincocentos mil euros, e que se produce baixo o mandato do actual Presidente, que tamén é delegado de vías e obras. E o que empezo a pensar realmente nesta situación é que o que a vostedes realmente lles molesta é que sexa este Presidente quen finalmente fora o que acometera esa

actuación. E iso é bastante triste, bastante incoherente. E agora non recúen con argucias dicindo que imos deixar sobre a mesa, vostedes que agora van a licitar, cando deberan, porque era a súa obriga, saber que iso xa está licitado.

Por tanto penso que pouco máis hai que dicir, e de verdade, señor García, xogar co tema da sinistralidade creo que é un tema moi delicado, creo que xa ten a madurez suficiente como para deixar ese debate á marxe, porque a mín me parece, perdoo que llo diga, ata ofensivo e moi fóra de lugar. Creo que xa superamos esa fase, que xa levamos aquí un tempo, e que temos que ser responsables; e do que aquí realmente se está a falar é de que a Deputación de Lugo, despois de décadas, acomete unha actuación de 12,3 quilómetros, ao que hai que sumarlle outros tres quilómetros.

Iso é a realidade da situación, e é o que vostedes, empezo a pensar, que tampouco lles gusta que se faga; e de verdade que me da un pouco de pena que un Partido Político rexeite que se faga un investimento nun concello. Veña vostede mañá ó meu concello de Láncara que levamos dous meses cunha obra da Xunta cunha ponte de Valdriz cortada pola metade, e aí non o vexo a vostede, nin a ningún Alcalde da comarca, nin ó seu voceiro. Por tanto creo que hai que ser serios con estas cousas”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Señor Rivera, vostede fala de prórrogas de servizos, non sei a que se refire, non sei en que estadio do seu Partido está, pero o certo é que cada vez fala menos, e cando o escoiten os socialistas de Paradela eu creo que aínda vai falar menos; porque realmente o que lle vou dicir é o que din os socialistas de Paradela. “Reiteramos a necesidade de acometer esta carretera que ten moitos accidentes, e que rectifique a Deputación porque é un acceso importante a unha cooperativa desta zona e esta estrada non serve”.

Señor Rivera, escoiten, non me escoiten a mín que estou en prórroga de servizos, vostede está en excedencia semi forzosa, pero escoite ós seus propios compañeiros de Paradela, que están dicindo o mesmo ca nós, e o mesmo está dicindo o Alcalde de Paradela e os veciños, e o mesmo



está dicindo o presidente desa cooperativa que representa a douscentos cooperativistas, e vostedes van ser responsables da chapuza que alí se produza; e, como xa lles advertimos, responsables tamén dos accidentes que nese tramo tan perigoso así se produzan”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“A verdade é que a mentira ten as patas moi curtas señor García, porque o presidente da cooperativa díxome a min mesmo que lle valía o firme con tal de que llo arranxáramos.

E logo eu pensei que a moción que traía vostede era dos socialistas de Paradela, pero non sei se é dos socialistas de Paradela ou do PP, cando ten vostede que botar man para ter recursos no debate doutros ós que teóricamente está acusando mal vai a cousa, entónces é que vostede non preparou ben a iniciativa e, visto o visto estes días, non me estraña.

E tamén lle digo unha cousa, a tranquilidade é unha virtude, e desgañitarse como fixo antes non lle dá máis razón, aquí con desgañitarse non se consegue nada, xa llo digo eu, e o que se consegue é ir marcha atrás, razonando e con respecto, o que sexa, doutra maneira non, xa llo digo señor García, e xa hai tempo que nos coñecemos.

Di vostede que é unha obra que vai producir accidentes, paréceme indigno que vostede diga iso, porque vén aquí falar de accidentes e non ten nin un só número, nin un só dato formal, aquí non o aportou porque non o ten. E paréceme indigno que vostede veña aquí dicindo que se hai un accidente vai ser a culpa nosa, eu non serei o que o acuse a vostede de que tódolos accidentes que hai nas carreteras da Xunta son culpa do señor Feijóo, non o vou acusar, non vou caer na indignidade na que cae vostede, porque iso non é de recibo señor García.

Eu, que vin o que ocorreu en Paradela estes días, e que coñezo esa zona, incluso coñezo a veciños da zona, non piden o que pide vostede, eles piden bo firme, non piden unha autovía por alí, e iso é así porque eu tamén falo coa xente señor García.

E dígalle ó señor Alcalde de Paradela, con tódolos respectos que como Alcalde merece, que nós atendemos a razóns pero non imos atender caprichos, e polas voltas que está dando, as

manobras, os contactos, os avisos, os recados, e a quen manda recado di que iso xa pasou á historia, os caprichos de colexio pasaron á historia.

E se un tema que leva vinte anos, porque dese suposto proxecto o señor Francisco Cacharro Pardo aínda gobernou varios anos, se leva vinte anos porque non o fixeron?, pero é que non fixeron nin a ampliación nin a mellora do firme, ningunha das duas cousas.

Mire, é mellor que non manipule á xente, porque a xente non o segue, eu tiven ocasión de ver nos medios de comunicación o que ocorreu nesa presunta manifestación o outro día en Paradela, porque alí, contadas na imaxe da foto fixa, había trinta e sete cabezas de persoas porque non se vía o corpo de todas, e metade delas eran de fóra, entre elas vostede, que estou seguro de que pasa moitísimo por esa carretera!, é impresionante as veces que pasa!, e claro vostede ten risco de ter un accidente nesa estrada porque pasa moitas veces, xa entendo eu o seu problema e porqué trae aquí esa iniciativa. Así que, mire, vostedes levaron xente de Portomarín, xente da Ribeira Sacra, xente do Saviñao, xente de Sarria, van trinta e sete persoas, e vostede a qué vén aquí?, non se da conta de que o abandoaron, que non consegue nada?, se quere facer unha chirigotada paréceme ben, pero aínda non estamos no carnaval.

Polo tanto, señor García, sinceramente, se tivera un pouco de coherencia retiraría isto e non o someteríamos a votación. O que si lle digo é que esta Deputación é moi rigorosa, e dende logo imos cumprir co noso compromiso, porque se fixeramos o que vostede está a dicir, teríamos que indemnizar á empresa adxudicataria e logo facer a carretera, e nós non imos caer nesa irresponsabilidade, claro que a responsabilidade hai que tela.

Así que faga vostede o que queira, e vexo que non a vai retirar, polo tanto ímola someter a votación, con tódolos respectos imos continuar coa folla de ruta para que os veciños de Paradela, do Saviñao, e todos aqueles que queiran utilizar esta via, teñan un bo firme nesa vía de comunicación”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do



Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A QUE ADOPTE MEDIDAS EN RELACIÓN CO PREZO DA ENERXÍA PARA AS EMPRESAS ELECTROINTENSIVAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que adopte medidas en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas

Exposición de Motivos

A Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía (AEGE) con 6 socios en Galicia, enviou unha carta ao Goberno central na que se manifesta a preocupación e a decepción pola insuficiencia das medidas enerxéticas prometidas en numerosas ocasións e dirixidas a garantir un prezo eléctrico competitivo para as empresas electrointensivas.

Así pois, o prezo final da enerxía en España segue a ter numerosos cargos que a converten na máis cara ca dos nosos principais competidores europeos.

Unha situación que non mellora a pesar da recente aprobación do Estatuto dos consumidores electrointensivos (Real Decreto 1106/2020, publicado no BOE do 17 de decembro) que lonxe de supoñer un substancial avance, recorta os apoios ás empresas galegas.

Entre outras eivas máis que apreciables este instrumento responde a un criterio territorial e non a unha verdadeira aposta pola industria. Só así se explica, por exemplo, o incremento no número de posibles empresas beneficiarias (que se amplía de 120 a máis de 600).

Non só chega tarde, tras máis de dous anos de espera e múltiples promesas incumpridas, senón que é claramente insuficiente. Con este acordo do Goberno, os grandes consumidores de enerxía non encontrarán resposta a súa solicitude de establecer un prezo eléctrico que lles permita competir en igualdade de condicións con outros países europeos, como Francia ou Alemaña.

O estatuto é especialmente negativo para o noroeste de España. De feito, se desprezan e non se atenden as principais alegacións presentadas polas Comunidades Autónomas de Galicia, Cantabria e Asturias, que son, á súa vez, as solicitadas polo propio sector.

Polo tanto, o Goberno debe rectificar esta política enerxética que está deixando a un lado a industria e poñendo nunha situación verdadeiramente complicada os empregos industriais. Como exemplo, os 5.000 traballadores e traballadoras en Galicia que dependen da industria electrointensiva.

Na provincia de Lugo a realidade descrita ten o seu reflexo máis evidente na situación de Alcoa e na incerteza sobre o futuro da continuidade desta compañía. Estamos a falar da maior empresa electrointensiva de España e na que os seus traballadores e traballadoras e os das súas industrias auxiliares conviven coa ameaza de peche da súa actividade.

Ademais, hai que subliñar que, a produción de aluminio primario é un sector estratéxico e de interese xeral, do que dependen outras empresas e miles de empregos que precisan do aluminio para os seus procesos produtivos.

En consecuencia, calquera iniciativa dirixida a apoiar este tipo de empresas electrointensivas, salvar a planta e os empregos debe ser unha prioridade para todas as administracións públicas, e en particular a implantación dun marco enerxético estable.

Hoxe en día, tampouco existe un compromiso claro desde o punto de vista dos mecanismos de CO₂, asignados este ano só o 22% dos recursos permitidos pola Unión Europea.

Por último, o Goberno central convocou as poxas de interrumpibilidade con menos potencia da historia (1.000 MW), na que tamén eliminou os bloques de 40 MW, distribuíndo case un 95% menos de fondos a través deste mecanismo no primeiro semestre do 2020. Ademais, non as convocou para o segundo semestre do 2020 e non semella que as vaia convocar para o primeiro semestre do 2021.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

“O Pleno da Deputación provincial de Lugo insta ao Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

1. Completar a contía das compensacións por custes indirectos de CO₂ ata o máximo permitido pola Unión Europea.

2. Modificar o Real Decreto 1106/2020, de 15 de decembro, polo que se regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos para incluír todas as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, marcando así a folla de ruta para dispor a medio prazo de medidas similares ás que a industria desfruta en Alemaña e Francia.

3. Eximir dos cargos de financiación das renovables e da coxeración ás industrias con un gran consumo enerxético.

4. Implementar, no menor tempo posible, os mecanismos que substitúen as poxas interrompibilidade, como a reserva estratéxica de resposta rápida, contemplando as singularidades da industria altamente consumidora en enerxía e procurando unha pronta apertura dos prazos de convocatoria.

5. Reducir as peaxes eléctricas para as industrias electrointensivas”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O pleno da deputación provincial acorda dirixirse ao goberno central para demandar un novo proceso de diálogo enre os poderes públicos galegos, as organizacións sindicais máis representativas e a Administración central para corrixir as carencias do novo Estatuto de Electrointensivas e do marco eléctrico para os grandes consumidores, principalmente:

- a) Elevar a redución das peaxes incluídas ao 100%, incrementar as peaxes incluídas no Estatuto para recoller todas aquelas que non teñan unha relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, e garantir a súa asunción vía orzamentos do Estado para evitar a súa repercusión indirecta nas persoas consumidoras.
- b) Introducir medidas de compensación para os territorios que exportan electricidade, como mínimo a compensación no 100% da peaxe de transporte, asumindo o custe o sistema eléctrico.
- c) Revisar a consideración de industria electrointensiva de forma que se recolla adecuadamente o carácter altamente dependente da enerxía do tecido galego, pois o Estatuto aprobado desvirtúa a condición de electrointensiva.
- d) Impulsar a transformación da regulación enerxética modificando o sistema diario de poxas “sacando do “pool” as centrais hidráulicas e nucleares).
- e) Incorporar garantías claras de emprego, desenvolvemento industrial e non precarización, pois o Estatuto aprobado mantense na desprotección recollida no RD/2018”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Antes de empezar a nosa intervención queremos mandar un afectuoso saúdo ós traballadores de Alcoa e ás súas familias, e felicitalos pola súa loita que deu o resultado que todos estimabamos que a modo de sentenza favorable declara nulo o ERE plantexado pola empresa.



O 17 de decembro deste ano aprobouse, despois de dous anos incumprindo as datas prometidas reiteradamente, o estatuto electrointensivo das empresas electrointensivas. Meses despois de estar aquí neste propio Pleno pedindo un estatuto electrointensivo, primeiro non se podía facer cun goberno en funcións, despois cando formaron goberno dicían que o ían facer inmediatamente despois, e tampouco o fixeron. Chegado o verán e chegadas as eleccións autonómicas dicían que o ían aprobar en verán, baixo as presións do propio comité que aquí tamén vivimos neste propia Sala, dixeron que ía ser durante o verán. Ó final foi a finais de ano, e mire que casualidade!, xustamente dous días antes de que se soubese esa sentenza.

Polo tanto a verdade é que dous anos para este estatuto, e encima non contemplar as alegacións que aquí pedimos que se fixera, a verdade é que é unha moi mala valoración. E lemos algúns dos titulares que xerou esa noticia: no periódico de La Energía, “el Gobierno no mueve una coma en el estatuto del consumidor electrointensivo y las ayudas se mantienen igual, insuficientes para la gran industria”. La Nueva España, Asturias: “decepción con el estatuto electrointensivo, que casi no rebaja la luz de la gran industria. El Principado califica la norma, que beneficia a Cataluña y Valencia, de poco favorable”. Comunicado da CIG: “A CIG entende que o estatuto electrointensivo chega tarde, e resulta insuficiente para dar unha solución definitiva ó sector”. Comunicado de UGT, ó que pertence vostede ou pertenceu, non sei a súa afiliación ao sindicato: “UGT ve insuficiente el estatuto electrointensivo porque no soluciona el problema”. El Progreso: “el comité de Alcoa avisa que el estatuto de empresas electrointensivas no será la panacea. Zan lamenta que el estatuto electrointensivo, que llega casi dos años después de que se iniciaran los trabajos para su desarrollo y tras haber sido una reclamación permanente de la gran industria electrointensiva para abaratar el precio de la energía, no incorpora ninguna de las alegaciones que trasladaron los sindicatos.

Señor Tomé, vostede sabe quen é o señor Zan?, eu creo que si que o sabe; estivo aquí con vostede, e vostede mesmo lle prometeu que ía velar polas alegacións que presentaron aquí mesmo. E mire: “Tomé traslada a la Ministra de Industria las alegaciones de los trabajadores de Alcoa”, e di vostede: “estamos facendo xestións para que o estatuto se cambie”; nada de nada; fanlle nulo caso en todo. Hai uns días estivemos aquí debatendo os orzamentos do Estado, e volta outra vez ó mesmo, non lle fan caso; levamos as estradas e dinlle que non; vostede non pinta absolutamente nada, nin o señor Caballero, porque ó final todos estes ataques a Galicia, e especialmente á

provincia de Lugo, por parte do Goberno de España de Sánchez e de Iglesias, verdadeiramente non son capaces de combatelos; é que nin vostedes nin o BNG, que di que chega a pactos co Goberno pero despois vén o estatuto electrointensivo que non nos gusta a ningún.

A electrointensiva galega en serio perigo, as empresas electrointensivas de Galicia seguen pagando vinte euros mais megavatio/hora cós seus competidores directos en Francia e en Alemaña; como é posible despois de dous anos aprobar un estatuto que veña sen contemplar as peticións que fixo o Goberno da Xunta de Galicia xunto cos sindicatos, co goberno de Asturias do Partido Socialista, e co goberno de Cantabria. Estamos perdendo o tempo, e non o dicimos nós senón que o di toda esta xente.

E si é certo o que din os asturianos, este estatuto só convence á industria catalana e valenciana, este sistema de axudas que antes supoñía case 120 perceptores auméntase case a 600 perceptores, co cal as empresas galegas perden única e exclusivamente porque se seguiron criterios políticos de territorialidade e non para facilitar a competencia.

Mire, o seu ataque, xa veu tamén aquí a este mesmo pleno, á industria galega é demoledora, primeiro aproban unha lei de intransixencia enerxética que acabou rematando coas centrais de Meirama e As Pontes, deixaron colgados a todas esas familias de transportistas chairegos, lucenses, polos que non se preocupou. Mire, foi vostde a Vilalba presentar un parque acuático e non foi capaz de ir visitar a todos eses transportistas da Terra Cha que o están pasando moi mal. Iso é o que vostede pensa da nosa industria.

Seguimos sen solución para o aluminio primario, en Coruña, en Avilés, está en fracaso absoluto, en San Cibrao estamos practicamente sen garantías de futuro; había unha oportunidade importante para aprobar o estatuto e desaproveitárona.

Dende o Partido Popular pedímoslle nesta moción ó Pleno da Deputación Provincial de Lugo que inste ó Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

Completar a contía das compensacións por custes indirectos de CO₂ ata o máximo permitido pola Unión Europea. Que é o que lle piden tamén tódolos sectores.



Modificar o Real Decreto 1106/2020, de 15 de decembro, polo que se regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos para incluír todas as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, marcando así a folla de ruta para dispor a medio prazo de medidas similares ás que a industria desfruta en Alemaña e Francia.

Eximir dos cargos de financiación das renovables e da coxeración ás industrias con un gran consumo enerxético.

Implementar, no menor tempo posible, os mecanismos que substitúen as poxas interrompibilidade, como a reserva estratéxica de resposta rápida, contemplando as singularidades da industria altamente consumidora en enerxía e procurando unha pronta apertura dos prazos de convocatoria.

Reducir as peaxes eléctricas para as industrias electrointensivas.

Entendemos que isto é fundamental para o sector”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O BNG fixo unha emenda xa no Parlamento Galego, nós traemos unha emenda similar, alí fomos capaces de chegar a un acordo, creo que aquí tamén. Hai unha parte da súa intervención na que lle teño que dar a razón, e é na valoración sobre o estatuto das electrointensivas, nós aquí consideramos que chega tarde, e consideramos que é insuficiente, ou máis que insuficiente, como vostede dicía, abriuse o campo, e abrir tanto campo deixa fóra de xogo ás realmente electrointensivas ou ás que algúns definiron como hiper electrointensivas que son nomeadamente Alcoa, pois a empresa do aceiro e do aluminio.

Polo tanto é un estatuto que para esas empresas, que eran as que realmente estaban en risco, non vén solucionar nada ou moi pouco; e aí é pública a opinión do meu Grupo sobre o estatuto, concidimos coa CIGA e con outros sindicatos. Tamén é verdade que non só é culpa do Partido

Socialista porque o Partido Popular gobernou en Madrid e xa había este problema, e tampouco se solucionou. Vostedes agora están moi á fronte desa reivindicación pero non estaban tanto cando gobernaban; pero xa lle digo que nesa análise temos que estar de acordo porque é a realidade; chegou moi tarde, non era o que esperaban esas empresas e era as que realmente tiñan en xogo, eu non sei se esas outras que se incluíron deberían estar ou non pero cando menos ten que haber unha diferenciación para solucionar o problema desas hiper electrointensivas ou como se queira definir.

Polo tanto nalgunha parte da súa análise nós estamos a favor. Vostede fala da emenda da Xunta de Galicia, na nosa nós incluímos tamén as dos sindicatos porque se complementan e faltan algunhas cousas, e xa lles digo que no Parlamento Galego conseguimos chegar a un acordo.

Eu creo que hai que reaccionar, é certo que os traballadores de Alcoa non só dependen destas medidas eu creo que tanto a Xunta de Galicia coma o Estado español están reaccionando tarde, e seguen tomando Alcoa coma un socio de boa fe cando demostrou que non é e estanlle pedindo que reaccionen, e nós xa dixemos que a única saída que estaba deixando Alcoa é a intervención.

Pero esta moción non só vai de Alcoa, vai de cousas moi importantes, nas que se inclúen por exemplo algo tan inxusto como é para Galicia as peaxes da luz; para que o entenda a xente, Galicia produce máis enerxía da que consome, envía a outras zonas do Estado, e paga máis de peaxe de transporte cós que non producen, e incluso ten unha peaxe dunha contraprestación por producir; e esta moción tamén vai nese sentido e nós cremos que é de xustiza para os galegos e galegas.

Polo tanto presentamos esa emenda, esperamos que a valoren, e coincidimos na análise sobre o estatuto das electrointensivas, noutras cousas que inclúen no debate non estaríamos de acordo, pero indo á moción creo que temos unhas visións diferentes nalgúns puntos pero na análise, e dado que é un tema moi importante, estamos preto, e esperemos que podamos ter unha postura conxunta”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:



“Rematamos o ano como o comezabamos, o PP aproveitando a mala praxis empresarial de Alcoa para atacar ó Goberno.

Dixémolo xa ó principio do ano, e o tempo deunos a razón, o problema de Alcoa nunca foi o prezo da enerxía senón que foi a práctica especulativa dunha multinacional que emprega os seus activos industriais como pezas dunha partida de intereses que, resumida, se basea na chantaxe ós gobernos.

Quedou de manifesto ó longo deste ano que Alcoa non quixo negociar, Alcoa tratou de levar adiante un ERE que era ilegal, como dixo hai unhas semanas o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non quixo vender as súas instalacións ó Grupo Liberty House, e tampouco venderllas ó goberno a través do SEPE. Alcoa está aplicando noutros lugares do mundo solucións que non quere aplicar á Mariña.

Cando a xustiza tumbou o ERE de Alcoa, o Conselleiro Francisco Conde dixo que a decisión supoñía “volver al día uno”, e que facía falla reactivar o diálogo e encontrar puntos de entendemento e lograr un acordo. Eu creo que estamos noutra fase, a Sentenza fala da mala fe da Compañía, e que Alcoa sentaba a negociar non para chegar a acordos senón con posicións predeterminadas.

Con estes antecedentes como imos voltar ó día un?, que se pode negociar con quen non quere facelo ou o fai de mala fe?. Estamos xa noutra fase, na que Alcoa ten que vender a Compañía e dar conta do uso das axudas recibidas, e se hai que falar do estatuto das electrointensivas haberá que facelo con alguén que queira de verdade manter a actividade industrial, non cunha multinacional especuladora que non busca axudas para producir e manter o traballo senón como movementos dunha estratexia global na que o futuro na provincia de Lugo lle importa moi pouco.

Agora volven utilizar o estatuto para tratar de agochar a súa incapacidade de xerar actividade no noso país, e de facer algo en materia de industria dentro das competencias que se lle atribúen polo Estatuto de Autonomía.

Antes a acusación era de que o Goberno non ía sacar o estatuto, agora que o estatuto é insuficiente. Señor Castiñeira, sete longos anos de goberno de Rajoy sen seren capaces de legislar, e eses sete anos con remendos e con parches.

Saben de sobra que non depende só do Goberno a aprobación do estatuto, que existen organismos independentes de control, como a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia, que poñen os seus topes para un sistema que considera axudas de Estado, e as limitacións que pon a Comisión Europea por este tipo de axudas; qué fácil é o que fai o Partido Popular!, esperar sete anos e despois criticar.

Nós, sempre que houbo que solicitar ó Goberno Central, e sobre todo con respecto a Alcoa, sempre o fixemos neste Pleno, sempre estivemos ó carón dos traballadores e das traballadoras, e ademáis cremos que debemos estar e que quen goberna ten a responsabilidade, pero xa está ben, parece que temos amnesia; non recordan vostedes o 2012 cando o señor Soria, Ministro de Industria naquel momento, que se comprometeu a aprobar o estatuto?; cómprelle recoñecer que se personou a Xunta de Galicia no xuízo do ERE, pero o Goberno de España tamén fixo moitas cousas, tamén se personou agora no último xuízo, tamén aportou documentación para as medidas cautelares.

Por tanto creo que debemos remar na mesma dirección, e presionemos para que Alcoa venda dunha vez e acabemos co problema que estamos a vivir na comarca da Mariña”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señora Loureiro, creo que se equivocou aquí de debate, estamos a falar do estatuto electointensivo; o estatuto electointensivo prometérono vostedes e prometeron precisamente aprobalo cunhas alegacións, ademáis dixérono aquí.

Mire, todo o que estamos pedindo non é nada novo para a competencia, é que precisamente noutros países si que teñen estas circunstancias, e por iso, e por outras cousas máis, teñen a enerxía



moito máis barata ca en España. Non escoiten ó PP, xa non lle pedimos iso, escoiten ós sindicatos, e escoiten á propoia industria electrointensiva.

Señor Castro, e tamén vale para a argumentación da señora Loureiro, o Partido Popular ata o ano 2012 non houbo problemas coa enerxía, había unha tarifa, a G4, que non poñía ningún tipo de problema, a partires de aí veu a competencia no ano 2012 e obrigou a facer outro sistema diferente e fíxose coas poxas.

Miren, mentres estivo gobernando o Partido Popular non houbo nin un só despedimento, é verdade que había unha incerteza coas poxas pero non houbo nin un só despedimento; cando vén é precisamente agora mesmo con esta situación. O que pedimos é que se cumpra o que piden os traballadores.

Evidentemente que estamos de acordo con vostede en que Alcoa está actuando de mala fe, así o defendimos e o defenderemos, pero este non é o debate, o debate agora é aprobar un estatuto electrointensivo que nos sirva para un futuro, porque vostedes mesmos están intentando que Alcoa lle venda a fabricación de aluminio primario a outras empresas, pero esas empresas vanse atopar precisamente cun mercado enerxético non competitivo, onde van pagar vinte euros máis cós seus competidores por megavatio/hora. Iso é grave porque volvemos trasladar o problema.

Séntense, aproveiten a oportunidade, creo que estamos a tempo, simplemente agora mesmo é necesario, despois de tanto traballo que fixemos aquí de debate político neste Pleno, despois de traer aquí o estatuto electrointensivo, despois de falar da “enerxía solución”, despois do que lle pedían aquí os traballadores, agora que vén o estatuto, que vén mal, e que non convence a ningún senón que simplemente se adopta esa decisión dese estatuto por unha serie de compromisos políticos que ten o Goberno con outras autonomías, iso dende logo non o imos admitir. E creo que o Partido Socialista de Lugo e de Galicia tampouco o debera facer, porque iso vai en contra dos intereses dos nosos veciños”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Castiñeira, eu creo que me expliquei ben, eu dicíalle que cando gobernaba o Partido Popular xa empezaba a haber os problemas e xa se empezaba a cociñar toda esta traxedia que teñen agora os traballadores e traballadoras de Alcoa, e niso, aínda que mo quixo rebater tamén me deu a razón que empezaba a haber incertidume, cadaún pódelle chamar como queira; e gobernar é anticiparse a esas catástrofes laborais cando menos.

Polo tanto creo que non fixen unha visión que non fora realista, e o meu propio Partido leva moitos anos dicindo que íamos chegar a estes extremos, e oxalá nos tiveramos equivocado, pero non nos equivocabamos.

Durante o debate saíron dúas couas, na moción non, estaba ben claro que fala do estatuto das electrointensivas, e aí, como lle dicía, temos visións non iguais pero moi similares o Partido Popular e o BNG hoxe, e cremos que é moi mellorable; é verdade que nós sempre dixemos que ese non era o principal problema de Alcoa e seguímolo dicindo, en Alcoa hai outros factores que influían, e o máis grave é o da empresa que se quere ir sexa coas normas de xogo que sexa, pero isto ten a súa importancia non só para Alcoa senón para toda a industria galega e para tódolos consumidores, porque o tema das peaxes aféctanos a todos.

Polo tanto, como lle dicía, nós presentamos unha emenda, e que estamos con posturas cercanas, e se nola acepta apoiamos a moción, e estamos cerca, e é moi importante, aí si que estamos de acordo; é verdade que o debate de Alcoa é máis complexo, e aí xa empezamos a lanzarnos as culpas tódolos gobernos e non fixeron todo o que tiñan que facer, e de feito este balón de osíxeno que teñen os traballadores e traballadoras non é grazas a ningún goberno de ningunha cor senón grazas á súa loita e ós xuíces, así que aproveitemos os dous gobernos ese balón de osíxeno que deu esa resolución xudicial, pero o reloxo vaise volver esgotar, e Alcoa recurriu esa sentenza, e Alcoa quere irse.

Polo tanto nós si que estamos de acordo que no problema de Alcoa isto podería axudar pero non é o único importante, pero é certo que é un estatuto de electrointensivos que ao BNG non lle serve, cremos que é moi mellorable e que ten que poñer o foco nesas que algúns denominaron como hiper electrointensivas ou ás realmente electrointensivas.



Polo tanto esperamos poder chegar a unha postura común, e poderlles apoiar esta moción”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vou comezar a miña intervención como rematei a anterior, que rememos na mesma dirección, tódolos nosos esforzos e toda a nosa presión fagámola recaer sobre Alcoa para que venda. A mala fe, volvo dicir, desta multinacional que non podemos esquecer xa non só foi recoñecida no seu momento polos sindicatos, polo comité de empresa, e polos traballadores e traballadoras senón tamén polo propio Tribunal Superior de Xustiza.

Deixemos de malmeter co estatuto; o estatuto está aprobado, e se hai que modificar ou calibrar algunhas cousas o documento xa existe, e ademáis hai medidas para a industria de alto consumo e pódense articular máis. Por tanto eu creo que non podemos mesturar os temas agora mesmo pois Alcoa acaba de recurrir ó Tribunal Supremo; a Alcoa non lle vale nada, xa o dicía un dos membros do comité no seu momento ó principio de todo este proceso, que aínda que a enerxía fose regalada a Alcoa non lle valía.

Por tanto deixemos de malmeter e sigamos a mesma dirección de remar todos xuntos e dunha vez resolver este problema que temos na comarca da Mariña e que levamos moitísimo tempo, xunto coa pandemia, sufrindo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Pois teñen agora unha oportunidade estupenda para remar todos a favor, podemos votar a favor de que se complete o estatuto electointensivo precisamente entendendo as alegacións presentadas polos sindicatos, e por Galicia, Asturias, e Cantabria; iso é o que queremos todos, simplemente para asegurar o noso futuro.

É certo que agora o tema de Alcoa está noutras circunstancias, pero tamén é certo que non só o futuro de Alcoa, senón de moitas industrias, depende deste estatuto.

Si que imos aceptar a emenda do Grupo Provincial do BNG, xa se presentou no Parlamento de Galicia e xa se chegou a un acordo nese sentido; nisto entendo que estamos todos na mesma liña, e esperemos que o Goberno retome novamente esta circunstancia; e non estamos pedindo máis có que están facendo noutros países, en Alemania, en Francia, que grazas a estas peticións que nós estamos facendo aquí teñen a enerxía moito máis barata do que a temos en España”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Eu non vou facer coas súas críticas á miña persoa como Presidente ou como goberno da Deputación como fai o Sr. Feijóo que se atreveu a dicir no Parlamento, e isto xa é para nota, “o que critique a xestión da Xunta métese cos galegos”, ahí queda iso!.

Pero mire, vostede aquí en toda a intervención que falou de Alcoa, señor Castiñeira, esqueceu as fotos do Sr. Feijóo antes das eleccións, non volveu despois das eleccións; esqueceu que prometera que se gañaba as eleccións ó día seguinte arranxaba Alcoa, e non sabemos nada diso.

Dicía vostede se eu coñecía ó Sr. Zan, si que o coñezo, estivo aquí, eu fun alí, polo tanto si que o coñezo, a el e a mais, aí hai un comité de empresa do cal ó mellor vostedes queren darlle máis protagonismo a unhas persoas cá outras, pero iso xa é cousa súa non miña. Pero eu cumprin o compromiso cando veu aquí, de remitirille ó Ministerio as alegacións que me entregou, por certo estaban pactadas con vostedes, e non me doeron prendas a mandar as alegacións da Xunta e máis do señor Zan ó Ministerio, mandei as dúas. Por tanto nós cumprimos, non pretenderá que faga eu o estatuto, porque iso xa sería moito.

E claro, está aí o tema da memoria, porque vostede non recorda ó Ministro Soria?, aquel dos papeis de Panamá?, que en 2012 nunha visita que fixo a Alcoa, xunto co actual Alcalde de Cervo, prometeu o estatuto electointensivo, e cando se foron non quedou nin un borrador, digo en papel porque nos equipos informáticos vostedes xa son especialistas en borrar outras cousas.



E logo dime a min que non pinto nada, eu nunca dixen que pintara algo, para pintar xa está vostede, en todo caso agradeceríalle que cando venda os cadros me diga cal é o prezo.

E sobre as visitas, resulta que agora tenme que dicir vostede que teño que visitar ou non!, levo un cacho pensando a ver se vostede me pode levar a axenda e xa arranxamos ese problema sen ningún inconveniente.

Así que don Javier, a verdade é que ten vostede moita habilidade para esgotar o tempo e non dicir nada, e intentar quedar ben”.

Rematado o debate, efectuada a votación, unha vez aceptada a emenda de substitución do Grupo Provincial do BNG, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada, e sendo aceptada a emenda de substitución da parte dispositiva, queda do seguinte xeito:

“O pleno da deputación provincial acorda dirixirse ao goberno central para demandar un novo proceso de diálogo entre os poderes públicos galegos, as organizacións sindicais máis representativas e a Administración central para corrixir as carencias do novo Estatuto de Electointensivas e do marco eléctrico para os grandes consumidores, principalmente:

- a) Elevar a redución das peaxes incluídas ao 100%, incrementar as peaxes incluídas no Estatuto para recoller todas aquelas que non teñan unha relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, e garantir a súa asunción vía orzamentos do Estado para evitar a súa repercusión indirecta nas persoas consumidoras.
- b) Introducir medidas de compensación para os territorios que exportan electricidade, como mínimo a compensación no 100% da peaxe de transporte, asumindo o custe o sistema eléctrico.
- c) Revisar a consideración de industria electointensiva de forma que se recolla adecuadamente o carácter altamente dependente da enerxía do tecido galego, pois o Estatuto aprobado desvirtúa a condición de electointensiva.

- d) Impulsar a transformación da regulación enerxética modificando o sistema diario de poxas “sacando do “pool” as centrais hidráulicas e nucleares).
- e) Incorporar garantías claras de emprego, desenvolvemento industrial e non precarización, pois o Estatuto aprobado mantense na desprotección recollida no RD/2018”.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DE ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN DE 18 DE DECEMBRO DE 2020, RELATIVO Á CONVOCATORIA DA ÚLTIMA SESIÓN DO ANO 2020.

Logo de ver o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de 18 de decembro de 2020, do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, polo que se fixa o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

Tendo en conta que no dito acordo recóllese que a Xunta de Goberno celebrará sesión os venres de cada semana, as once horas. E que: *“de non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil”*.

Así mesmo, no meritado acordo do Pleno de trinta de xullo de 2019, sinalase que: *“Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”*.



A sesión da última Xunta de Goberno ordinaria do presente ano, se convocará para o día vinte e cinco de decembro e, dado que é festivo, pasará ao mércores seguinte, é dicir ao trinta de decembro, as once horas.

E tendo en conta que se están a tramitar expediente nos distintos servizos, que deberán estar aprobados antes do día 31 de decembro por corresponder ó exercicio orzamentario de 2020, e que se remiten á Sección de Actas para a súa resolución. E co obxecto de que se podan incluír na sesión ordinaria da Xunta de Goberno prevista para o día trinta de decembro, tódolos expedientes que estean finalizados nesa data, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que a sesión ordinaria da Xunta de Goberno correspondente ó día vinte e cinco de decembro que, por ser festivo, pasa ó día trinta, mércores, se celebre ás catorce horas do día trinta de decembro de 2020, co obxecto de que se podan incluír na Xunta de Goberno tódolos expedientes que estean finalizados ata a dita hora.

2º.- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- CONTA DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS 2020, POLOS CONCELLOS DE MURAS, TRIACASTELA E RIBADEO.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN ÚNICO 2020, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..*motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente*

motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de datas 27/11/2020 e 04/12/2020 , en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de MURAS, TRIACASTELA e RIBADEO, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2020, do que se achega certificación do amentado acordo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

15.- CONTA DO INFORME SOBRE CONTROL FINANCEIRO CONTA 413 DO EXERCICIO 2019.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe sobre control financeiro conta 413 do exercicio 2019.

16.- CONTA DO INFORME RESUME ANUAL SOBRE O CONTROL FINANCEIRO INTERNO EN RELACIÓN AO EXERCICIO 2019.

Dada conta do informe resume anual sobre o control financeiro interno en relación ao exercicio 2019, o Pleno da Corporación queda enterado.

17.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de novembro de dous mil vinte, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3598 ao 4181. O Pleno da Corporación queda enterado.



18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que, antes do apartado de Rogos e Preguntas vaise someter á consideración do Pleno un asunto de urxencia para ser incluído na Orde do Día, que é unha alegación que presentou un sindicato ó presuposto. E polo tanto, e dado que o prazo rematou despois de ter convocado o pleno, e para non ter que convocar un pleno extraordinario nin esperar a finais de xaneiro, tráese esta proposta de inclusión na Orde do Día por urxencia.

Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2021 e aprobación definitiva.

Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

“O proxecto de Orzamento Xeral 2021 da Excma. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión extraordinaria o pasado 30 de novembro, e exposto ó público segundo anuncio no BOP nº 277, do 2 de decembro, por espazo de 15 días hábiles.

Preséntase alegación en prazo a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, no Rexistro Xeral de entrada, o 24.12.2020 co número 2020RPE021465 de rexistro, por Lourdes Pedrazuela Bea, co DNI número 50703814S, en representación da “Unión Sindica Obrera (USO)”.

Xustifícase a urxencia do tratamento polo Pleno ordinario de decembro do asunto relativo á resolución da única alegación presentada e aprobación definitiva do Orzamento provincial, considerando a importancia do documento orzamentario como soporte económico da acción da Deputación Provincial de Lugo, e correcto funcionamento dos servizos públicos, garantindo o cumprimento do mandato legal previsto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, respecto da entrada en vigor con data de 1 de xaneiro.

Á vista do escrito presentado e do Informe de Intervención, ponse de manifesto a procedencia de desestimar a reclamación presentada no relativo ao teletraballo e a inadmisión do resto dos motivos como reclamación administrativa ao Orzamento Xeral 2021, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º. Desestimar a reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obreira.

2º. Aprobado definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2021, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

3º Dar conta na vindeira sesión das Comisións Informativas ás que lles corresponde o coñecemento deste asunto”.

En primeiro lugar procédese á votación sobre a declaración de urxencia da proposta e a súa inclusión na Orde do Día.

Efectuada a votación da declaración de urxencia, é aprobada por unanimidade, polo tanto queda incluída na Orde do Día.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“No pleno extraordinario do pasado mes aprobamos o proxecto de Orzamento Xeral de 2021; presentouse unha alegación polo sindicato Unión Sindical Obrera (USO), na que plantaxaban que non estaba previsto o crédito suficiente como para garantir o teletraballo, consta un informe de Intervención polo cal se entende desestimar a reclamación.

Este sindicato non ten representación nesta Institución nin na provincia, a súa sede está na Coruña; é certo, polo que me din compañeiros que en concellos, cando menos nos que goberna o



Partido Socialista, se interesaron ou presentaron alegacións, no caso do concello de Trabada interesáronse pero non presentaron alegacións, noutros concellos si que o fixeron, o que nos xera tamén un pouco de desconcerto, non sabemos se estas alegacións veñen da man dalgún Partido Político ou non.

Dito isto, o que imos propoñer aquí é a desestimación para aprobar definitivamente o Orzamento Xeral da Deputación de 2021 tal e como se plantexou inicialmente”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós imos votar a favor de desestimar as alegacións ós orzamentos, o informe técnico tamén é claro, polo tanto o noso voto a favor”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Grupo Provincial do Partido Popular vaise abster; pero dende logo esas sospeitas, señora Mayra, de que o Partido Popular sexa sumiso a algún sindicato eu creo que non se pode dicir, igual vostedes si que o teñen que dicir ou o BNG, pero o Partido Popular dende logo que non. Tamén é certo que respectamos evidentemente tódalas accións, e neste caso se hai unha alegación hai que respectala; ademáis hai un informe técnico que propón desestimalas, e polo tanto o goberno sabe o que ten que facer.

O Partido Popular apenas participou nos Orzamentos porque non lle deron opción, e estas alegacións acabamos de velas agora mesmo porque vén de urxencia, e polo tanto imos absternos”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai tres Rogos presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á Ponte sobre o río Narla.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Dona Pilar, a verdade é que por fin parece que chegamos ó futuro, e por fin imos ver o compromiso do goberno da Deputación coa mobilidade dos que viven no rural.

Presentamos este Rogo para que o equipo de goberno da Deputación proceda a dar unha solución á Ponte sobre o río Narla, ubicada na LU-P-2905, ben sexa mediante a contratación dunha asistencia técnica ben mediante os propios servizos técnicos da Deputación.

Sabemos que o tema das pontes non é de moito agrado nestes Rogos e nestes plenos, o das estradas tampouco; pero é unha estrada que une os concellos de Lugo e Outeiro de Rei, que ten bastante tránsito, e a situación é bastante triste e penosa. Por iso solicitamos que se poda amañar á maior brevidade posible”.

O Sr. Presidente manifesta que queda formulado o Rogo.

Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada LU – P - 3103 “Lindín – (LU 124) – Santa María Maior – LU 124.



Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Parte do firme da estrada provincial LU – P- 3103 “Lindín– Santa María Maior - LU 124-” foi reparado no seu momento pero o estado do tramo que non foi rehabilitado é moi deficiente e mesmo en determinados puntos concretos perigoso para os seus usuarios.

Polo anteriormente exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do goberno provincial se leven a cabo as xestións oportunas para que no primeiro trimestre do ano 2021 se execute a última fase das obras de mellora da estrada LU–P- 3103 “Lindín–Santa María Maior”, completando así a mellora de dita infraestrutura, que ten unha lonxitude total 8,2 Km”.

Terceiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á substitución dos quitamedos ou biondas para a seguridade en caso de accidente dos motoristas.

Intervén para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Os motoristas fixeron oír en toda España ao longo de varios anos a súa reivindicación da substitución dos quitamedos ou biondas máis perigosos para a súa seguridade en caso de accidente. Tanto a Administración central como a autonómica substituíron moitos dos quitamedos perigosos por outros de modelos que resultan moito menos agresivos para os motoristas. A Deputación Provincial de Lugo tamén adquiriu o compromiso de intervir neste sentido nas estradas provinciais. E efectivamente, así se fixo nalgúns casos, pero queda aínda moito traballo por facer neste terreo. Basta con recorrer algunhas estradas dependentes da Deputación para comprobar que é así.

O Grupo Provincial do Partido Popular formula o presente rogo para que a Deputación proceda a substituír paulatinamente, pero sen demora, os quitamedos perigosos por outros dos modelos xa utilizados por outras Administracións e incluso pola propia institución provincial

nalgúns tramos das súas estradas. Igualmente, o grupo popular considera necesario que en todas as obras novas que se leven a cabo nas estradas provinciais se teña en conta a seguridade dos motoristas a efectos do modelo de quitamedos a instalar”.

A continuación intervén o Sr. Presidente para desexarlle ós señores Deputados, así como aos funcionarios e a tódalas persoas asistentes ó Pleno, boas festas, bo aninovo e saúde.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.